

---

# Queique

2009/10

2ª PARTE

voceiro neogaleguista



IES Maruxa Mallo de Ordes.

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

---

# INDICE

			PÁXINA
1ª PARTE	PRESENTACIÓN		4
	ENTREVISTAMOS A	SUSO DE TORO	5
		EMILIO PÉREZ TOURIÑO	21
		XOSÉ RAMÓN GAYOSO	39
		JESÚS VÁZQUEZ	47
		IVAN RAÑA	61
		ALBERTO BOUZAS	69
		ANGEL CARRACEDO	73
		SUSANA SEIVANE	83
2ª PARTE	QUERES SABER QUE É POESÍA?		89
	ÉCHE CONTO LONGO...	KEISHA	93
		COÑECINO NO TEATRO	99
		UNHA FILLA CHAMADA SARA	100
		XAQUÍN	100
		ALÍ ESTABA RAMONCIÑO	101
		QUE RARAS SON!	102
		A VECES PREFERIRIA QUE OS SOÑOS NON EXISTIRAN	102
		UN SECUESTRO PLANEADO	103
		OS 3 DÍAS	105
		O QUE FAN OS SOÑOS NON CUMPLIDOS	107
		QUE PASARÍA CONTIGO, MARCOS?	107
		DICIR A VERDADE NON SEMPRE É BO	108
		VAIA IMAXINACIÓN TEÑEN OS NENOS!	109
		A AULA ENCANTADA	110
		ONDE VAN TODOS	111
		UNHA RECEITA PARA UN DÍA DE PAIXÓN INFERNAL	111
		TRADICIÓN SORPRESA	112
		AMIGOS DE SEMPRE	113
		AMOR, VINGANZA E MORTE	114
		A SOMBRA QUE NOS SIGUE	115
		AMOR DE VERDADE	116
		NON TE NAMORES SE NON QUERES SOFRIR	117
		DANTE	118
		GRACIAS Á CABANA	119
		SECUESTRO OU ABDUCIÓN?	120
		UN NENO MOI ESPECIAL	121

# INDICE

	PÁXINA
	UNHA NOVA VIDA CUNHA PEQUENA SORPRESA 123
	SEMPRE TE AMAREI 128
OS NOSOS DRAMATURGOS	CELESTINA 3000 129
	UN PEQUENO MOMENTO ESPECIAL 131
ENTREVISTAMOS A...	KASTOMÁ 133
	HUGO TORREIRO 135
	JESÚS MANUEL IGLESIAS VILARIÑO 137
	XOSÉ FERNANDO CONDE GIL 138
	CARMEN SEOANE MARTÍNEZ 139
	DANNIEL, voz principal da Orquesta Olympus 140
	RAMIRO RECOUSO LISTE 141
	CARLOS, SARXENTO 143
	XESUSA CASTRO MOAR 144
	SD CLUB ORDENES: tres xeracións 145
	PABLO GUILLERMO SAMARTÍN BIENZOBAS 153
	GONZALO CASTRO 155
	A VIDA DE ROSA NO INSTITUTO 161
	MARIA BODELO VEIRAS 162
	HÉCTOR ANDRÉS INOSTROZA GONZÁLEZ 163
	XOSÉ NEIRA CRUZ 167
3ª PARTE	INTERVIEW BY 174

# QUERES SABER QUÉ É POESÍA?

Os teus fermosos ollos  
 Son un ansiado tesouro  
 Os teus cabelos dourados  
 Son o reflexo do ouro

Cando ti me dás un bico  
 Nace no meu corazón  
 Un sentimento querido  
 Ó que todos lle din AMOR

Os teus fermosos beizos  
 Son fríos como a prata  
 Son lisos como o aceiro

Namorada din que estou  
 Todos os que me queren ben  
 Máis non sei se é amor

Tatiana Palmeiro Ojeros, 3ºB.

## Esa nena...

Esa nena o corazón me roubou  
 e o peito aberto ela me deixou.  
 Eu cría estar dela namorado,  
 e a infidelidade foi o seu regalo.

Pouco tempo estiven con ela paseando  
 e moito tempo nela estiven pensando.  
 Eu quería vela este verano,  
 e ela foise con ese fulano.

Ela deume unha mala noticia,  
 mais eu sei que non foi con malicia;  
 dicíame que a outro neno ela "amaba",  
 unha noticia que non esperaba.

Agora estou desanimado  
 foi unha gran infidelidade,  
 a un rapaz que está namorado  
 que quedou sen felicidade.

Agora estou entristecido,  
 agora son só coñecidos.

Luis Fernando Cruz Ramos 3º C.

## Agora sei que nunca serei coma aquel home

As bágoas tépedas, que lle vexo esvarar pola meixela,  
 transfórmanme nunha mala persoa, e agrádame saber  
 que é desgraciado, o meu mundo dos soños fixo perecer.  
 Chora do mal que fixo, o mal que no interior lle resoa.

Síntome recompensada por aqueles meus berridos  
 ao ver as miñas esperanzas derramadas polo chan.  
 Rompeu o sorriso dun neno, tan só cunha man.  
 Esgazar unha melodía, sentimento de culpa apenas sufrido.

Porén, trago saliva e correndo cara ao mundo real dou a volta.  
 Deixo atrás o recordo daquel home arrepentido chorando,  
 deixo atrás a rabia que aínda me está gobernando.  
 Aló, máis alá dos meus pasos, queda a nenez revolta.

Agora o meu propósito para o resto das mañás será lograr  
 distinguir o sorrir nos ollos daqueles aos que llo roubaron.  
 Atopalo nas persoas que nunca máis polos soños camiñaron.  
 Agora sei, que aquel home xamais me fará de novo espertar.

Nuria Romero, 3º B

## Para sempre

Hoxe sen decatarme se me encheron os ollos de bágoas  
e é que quixen lembrar a túa voz e ti non me falabas,  
quixen acariciarte e te me esvaraches das miñas mans,  
non penso deixar que o tempo te afaste da miña memoria  
aínda que sei que estás ben e Deus te ten na gloria.  
Nai da miña avoa, avoa da miña nai, nai de todos,  
dos que te añoramos e dos que te queremos  
porque a vida abre feridas, feridas que nunca curan  
que nos van facendo fortes pero por sempre perduran,  
esta é a miña homenaxe SEMPRE TE LEMBRAREMOS.

Roberto Boga

## Chora Galiza

Eucaliptos por carballos,  
castelán polo galego,  
a miña terra está triste  
e é que o pobo está cego.  
A riqueza de Galiza,  
non deixes que a esquezan  
eses parvos e ignorantes  
destrutores de beleza.  
Xente de grandes petos,  
pensade nos que loitaron,  
e en tantos que morreron  
dicindo, somos galegos.  
Galegos, así nos sentimos,  
amantes da nosa terra,  
defensores dos teus soños,  
érguete GALIZA e berra.

Roberto Boga

## PEDRA DO MONTE

ATOPEIME CUNHA PEDRA POLO CAMIÑO,  
CATRO FOLLAS POLO VENTO,  
QUEN ME ÍA DICIR QUE ERA DO MUÍÑO.

CATRO PEDRAS E UN CANTAR  
MIUDIÑO, MIUDIÑO,  
QUEN AS A DE PARAR.

MOITAS PEDRAS  
HANTE DE ESFOLAR  
MAIS NINGUNHA TE HA DE AVIVAR.

PEDRA, PEDRIÑA, PEDRA  
CANTO TE HEI DE ESTRAÑAR  
POIS VOU POLOS CAMIÑOS  
PENSANDO EN TE LEVAR.

CHORA NENA, CHORA NENA,  
QUE EU TE HEI DE ACURRUCAR,  
UNHA PEDRA MAZOUCHE A PERNA,  
EU HEICHA DE CURAR.

NA CASIÑA ENCERRADA,  
CON CATRO BOIS E UNHA VACA  
CAVILANDO, CAVILANDO.  
PEDRA GRANDE COMO UNHA ALPACA.

POBRIÑA, POBRIÑA,  
QUEN TE HA DE CONSOLAR,  
AGORA MORREUCHE O HOME  
CON QUEN TE HAS DE FREGHAR.

SEI BEN, SEI BEN  
QUE OS GALEGOS SÓMOSCHE ASÍ  
POIS EU DESPÍDOME DE TI  
TRAÉNDOCHE UNHA PEDRA MARROQUÍ  
IRIA JUNCAL, 3ºD.

Premiado polo Concello de Ordes

curso 2008-9

## CAVILANDO

Acubillo sentimentos  
imposibles de arredar  
odio, amor, resentimento  
sen saber cal escoitar.  
O ronsel dunha lembranza  
infinito morador  
desta única arelanza  
que me acende o corazón.  
Lembranza da rapariga  
por un mozo engaiolada,  
arelanza de que siga  
xa por sempre namorada.  
No recordo destas verbas  
Decontado me decato  
de que o amor é para sempre  
o rancor só é pasado.

Psula Martíne< Diaz

Premiado polo Concello de Ordes

curso 2009-10

## AQUEL COMPÁS

Apóíome no teu peito  
agardando escoitar  
coas estrelas como teito  
un antigo latexar.  
Esa cantiga fermosa  
ao ritmo daquel compás,  
unha peza agarimosa  
que non sentira xamais.  
Agora ese pentagrama  
de notas tan silandeiras  
parece non dicir nada.  
Mais eu podo adiviñar  
ese fulgurante amor  
no fondo do teu mirar.

Psula Martíne< Diaz

Poema premiado polo Concello de Ordes

curso 2006-2007

## LOITO

Galiza segues de negro, loito nos montes, no mar.  
Bágoas medran na túa terra no solpor e na alborada,  
bágoas de amarga tristura imposibles de arredar.  
Ronsel do lume asasino da nosa Galiza amada.  
Nós coa esperanza entristecida choramos contigo, terra  
e lembramos pesarosos das túas fragas o verdor.  
Afogadas baixo as cinzas as árbores xa non medran,  
non acubillan paxaros, non agasallan frescor.  
Bágoas de impotencia esvaran polas túas grises meixelas.  
O mar tolo de carraxe bate nas praias galegas,  
quere lavarse das bágoas, bágoas mouras en trebón.

Paula Martínez Diaz

Premiado polo Concello de Ordes

Curso 2005-6

### GALIZA MEIGA

Viches a sombra na lúa  
que se move entre as estrelas?  
sabes ben que falo delas,  
das meigas a noite é súa.  
Baixan para a terra núa,  
van pola antiga Galiza  
a San Andrés, sen preguiza,  
en pos da Compañía Santa,  
que en longa ringleira canta  
e deixa un rego de cinza.

Psula Martíne< Diaz

Premiado polo Concello de Ordes

curso 2007-8

### NOSA TERRA

Acordei baixo un carballo  
e fitei ao meu redor,  
verdes fragas, ceo nubrado,  
achegándose o solpor.  
Choiva forte e treboada,  
néboa mesta albariña,  
sempre única alborada,  
logo chega, chega axiña.  
Canda o Sol e canda a Lúa,  
noite, día ou á tardiña,  
preto, lonxe ou nesta rúa.  
Esta terra de morriña  
de lembranzas do pasado,  
verde terra túa e miña.

Psula Martíne< Diaz



## KEÍSHA

Nuria Romero Vidal, 3º B

Os netos de Keísha sabían que tiñan unha avoa moi especial. Adoitábanllo dicir a miúdo aínda que esta respondía que todos os velliños son así, todos teñen no seu poder o segredo da vida, o poder da experiencia que soamente se consegue cando es un avó. Si, Keísha era especial, como todos os avós.

Na súa vida coñecera dous mundos. O primeiro, estaba cheo de sufrimento que intentaba borrar da súa memoria, un mundo no que fora vendida como escrava, un mundo no que a convenceran de que as persoas brancas eran a causa de todos os males do seu pobo, un mundo do que a salvou un home branco, o mesmo que lle ensinara o poder do amor, o mesmo co que formara unha familia e que morrera había uns anos. Lembraba a primeira vez que vira a Berto. Asustárase del e tentara marchar correndo, mais en cuestión de segundos demostroulle que nel se podía confiar.

Perseguíana dende había uns días, lograra escapar daquela casa da que non gardaba ningún recordo agradable. Era a terceira vez que o intentaba e se lograban collela, xa non volvería espertar ao día seguinte. Por sorte Berto estaba alí agochado, pretendía demostrar que todas aquelas nenas que os pais vendían coa esperanza de que terían unha vida mellor, remataban en casas de vellos verdes. Colleuna polo brazo e logrou tirala ao chan. Se non fora por isto, Keísha nunca chegaría a saber que hai persoas brancas e negras boas e que a maldade das persoas non se define pola raza á que pertencen. Estaba sucio, cheo de cortes por todos lados e minutos despois de salvala comezou a chorar.

-Por que choras?

-Estou contento, estás viva, non estás ti tamén contenta?

Nese momento foi cando Keísha se decatou de que tiña unha vida, de que escapara porque non quería a que alí lle obrigaban a ter, porque moi no seu fondo recordaba que antes de ser vendida, nun pasado que a ela lle parecía moi distante, soñara cunha vida, unha distinta á que nalgún instante se resignara a ter. Afortunadamente intentou escapar pero de novo viu como o seu destino volvía ser o mesmo mentres a castigaban por marchar. Non se rendera e fora nese mesmo momento no que caeu na conta de que o lograra, de que alguén estaba chorando porque lle axudara a conseguir a

liberdade.

Pasaron moitos días viaxando xuntos, sen dirixirse a ningún lugar especial, simplemente eran libres e Berto tiña unha proba, unha proba que lle axudaría a pechar unha das casas de prostitución na que habitaban os máis importantes traficantes de nenas. E así pasaron os días, nos que, coa axuda dos compañeiros de Berto, lograran rematar con moitas das inxustizas do mundo. Keísha non estaba disposta a separarse del xamais e este non pensaba separarse dela tampouco.

Foron dous anos os que permaneceron en África, porén chegou un momento no que marcharon a Europa, ao lugar do que proviña Berto e onde Keísha coñeceu un novo mundo, cheo de erros tamén, por suposto, pero disimulados e agochados, polo que semellaba un mundo máis feliz, un lugar onde as inxustizas de verdade eran menos, onde a xente pensaba que todo o malo se atopaba lonxe, moi lonxe... Pero era reconfortante coñecer outros lugares nos que non se vían, a simple vista, intercambios de nenos por diñeiro. Esta vida, soamente a coñecían Berto e ela, era o seu segredo e non valía a pena contarlle a ninguén unha pequena historia de amor da que habería millóns e millóns no mundo, polo que nin a súa propia filla sabía nada do pasado dos avós dos seus fillos.

Respecto a despois da súa axitada xuventude non houbo nada fóra do habitual, quedaron no lugar que lles gustou nun determinado momento e formaron unha familia normal e corrente cunha filla coa cor de pel café. Nora tivera unha infancia alegre. Fora unha nena divertida e creativa con moitos amigos, para pasar logo a ser una moreniña adolescente estudiosa e responsable que marchou á universidade, conseguiu un bo traballo, coñeceu a súa media laranxa nunha viaxe e tivo tres fillos divertidos que lle ocupaban a cabeza gran parte do día. Para que pedir máis, non quería outra cousa, imaxináralo así de nena e así fora.

Dende que morrera seu pai, os nenos sempre adoitaban pasar as tardes coa súa avoa, que a miúdo deixaba de ser avoa para pasar a ser unha nena máis. Xogaban sempre no inmenso xardín, toda a tarde. Sen decatarse, pasaban horas e horas imaxinando que era outro lugar e eles, outras persoas, pero todo isto desaparecía cando mamá chegaba e a avoa marchaba a coidar das súas árbores. Ás veces, cando Nora e o seu home perfecto saían a cear e ela quedaba cos nenos, deitábaos cedo, despois de lerlles un conto, para darse un relaxante baño naquela gran bañeira que ninguén utilizaba. Afundía a cabeza debaixo da auga



e intentaba lembrar o imposible, o período no que se atopara no ventre da súa nai. Keísha non recordaba case nada dela. Imaxinaba as súas mans escuras facéndolle pulseiriñas ou, con tenrura, trenziñas no pelo.

Cando Nora volvía a casa, sabía que a súa nai se dera un bo baño, porque sempre que o facía, mostrábase pensativa e coa mirada perdida. Nora descoñecía o motivo. En realidade descoñecía a metade da vida da súa nai, nunca lle importara pero comezaba a sentir



curiosidade. Botaba en falta unha conversa na que poder recordar ao seu pai, na que Keísha lle contara como se coñeceran, onde... Algunhas pequenas anécdotas agradables... Nora sabía que a súa nai tiña un gran baleiro por dentro, perdera a Berto, xa eran moi vellos os dous pero semellaban unha parella de namorados novos. Daba a impresión de que o seu pai non se cansaba de ensinalle todo o que el sabía. Keísha absorbía todos aqueles tesouros que saían da súa boca e gardábaos na memoria.

Eses últimos meses intentaba recordar a súa nenez, que co paso dos anos fora esquecendo. Todo o que vía con nitidez xa o vivira xunto de Berto e non chegaba a comprender como cada día a sorprendía cun coñecemento novo que saía inesperadamente en calquera lugar. Pero lembrar resultáballe moi difícil e con frecuencia tiña pesadelos con aquela casa, pero a sensación de non ser querida por ninguén e o rostro do seu pai ao vendela era o que máis dor lle producía. A conversa repetíase naquelas escuras noites.

-Prométame que lle ensinará a ler e a escribir e que non vai pasar fame.

-Para iso estamos, a súa filla terá un futuro brillante, vaille encantar a súa nova vida é unha casa enorme onde un mestre lle ensinará a ler e a escribir.

Ela recoñecera a tristeza no seu pai pero intuíalle tamén certa esperanza nos ollos e isto fora o que máis dor lle producira, xa que, ao coñecer realmente o futuro que lle prometeran, Keísha decatárase de que non era ninguén, de que o bonito brillo dos ollos que lle vira por última vez

ao seu pai non era real. El pensaba que lle proporcionara á súa filla un bo destino e tratábase de todo o contrario. Así mesmo, os cartos que lle dera o vendedor só durarían un par de semanas e, polo tanto, separala da súa familia para sempre non valera de nada. Non sairían da pobreza e vivirían na ignorancia pensando que a súa filla sería moito máis feliz.


Nora nunca se preguntara o porqué de que os seus pais nunca lle contaran a súa historia e de certo nunca lle importara, pero despois da morte de Berto, comezara a preguntarse como sería a súa vida pasada. Xa que o que si sabía era que cando ela nacera comezaran de novo deixándoo todo atrás. E máis aínda, observando como a súa nai a miúdo abandonaba o presente para somerxerse nos recordos.

Amelia, a neta de maior idade, tiña xa dezaseis anos e aínda que algunhas veces seguía deixándose enredar para xogar nunhas desas tardes no xardín, perdera o interese por imaxinar mundos estraños cos seus irmáns e a avoa dende había xa bastante tempo. A Keísha non lle gustaba isto, de feito non lle gustaban os adolescentes. Pensaba que tiñan demasiada prisa por medrar, que nunca se paraban a observar. Simplemente estaba resentida cos mozos daquel tempo e afirmaba que non se interesaban por cousas de real importancia. Por este motivo, afastárase durante os dous últimos anos da avoa, provocando unha maior tristeza nela xa que a súa maldita adolescencia coincidira coa morte do seu marido. Nunha das moitas conversacións que mantiñan nas tardes do sábado, chamoulle a atención polo mal falada que se estaba a volver.

-Amelia non me gusta que contestes mal á túa nai.

-Avoa non empeces, eh, que para unha tarde que estamos xuntas non me quero enfadar.

-Se te enfadas xa sabes, tes dous traballos.



-Avoa...

-Que? Vasme dicir que non tes ningún remordemento por falarlle dese modo á túa nai? E ademais, se non estamos xuntas é porque xa nin pisas a casa, non sei como o teu pai cho permite.

-O meu pai está sempre moi ocupado

e, avoa, xa non son unha nena, as historias, coas que te divirtes enganando aos meus irmáns, xa non funcionan comigo.

-Sinto dicircho, de verdade, pero estaste a volver unha maleducada e xa sabes que eu non falo con xente así e esas historias das que falas, cando eras pequena e pensabas en algo máis que en andar por aí de bares, adoitabas dicirme que algún día te dedicarías a escribilas para non esqueceras nunca e transportarte alí sempre que quixeras... Pero claro cando eras nena... Maldita adolescencia... Sempre cambiando ás persoas.

-Avoa non todos os adolescentes son así, non eras ti a que dicías sempre que persoas malas e boas hainas en tódolos sitios? Pois aplícate o conto e non sei por que me soltas agora iso, sabes de sobra que non penso ser escritora, por moito que o avó me dixera que valía... O avó morreu e xa non teño que prometerlle cousas que non me apetecen.

Keísha levantouse do pequeno sofá do soportal da entrada. Pensou que a mellor maneira de que se decatase do mal que lle acababa de facer era deixala soa para que, por unha vez, recoñecera que se equivocara. Baixou os tres pequenos chanzos e dirixiuse ao seu pequeno recanto onde a última luz do sol se depositaba soa. Un currunchito no que, igual que na bañeira, lle gustaba intentar volver ao pasado. Pero ese día non puido, non paraban de repetirse as palabras da súa neta na cabeza. Definitivamente os adolescentes eran idiotas.

Dende había dúas semanas que a súa filla non lle pedira a súa axuda por mor dun importante compromiso co seu marido pero como era de esperar, o sábado pola mañá soou o teléfono. Tería que coidar aos seus divertidos netos e iso non lle desagradaba en absoluto. O que non lle apetecía era ter que esperar a Amelia esperta ata a madrugada e que ela lle contestara de mal xeito nada máis entrar pola porta. Coma sempre pasou un agradable anaco xogando e inventando novos contos, cociñou unha divertida cea e puxo un disco calquera da súa excelente colección de música de todos os tipos a tope de volume e bailaron e cantaron en cada habitación da casa.

Coma sempre, xa na soidade, acendeu o televisor esperando ata as tres da madrugada, o momento no que vía a súa neta entrar e marchar directamente para o seu cuarto sen nin sequera darlle as boas noites. Pero aquela noite non. Xa non aturaba máis ver como a súa neta a

odiaba sen ningún motivo. Ela non a educara dese xeito e esperaba moito máis de Amelia. Vale, ao mellor debería aceptar que atravesaba a maldita etapa esa pero estaba a chegar a un grao de prepotencia e mala educación que xa ninguén na casa soportaba.

-Amelia senta aquí comigo un anaco, temos que falar.

-Avoa non teño ganas de discutir a estas horas da noite, vou durmir.

-Teño unha historia que contarche. Tranquila non é unha desas paranoias como as chamas ti.

Amelia sentou, non lle parecía a mesma avoa de sempre e iso provocoulle certa preocupación. E así foi. Así foi como Keísha lle contou toda a súa historia e a do seu avó, claro que sen dar a entender que ela mesma vivira o que estaba a contar. Por primeira vez revelara o seu segredo. Prometérao mais chegou ese momento en que se viu obrigada a contala. E non o fixo por nada. Amelia comezou a decatarse do mal falada que se volvera, deixou de saír



tanto, aplicouse nos estudos, valoraba o que tiña e, pouco a pouco, a relación volveu ser a mesma. Feito isto, debía tomar unha decisión. A súa vida xa non se atopaba aquí. Pensárao durante tres anos seis meses e dezasete días. Pensárao mentres estaba coidando dos seus netos, pensárao na bañeira, no seu recuncho, cando miraba unha reportaxe, ao ver unha nena con trenciñas no pelo, cando había

noites despexadas e observaba a súa inmensidade manchada de estrelas. Non podía quedar alí. Tivera unha vida feliz. A mellor que lle correspondía pero non era dabondo. Debía regresar e vivir como a persoa que era realmente. Tivera unha historia de amor, creara unha familia e agora a súa filla outra á que debía manter.

Estaba soa, nunca se sentira así en toda a vida a pesar dos momentos máis difíciles pero isto era completamente diferente. Non quería tragar e facer como os demais. Non quería nin apuntarse a cursos de xardinería nin de pintura, non tiña interese de formar parte dun grupo de lectura e facer moitas amigas coas que tomar cada venres café. Ela quería regresar, ansiaba coñecer o tipo de vida que lle arrebataran. Unha viaxe, iso era o único que lle faltaba, a derradeira viaxe.

-Avoa, hoxe que soñaches?

-Un soño.

-Xa, avoa, xa, pero cóntanolo como fas sempre.

-E Amelia?

-Non está. Había moitos días que non saía e hoxe marchou dicindo que volvía pola noite.

-Entón non me apetece contalo.

-Avoa! Hai moito tempo que Amelia non quere escoitar os teus soños así que, veña, cóntanolo, anda.



- Está ben. Hoxe soñei un soño. Como en todos os soños, espertei, como en todos os soños, non vin de primeiras onde estaba pero de seguida me decatetei.

Atopábame na man dunha nena que corría polo lume pero a nena non berraba nin choraba. Ría ás gargalladas e corría saltando. Eu era pequena e estaba na súa man, ela corría como nunca vin a ninguén correr pero eu non caía, ela tiña coidado de suxeitarme ben. Berráballe pero ela non me facía caso ningún: Nena! A onde imos tan á présa, non te queimas?

-Cala e ri que non hai case tempo!

De súpeto a nena xa non corría polo lume, senón pola terra e entón caía na conta. A nena corría ao carón do sol que marchaba.

-Por que corrías tanto?

-A lúa ten que saír e o sol é moi preguiceiro, cando lle toca marchar comeza baixando moi a modiño e, ao final, hai que apuralo para que marche a tempo. Todos os días teño que amosarlle como se fai porque esquece e haino que axudar.

-E agora a onde imos?

-Imos ver as estrelas con todos os demais.

-Quen son os demais?

-Os demais nenos, cala e ri!

E foi o meu soño así, rapaces.

-Claro, avoa, por iso cando o Sol está marchando tes que

miralo continuamente porque se non lle prestas atención, en canto te decatase xa non está, nunca che pasou?

-Si, xa es todo un experto en interpretar as miñas historias.

Cando Keísha volvía para a súa pequena casa, sucedeu. Non o dubidou nin un momento. Comezou a correr tan rápido coma as súas pernas llo permitían, tan rápido como había anos que non o facía. E comezou a rir, a rir de verdade, a saltar a dar voltas e chegou ao seu xardín. O amargado do seu veciño berrou "Toleaches?" E non parou de rir, de feito riuse aínda máis e tirouse na terra onde aínda non medrara o céspede, onde pouquiño a pouco parou de rir. Levantouse, foi quitando a roupa polo corredor, chegou ao baño, encheu a bañeira e meteuse. Recordou, afundiuse no máis profundo das súas lembranzas, deixou que o tempo pasara. Estaba soa, ninguén a esperaba e a amargura volveu facer acto de presenza.

Os días pasaban, esmorecían aborrecidos coma o vento que arrastra consigo a area da praia. Era unha vella destinada a pasar o resto dos seus días martirizándose cos recordos. Chegara o momento de esquecelos, tanto se eran os mellores coma se eran os peores. Porque fora unha vella non tiña que ficar na casa parada, non tiña que resignarse a pensar que axiña lle chegaría a hora. Foi nunha desas moitas veces nas que se adoitaba somerxer na bañeira cando tomou unha decisión. Volvería. Volvería á súa terra, a aquela na que non tivera o privilexio de pasar a súa nenez. E lograría deste xeito rematar por construír unha vida porque, claro está, non podía marchar para sempre sen chegar a comprobar como puidera ser aquel período de tempo que lle roubaran. A partir daquel día mostrouse distante, non había ningunha persoa que non se decatase disto pero ela afirmaba que non lle ocorría nada fóra do común. A razón do seu comportamento debíase ás numerosas horas que pasaba na biblioteca intentando planear unha boa viaxe para retornar. Nin sequera sabía do nome da súa vila e estivo meses e meses lendo e buscando na Internet.

Os netos de Keísha sabían que era unha avoa especial e por iso non se sorprenderon cando a súa nai lles deu a noticia de que marchara. Ninguén sabía a onde e tampouco se quixera despedir dos seus netos pois queríaos demasiado como para ter que dicirlles adeus. Nora tampouco sabía se algunha vez volvería pero no seu interior sentía que xamais tornaría a ver á súa querida nai. Por suposto que non se esqueceron dela aínda co paso do tempo e menos Amelia que se obsesionara un pouco co tema. Pasara os últimos anos discutindo coa súa avoa e, agora que se decatara do seu erro e decidira pasar máis tempo con ela, marchara. Dalgún xeito estaba atenzada polo rancor, abandonáara sen darlle ningún tipo de explicación e ela era a súa neta. Como lle podía facer iso

xusto no momento en que máis necesitaba do querer da súa avoa? Pero cando se poñía a pensar nela, naqueles momentos de angustia nos que sentaba no seu lugar preferido do xardín, cadráronlle todas as pezas. Non os abandonara sen máis. Agora coñecía perfectamente o acontecido. A mesma historia que lle contara non era unha calquera, era a súa propia. Nese intre esbozou un sorriso ao imaxinala cos pés descalzos sobre a terra que estivera esperando pisar máis da metade da súa vida.


No aeroporto, observando a toda aquela variedade de persoas, aquel pequeno mundo agardando por un avión que os levaría a continuar co seu conto, miraba a toda aquela mocidade e imaxinaba por que estaban alí, que clase de compromiso terían, a quen irían ver, o porqué daquelas pintas estrañas. Así mesmo intrigábase ver velliños coma ela e tamén se preguntou se queredían recuperar a súa nenez perdida. Decidiu que con calquera que se lle sentara ao seu carón ou calquera que lle fixera un xesto amable tería unha pequena conversa coa que podería imaxinar as súas vidas a partir dunhas poucas frases. Toda a viaxe ata a súa vila foi así. Non tivo ningún problema para comunicarse coa xente pois lembrábase perfectamente do francés.

A primeira vez que viu ao seu irmán, pareceulle feo e con engurras. Non se parecía a aquel neno co que xogara tantas veces, pero instintivamente o abrazou e el devolveulle a aperta de maneira moi sentida. E os días pasaron mentres ela recuperaba o tempo perdido, mentres conversaba co único irmán que lle quedaba e co resto do pobo do que en certo modo ela formaba parte. E cando miraba as postas de sol, xa non era desde o xardín, nin tampouco un soño, non era nin sequera unha borrosa lembranza. E cando lle facía trenciñas ás nenas do lugar, semellaba que estaba a sufrir un "dèjà vu". Botaba a faltar aos seus netos e á súa filla pero tiña a certeza de que se atopaban ben e de que Amelia xa descubrira o porqué da súa repentina desaparición.

*Dado que a situación non cambiara moito desde que ela era pequena e seguía a comerciarse con nenos, fixo todo o posible para que mudase. Grazas a ela, un pobo máis descubriu a horrible realidade do que supoñía vender os fillos co fin de proporcionarlles unha mellor saída. Ata tivo que impedir a venda de varios fillos dos fillos do seu irmán. Keisha resultara ser a salvadora de moitos sen querer nada a cambio e iso convertíaa nunha avoa tan especial e nunha velliña á que se lle notaba a bondade nos ollos.*

*Comezaba a atoparse enferma e o corpo xa non lle daba para moito máis pero non co fin de revivir a etapa máis dura da súa vida e mais co de superala definitivamente, viaxou ata aquela casa da que Berto a rescatara. Foi triste e desagradable pero alí xa non había nada do que a ela lle fixera tanto mal agás unha pequena escola na que os*

*nenos aprendían e corrían polo patio lanzando berros ao aire. Contemplar iso foi unha das mellores sensacións que nunca tivera. Recompensoulle saber que o que ela nun principio pensara que era unha escola, rematara por converterse niso e que o seu sufrimento alí valera para algo, posto que se non conseguira escapar daquel negocio de prostitución, nunca tería sido denunciado.*



*-Todo nesta vida ten algún sentido e as decisións que tomamos forxan un destino -dixera en incontables ocasións o seu home.*

*E agora encontráballe un sentido a todo. Estaba lista, xa non sufría por nada. Conseguiu quedar tranquila e déralle resposta aos seus conflitos internos. Volvera para seguir cos nenos e conversar co seu irmán, que dun simple recordo pasara a ser a persoa máis importante. Non pasou nin un só día sen dedicarlle un sorriso a todos e a derradeira cousa que lle quedaba por facer era enviar unha carta á súa neta Amelia. Unha carta na que lle rogaría que se lembrase das súas historias soñadas e que llas seguise contando aos seus irmáns, fillos, netos... Na que lle pedía que algún que outro día recordara a súa avoa.*

*Pasou moito tempo ata que Amelia puido ler a carta, por cousas do destino extraviárase e puidera tela nas súas mans cando xa andara un bo camiño e cando xa pasaran moitos anos dende que a vira por derradeira vez. Era unha muller traballadora con tres fillos, que se decantara por escribir novelas. Cando lera a carta, non puido máis que rir posto que Keisha soamente lle pedira que mantivera os seus contos vivos e, sen cumprir con ningún tipo de petición por parte dela, fixérao. É máis, cada libro dos que publicaba baseábase nun dos seus soños. Agora sentíase a muller máis feliz do mundo. Ela fora quen de, inconscientemente, cumprir o último desexo da súa querida avoa.*

Aqueles contos que na maldita adolescencia non soportaba, convertéranse no seu traballo e ás persoas encantábanlles aqueles libros surrealistas que, con cada publicación aparecían en todas as partes, nos bancos entre as mans dos anciáns, nas terrazas dos bares, en escaparates de librerías... O que empezara como unha maneira de manter preto a Keísha convertérase no que realmente ela quería, que perdurara no tempo a súa parte máis representativa: a imaxinación.

Cando sentiu que xa non había máis tempo, saíu da pequena choza. Era dunha desas noites estreladas que che fan pensar na inmensidade do universo. Tombouse no chan e entre as súas mans apresou dúas pequenas moreas de terra. Cavilou en que as persoas non eran máis que iso, moreas de terra que se van agrandando co paso dos anos, formadas por cada unha das persoas que algunha vez provocaron un sentimento en nós.

Quizais todas as estrelas do ceo non son máis que persoas que foron desaparecendo deste peculiar mundo e móstranse nas noites despexadas para demostrarnos que aínda seguen presentes dalgún xeito. Keísha nunca fora relixiosa, pero precisaba crer nalgunha forma de enerxía oculta que conservara a alma da xente, senón, de que valía agardar por aquel instante no que se xuntaría con Berto e cos seu país aos que xa non podía lembrar con claridade? Non tiña sentido crer que só marcharía, que non iría a ningunha parte.

Crebáronselle os ósos das costas. Pero xa non era necesario lamentarse da vellez porque axiña remataría, axiña volvería ser unha nena que corría por medo a que o sol se escapase por detrás do horizonte. Podería rir tan alto como lle permitisen os pulmóns, iniciaría o comezo da fin. Non lle apetecía pensar en todo o vivido como ocorría nas películas, quería durmir e soñar a súa derradeira historia. Alí tirada no chan, rebozándose na terra, pechou os ollos e comezou unha nova invención única e exclusivamente dela.



Atopábase xusto no lugar no que estaba antes de pechar os ollos pero era de día e non moraba no ceo un Sol abrasador coma de costume, senón que había un día gris cheo de nubes dispostas a derramar sobre ela todo o que gardaban no seu interior. Ergueuse do chan e dispúxose a entrar na choza de novo, porén non estaba. Non había nada que indicara que alí existira unha poboación. Mirou cara arriba e unha pinga caeulle no nariz. De seguido comezaron a caer moitas máis e de maior intensidade. De súpeto sentiu un tacto diferente nos seus pés. Xa non era terra o que estaba a pisar, era unha verde herba que

medraba ao seu redor e se ía estendendo por todo o árido terreo. Unha vella árbore sen follas tornábase nova e abría a súa copa sen esforzo, todo estaba cheo de vida e repoboábase de numerosas plantas. A auga esvaráballe pola cara con forza e de maneira continua e ela non facía máis que correr e tirarse a rolos berrando. Todos os nenos do lugar apareceron da nada uníndose e abrindo a boca, esperando a que as bágoas do ceo mollaran os seus beizos. As nubes foron marchando e unha luz tenue aloumiñábaos coándose entre as pólas daquela árbore agora maxestosa.

Keísha ficaba queda mirando cara a ningunha parte e entón divisou entre os demais rapaces aos seus queridos netos que xogaban soltando gargalladas, Amelia volvía ser unha nena e corría cara á súa avoa. Un ruído que non cadra foise apoderando de todo. Primeiro case nin se escoitaba pero logo fíxose moito máis intenso, recordaba o son dunha ferverza. Foi entón cando espertou. Todo era como debía ser. Seguía a haber unha noite estrelada que lle facía reflexionar sobre o insignificantes que eran as persoas, aínda estaba tombada e con dúas moreas de terra apresadas entre as mans e tiña un certo medo. Xa era demasiado tarde. Berto estaría se impacientando e non era bo chegar con retraso así que dirixiu un derradeiro sorriso ao mundo e dispúxose a abandonalo. Abriu as mans, lanzou a terra e mentres esta caía sobre o seu corpo pasaron pola súa mente cada unha das cousas e persoas que lle evocaran unha sensación agradable.

Parecíalle que estaba a quedar sen respiración, notaba coma estaba a tragar un líquido quente, o mesmo que lle penetraba polas fosas nasais, escoitaba o son dunha ferverza e, sen poder aturalo máis, levantou a cabeza. Botara moito tempo somerxida sen decatarse, intentando lembrar o imposible, o período en que se atopara dentro do ventre da súa nai.

Pechou a billa que producía un son que sempre lle recordaba ao mesmo e máis cando metía a cabeza na auga. Esperou uns instantes antes de saír. Estar tanto tempo sen respirar provocáalle un lixeiro mareo. Acordoulle que debía facer a cea e que tiña que chamar á súa filla para dicirlle que esquecera o abrigo pola tarde na súa casa. Procurou a toalla e mirou pola ventá do baño. Keísha sabía con precisión todo o que viría despois daquel momento ata a fin dos seu días. Do mesmo xeito tiña no seu poder o segredo do seu derradeiro soño, do mesmo xeito posuía ben gardado o seu derradeiro sorriso destinado ao mundo.

## Coñecino no teatro.

Por Alba Soneira.

Coñecino no teatro. Antón era a primeira vez que vía unha obra e recordo, coma se fose onte, a súa cara despois daquela función. Tiña os ollos abertos coma pratos, unha cor rosada nas fazulas e en cada paso que daba aquela estraña aura que o rodeaba impedía que tocasse o chan. Estaba flotando. Un brillo especial apoderábase dos seus ollos ámbar. Todo lle cheiraba a mar e a herba acabada de segar.

Antón lía o futuro nas pingas de choiva e nas figuras das nubes. Gustáballe aquela estraña sensación de frío e calor que sentía no inverno á beira da lareira e para el, o máis arrepiante do mundo, eran aqueles bicos na comisura da boca que só unha persoa aprendera a darlle. Púñanlle a pel de galiña, case tanto como cando se concentraba e escoitaba como o vento murmuraba no outono as bágoas dos nubeiros.

Estudara para médico pero sabía de todas as cousas. Contaba unhas historias xeniais con aquela voz penetrante que puña ao redor do lume. Historias que recordaba da súa nenez. As que lle contaban os veciños cando esperaban poder ver reflectidos os seus rostros nos zapatos. Daquela Antón era limpabotas por dous pesos. Estudara e aprender gustáballe máis que a choiva correndo pola súa cara, máis que o mar pelexando contra as rochas, ata máis que as fotos en branco e negro pero nada lle gustaba máis que a selva.

Vivir na selva é a aventura máis soñada nas mentes da xente que vive en rañaceos rodeados de centros comerciais xigantes e luces que non deixan ver as estrelas. Xente que non duraría nin dous minutos na selva sen queixarse da humidade ou dos insectos. Pensou durante días enteiros no difícil que sería e canto lle gustaría cumprir o seu soño, no que tería que abandonar pero tamén na recompensa que recibiría ao chegar a aquelas terras afastadas. E marchou á desexada selva.

A primeira carta que recibín del puña coa súa peculiar mala letra un "Querida Aurelia" cheo de morriña. Falábame dunha inmensa mancha verde chea de vida que podía ver a través da fiestra do seu cuarto e das ganas que tiña de atravesar aquelas terras tan misteriosas e máxicas. A segunda carta de Antón foi tamén a última. Eu tiña o presentimento de que nunca máis nos volveríamos ver. E caín na conta do que realmente me importaba aquel rapaz do pobo que se sentía un forasteiro na cidade e marchou á selva.

Dicíame que se internaría na máis profunda selva e que alí lle ensinarían todo o que non se pode aprender nas facultades. Eu sabía que aquela vida era demasiado perigosa, que estaba arriscando demasiado pero era o seu soño e quería cumprilo por riba de todo. Deixei de recibir

aquelas cartas que facían que o corazón me latexara tan forte que me rebentaba o peito.

As paredes do meu cuarto estaban pintadas de branco e manchadas da humidade que aínda calaba os ósos en maio. Nunha noite fría e estraña escoitei algo. Era un berro. Non era de medo, nin de pedir auxilio, nin sequera se parecía a eses berros interpretados por terribles actores dos seriais melodramáticos de televisión. Foi arrepiante. Foi silencioso. E a pesar dese silencio, escoitei con nitidez o seu nome. Antón. Supoño que eran imaxinacións miñas... ou quizais fora o ceo da noite que me quería dicir algo. Sabía que non se trataba de algo bo. Tiña un mal presentimento e comecei a pensar nel. Naquel momento eu non sabía nada acerca do paradoiro do meu amigo pero nin me imaxinaba o mal momento que estaba a pasar.

Hai dous días chegaron noticias de Antón á vila. Non eran noticias en forma de carta, nin en forma dun agasallo da selva. Eran en forma de cadaleito. Non o podía crer. Notei entón como unha bágoa salgada escorregaba pola miña fazula, asustada, sen rumbo fixo. Como todas aquelas bágoas que percorrían a miña cara ese día. Cheguei correndo a casa e puxen un vestido negro, o máis bonito que tiña para despedir a Antón, aquel amigo ao que tanto quería. Punzadas no corazón fixéronme recordar o seu doce rostro. O cura da parroquia deume un saquete de lona cheo de correspondencia. Eran as cartas que nunca recibín de Antón. Puña todo o que vivira e os pesadelos que sufrira. "A selva é máxica. Terías que estar aquí e facerme recordar a que sabe o aire de Galicia"

Chorei, e as bágoas impedíanme ler as cartas. Contábame que cumprira o seu soño. Estaba moi contento porque non todo o mundo fai realidade os seus desexos pero non todo é de cor rosa. Cando o soño máis doce que Antón puidese ter se fixera realidade, o peor dos pesadelos chamou á súa porta. E era a morte que anunciaba con febres insoportables a fin da vida. Nin nos seus últimos minutos, perdéndolle o pulso á malaria, se arrepeniu da vida na selva porque os soños non os destrúe nin a propia morte. E polo que din as cartas, nin nos seus últimos segundos se esqueceu de min. Antón ensinoume moitas cousas. Ensinoume a querer e a esquecer, a perdoar, a darlle valor a esas cousas tan pequenas que ninguén aprecia...

E entón, un sorriso asustado floreceu de entre os choros. Unha desas cancións de radio recordoume o brillo que iluminaba os seus ollos cando se emocionaba cos seus inventos e as súas tolemias que eu consideraba máxicas. Aquel día, comezou a chover como nunca se viu no pobo. Dinme conta de que, agora, podía ler o futuro nas pingueiras e nas nubes e de que todo o bonito da vida cheira a herba recen segada.

## Unha filla chamada Sara

Iria Costoya

Era un pai que tiña unha filla pequena chamada Sara. O pai chamábase Raúl e a muller chamábase Verónica. O pai dicíalle á muller que traballaba nunha empresa de coches pero en realidade leváballe todo o matrimonio mentindo xa que o seu traballo non era ese senón que traballaba na venda de droga onde xa levaba alí varios anos antes de casaren.

Pasaron os anos e Sara fíxose unha adolescente e cada vez preguntábase máis cousas ao pai sobre o seu traballo. Un día preguntoulle se a podía levar canda el pero o pai poñía-lle unha escusa diferente cada vez. Verónica sempre estaba cerca escoitando as preguntas de Sara.

Un día estando Verónica no supermercado, empezou a notar que a xente empezábaa a mirar mal pero non sabía por que ata que a unha amiga súa lle chegou o conto e non tardou moito en irlo dicir xa que eran amigas desde nenas. Ao chegar á casa, estivo matinando no tema pero tomou a decisión de non dicir nada e aguantar as malas miradas porque o quería moito e tamén o facía pola súa filla xa que aínda era moi pequena. Aínda así estaba moi doida con el porque lle levaba mentindo toda a vida. Deulle a entender que non confiaba nela e estivo varios días moi irritada con el.

Sara fíxose maior e acabou os estudos. Viña o verán e quería traballar para gañar un pouco de diñeiro e empezar a ser algo independente. Entón pediulle ao pai se podía traballar na súa empresa pero este negouse e díxolle que quería que seguira estudando. Ela precisoulle que só quería un choio de verán pero o pai seguiu negando e a ela iso pareceulle moi raro.

Sara seguiu un día porque lle parecía moi estraño todo aquilo, tanto segredos respecto ao traballo coa súa propia filla. Despois de moito seguilo deuse conta de que o seu pai traficaba con drogar. Anos máis tarde a filla remataría traballando con el. Outro futuro estragado pola ambición.

## Xaquín

Alba Soneira

Xaquín non ten casa pero na súa imaxinación residen uns contos fermosísimos e, con eles, o propio Xaquín. Vive no paseo marítimo coas vistas máis alucinantes que calquera rico pagaría por ver cada mañá. A min non me importa que non teña casa, vouno visitar todos os días do ano. Chova ou neve el sempre ten unha historia que contarme.

Antes era mariñeiro e estaba namorado do mar. Ese amor levouno á loucura e esa loucura a mendigar polas chuviosas rúas da Coruña. O outro día contoume unha historia moi bonita. Estou convencida de que se lle ocorreu mentres o fero mar chocaba contra as rochas nun fracasado intento de inundar a cidade. Contoume que baixara á praia, que a marea baixa descubrira unha rocha na area e que sobre había algo que escintilaba. Tratábase dun faroliño que Xaquín aseguraba ter visto nos seus tempos de mariñeiro. Entón lembrou a historia que lle contara había moitos anos o capitán dun barco no que pescaba.

Na localidade onde naceu Andrés, o meu capitán -comezou a relatar Xaquín-, non había faro e substituíao un mozo cun farol que intentaba mostrarlle aos barcos o comezo do acantilado. Un ano tocoulle ocuparse do farol a Andrés e unha noite na que o mar toleara, a pesar de que puxera todo o seu empeño en alumar, non foran suficientes as súas angueiras e un barco chocara e afundírase. Andrés sempre afirmou que a imaxe que máis impacto lle produciu na súa vida fora a do mar devorando o barco e destruíndoo entre as súas gadoupas. Quizais se fixo mariñeiro para renderlles tributo aos mariñeiros daquela goleta.

O que si se sabe con certeza é que guindou o farol con toda a rabia contra o mar e que a bágoa que entre tanto esvaraba pola súa meixela era tan salgada coma o océano. Xaquín sacou o farol da súa mochila. Din que a marea arrastra o farol por todo o mundo -seguiu contando o meu amigo-. Din que quen atopa o farol debe volvelo ó mar pero antes... Entón sacudiu o farol e semellaba que caían polbos máxicos cando, de repente, apareceu un barco. E din que se moves o farol, aparece a goleta e esta imaxe déixate sen fala.

SMS

Adrián Barca

É certo, estaba naquel piso, pero non era culpa súa.

## Alí estaba Ramonciño

Alba Soneira

E alí estaba o Ramonciño, estirado no chan, pálido, cos ollos pechados. Era a primeira vez que eu vía un cadáver. Nunca vou esquecer aquel día nin aquel momento tan irónico! O pobre do Ramón morto enriba dunha alfombra que poñía benvidos...

Todo foi cousa da morte, parece mentira que unha palabra tan curta poida significar tanto. Polo xeral pensamos que nos queda lonxe. Por deprimente que soe, tarde ou cedo teremos que abandonar a vida para que veñan outros a ocupar o noso lugar.

Ramón nunca cavilara na morte, quen pensa que vai morrer podendo pensar en como vivir a vida? Pero non por evitala nos pensamentos, imos vivir mais. Será que somos os equilibristas do fío da vida no que un día escorregamos, damos un mal paso e caemos ó abismo da morte. Velaquí o caso do Ramón.

Ramón era un home normal con todos os seus defectos e virtudes. Imitaba tan ben os cantos dos paxaros que era difícil adiviñar quen imitaba a quen. Era o fan número un dos Beatles e estaba cumprindo o seu soño de ser fotógrafo. A impaciencia que tiña no corpo xogáballe con frecuencia malas pasadas. Sufría de insomnio e no pouco que durmía pesadelos horribles impedíanlle a tranquilidade do seu sono. Soñaba que quedaba atrapado en ascensores, que era a fin do mundo, que alieníxenas de cor verde dominaban o país... Unha noite Ramón soñou unha cousa ben estraña.

O pesadelo transcorría nunha casa que non era a súa. Na porta había un número catro pintado de cor negra. Ía frío e el, cunha bufanda, saía a mirar se tiña correspondencia. Na caixa do correo había cartas para a súa dona e para el, un sobre sen remitente moi raro. Dentro dese sobre só había unha data "13/5/74" e cunha caligrafía moi coidada unha frase que cambiou a vida de Ramón: "A data do teu falecemento. Asinado, A Morte". O homiño, acostumado a este tipo de pesadelos deixouno pasar pero, o soño repetiuse durante semanas e Ramón comezou a volverse tolo. E unha noite o soño modificouse.

A carta que antes non tiña remitente, agora proviña da Rúa do Xastre, 6.

Cando Ramón espertou, non o pensou dúas veces, iría na procura daquel enderezo. Había moitas posibilidades de que a casa non existira ou de que non lle aportara nada pero sentía a necesidade de ir vela. Aquela rúa coñecía ben pero non porque pasara moito por ela senón porque estaba nunha zona pouco recomendada. É alí se foi, co primeiro raiño de luz. Entón deuse conta! Tanto se despistara con aquela dirección que non cavilara no día que era... Trece de maio! Non o podía crer, non lle daban as pernas para correr todo o que precisaba naquel momento para chegar á rúa do Xastre. O corazón saíalle do peito. Suor fría escorregáballe pola cara e non podía parar de pestanexar. Non, non era un soño.

Ramón freou en seco. Alí era. Estaba enfronte dunha casa pequeniña cun xardín moi coidado cheo de árbores froiteiras, pensamentos, tulipáns e roseiras. As rosas tiñan unhas espiñas que semellaban alfinetes. A casa era dun branco impoluto. Non podía esperar máis. Tiña que timbrar si ou si. Con moito ímpeto, como se fora a última cousa que fora facer na vida tocou o timbre da porta. Só foron catro segundos os que esperou Ramón sobre unha alfombra de goma que poñía benvidos. Catro segundos eternos! Nese intre coas mans suorentas e un tic nervioso na perna esquerda pasaron pola súa mente catro imaxes.

A primeira, unha foto del muxindo unha vaca. Tiña cinco anos e estaba co seu pai. Un pai co que pouco conviviu xa que morreu cando el aínda ía ó colexio. A segunda era unha cámara de fotos antiga. Cando vira aquela cámara con catorce anos soubo que quería ser fotógrafo. A terceira era un libro que mercara coa súa pequena paga cando era un neno pero que conservaba coma un tesouro xa que o influenciara toda a vida. Na cuarta estaba dicíndolle o "Si quero" á súa muller, á que tanto quería.

A quinta xa non era unha imaxe. Deuse conta de que xa era a realidade. Acababan de abrir a porta. Era a morte cun sorriso do mais irónico. Naquel instante, Ramón caeu redondo no chan. Non sei se pola impresión, se era a súa hora ou se foi por un ataque, pero morreu. E nin o propio Ramón, tan cerca daquel peculiar ser, puido coñecer os segredos da morte.

SMS

Iria Costoya

Non sabía que lle pasaba e entón fun falar con ela xa que me caía moi ben, iso só o empeorou porque empezou a chorar. Abraceina e contoumo todo, que desgraza.



## Que raros son!

Verónica Cruz Raña, 3ºD

O día que cheguei á terra, si ese mesmo día, fun parar a un lugar onde unha humana que facía todas as mañás cousas moi raras que me estrañaban. Abría os ollos, levantábase dese cadrado brando e grande que tiña pinta de ser moi cómodo. Despois ía para o cuarto onde había unha especie de piscina pequena na que se metía e se fregaba co contido que tiñan uns botes pequenos. Saía e tapábase cunha manta. Vestíase con trapos raros e abrigábase demasiado, creo eu, e ía para outro cuarto onde comía e onde sempre ulía moi ben, alí preparaba un líquido e tomábo con algún pastel ou algo así. Ó acabar de tomar todo isto, recollía e metíao nun oco que botaba auga e alí fregáboas co contido duns botes, como facía con ela. Logo, volvía outra vez para o cuarto da pequena piscina e alí collía un pequeno pau que metía na boca despois de botarlle algo branco por riba, frotábo un anaco ata que cuspiá todo e, buff, que noxo me daba velo! Despois collía un instrumento dentado co que araba o pelo. E por último ía ao cuarto onde descansaba tantas horas, abrigábase aínda máis e collía unha bolsa pequena que colgaba no seu ombreiro. E así marchaba todas as mañás mentres eu quedaba tan tranquilo naquel maravilloso lugar.

E eu sempre me pregunto, para min é estraño e para ela non?



## A veces preferiría que os soños non existisen

Alba del Río Otero

Hai veces que ves cousas na tele que te fan chorar, que che gustaría que che pasasen a ti pero por moito e moito que esperes, nunca pasa nada parecido. Ao mellor estás na mesma situación có protagonista, a de querer a alguén e el a ti e non e soñas con que algún día o teu final sexa como de telenovela. Empézase moi ben con bicos e abrazos pero cada vez vaste distanciando máis ata que non queda nada, como os pés mollados que van deixando pegadas pero que cada vez se ven menos.

Pois, como non, a miña historia segue o mesmo patrón. Eu levo un ano namorada dese rapaz que me roubou o corazón, el chamase Simón. Coñecino hai tres anos e durante o último non me dá saído da mente. El non o sabe pero non me atrevo a dar o paso de dicirlló e é que teño unha gran amizade con el e non quero que, por eu recibir unha resposta negativa, todo acabe. Para min os amigos son importantes por iso non quero contarlle isto que eu sinto xa que sei que nos iremos distanciando cada vez máis.

A miña mellor amiga aconséllame que llo conte porque se el sente o mesmo, pois seremos felices. Pero se non sente o mesmo por min, que? Con que cara quedaría eu? Entón é mellor ter a boquiña pechada.

Hoxe, cando me levantei pola mañá, vin unha mensaxe no móbil de “siimon ☺” que me dicía que xa había tempo que non nos víamos. Eu respondinlle axiña e propúxenlle quedar para o sábado, el aceptou. Cando llelo contei ás miñas amigas dixéronme que esta era a miña oportunidade, e a min o corazón nese momento ditábame que xa era a hora de soltarllo pero dez minutos despois xa me parecía un disparate.

Cada vez quedaba menos para o sábado e eu, canto menos quedaba, máis nerviosa me poñía. Era xoves e xa estaba dándolle voltas ao modelo que ía levar pero non me daba decidido. O venres pola mañá volví ver unha mensaxe de Simón que me dicía que estaba desexando que chegase o día seguinte e eu, cando o lin, erguinme correndo para chegar pronto á clase. Cando cheguei, non daba falado e logo desde que por fin o conseguín, vin que non tiña ningunha mensaxe. Asusteime e mirei a ver se tiña o de quedar pero tampouco e deime de conta de que todo fora un longo soño e que non estabamos a venres senón a luns.

## UN SECUESTRO PLANEADO

Yenifer López

Silvia era xa unha muller feita e dereita de corenta anos, casada e cos seus dous fillos feitos xa uns mozos. Vivía en Vigo nun piso non moi grande no centro da cidade con Iván e Laura, de catorce e dezasete anos e co seu home Xavier, co que xa levaba dez anos casada e algúns máis vivindo xuntos.

Silvia nacera nunha aldea próxima Ordes, onde residiu ata os cinco anos pero debido a circunstancias da época os seus pais víronse obrigados a marchar con ela e cos seus irmáns a Vigo para a vida. A súa filla, Laura, herdara dela a adición ás compras xa que non había día no que non trouxese para a casa algo novo como adoitaba facer tamén a súa nai. Silvia baixaba todos os días pola tarde ao centro comercial de costume, o que tiña ao lado da casa. Tódolos venres ía alí coas súas amigas para tomar un café e charlar, ademais de mercar algo, claro está.

Un venres coma calquera outro Silvia baixou a tomar café coas súas amigas. Laura tamén baixou coas súas coa intención de mercar algo porque ían saír de troula a fin de semana para celebrar o aniversario da súa mellor amiga pero, ao igual que as mulleres, Iván tamén baixou a dar un paseo cos amigos e coa moza. Chegaron á casa todos á mesma hora para prepararen a cea na que contaban co pai que non tardaría en chegar de traballar. Ese venres deitáronse ás doce da noite xa que, despois de cear, foran tomar un café todos xuntos. Ao día seguinte, sábado, levantáronse cedo e foron levar a Laura á casa da súa amiga Vanessa, a que facía anos, a homenaxeada na festa da noite. Logo de deixala, marcharon cara á aldea, para ver os tíos e primos e pasar unha fin de semana coa familia.

Chegaron á aldea ás tres da tarde, xusto a tempo para comer e para xogarlle logo un partidoño ao fútbol co que baixar a comida. O domingo repetiron a mesma rutina e, sobre as oito da tarde, marcharon a Vigo para recoller a Laura antes de que caese a noite co propósito de iren cear á casa todos xuntos. Tiñan pensado ir logo dar unha volta pola cidade xa que estaba unha noite de pleno verán refrescada por unha airexa que non viña nada mal.

Chegaron á casa logo da recolleren a rapaza, prepararon a cea e foron dar unha volta por un parque de Vigo, chamado Castrelos. De camiño viron como unha parella ía tras eles pero non lle deron maior importancia, podía ser unha parella como outra calquera, á que lle apetecese pasear de noite no espléndido mes de xuño. Seguiron camiñando e apetecoulles entrar nun bar próximo ao parque.

-Entramos -dixo Laura-. Nunca estiven aquí pero sempre me tivo boa pinta.

A policía armou á porta do hotel o seu operativo e, si, exactamente á hora prevista entrou Laura, vestida cun vestido moi curto, negro, con moito escote e subida a uns zapatos cun tacón increíble que se vía que non controlaba. Ía acompañada por un home moi alto, traxado e moi ben amañado. Entrou a policía tras eles e sorprendéronos na habitación, Laura botou a correr cara aos axente chorando, saturada, intentando contar o

que lle mandaran facer pero non podía do nerviosa que estaba.

Esposaron o home e levárono. Laura indicoulles onde estaban as outras rapazas. Había centos de raparigas tiradas nun baixo como se fosen lixo. Leváronas a todas ás súas casas. Moitos dos pais estaban tan preocupados que precisaban axuda psicolóxica. Iván e os seus pais non volvera durmir dende que a irmá desaparecera.

Uns días despois de dismantelaren a rede, sóubose que os secuestradores eran unha banda de drogadictos. As rapazas por fin romperon o seu silencio e explicaron o que lles facían. Así llo dicía Laura a Silvia, ente salucos.

-Mama, levábannos ao soto. Alí drogábanos. Tamén lles vendían droga aos que viñan pedir os nosos servizos. Logo tratábanos como prostitutas, citábanos nun hotel, a unha hora e alí nos levaban. Algunhas levábanas dentro dunha habitación cunha padiola e operábanas para traficar cos seus órganos, mesmo as deixaban morrer diante nosa -dicía entre choros.

Laura botou anos indo a un psicólogo e nin con corenta feitos conseguiu durmir ben unha soa noite, nin andar pola rúa sen ter a sensación de que alguén a ía coller e levala como lle pasara de nova.

-Por min perfecto -seguíuna Xavier-, xa tiña ganas de sentar un pouco.

Entraron e cada quen pediu o que lle apeteceu. Logo dun pouco falando e bebendo algo, o teléfono de Laura soou e ela saíu á rúa para collelo pois era o seu mozo Mario e dáballe vergoña falar diante dos seus pais con el, a pesar de que eles xa sabían da relación desde o principio. Seguiron coa charla pero xa pasaran, polo menos, vinte minutos dende que Laura saíra e Silvia empezou a inquietarse e saíu do local na procura da rapaza á que non viu por ningures. Entón entrou na cafetería moi apresurada e asustada e contoulles o acontecido a Xavier e mais a Iván e os dous saíron á carreiras pero xa era tarde. Chamaron por ela pero en canto o facían, decatáronse de que o teléfono móbil que a rapaza levaba, estaba tirado na beirarrúa. Entón puxéronse aínda máis nerviosos xa que Mario continuaba ao teléfono chamando por ela. Mario díxolles que lle deixara de falar sen máis logo dun berro.

Inmediatamente Silvia chamou á policía e deulle os datos. Dixéronlle que ata o día seguinte non podían empezar coa busca porque tiñan instrucións de agardar unhas horas en casos así. Os tres volveron á casa impotentes, esperando que alguén os chamase, que se tratase dunha broma. No fondo desexaban que se tratase dun mal soño. Coa angustia que tiñan no corpo choraron superados pola rabia de non poder faceren nada. Ese día non durmiron esperando unha chamada que nunca chegou a producirse.

Ás oito da mañá Iván marchou para o colexio e os seus pais foron á policía coa esperanza de que houbese novas. E habíaas, esa mesma noite secuestraran tamén a unha rapariga cerca do bar no que eles se atopaban. Estaba entrando no portal

para subir á casa e collérona por sorpresa, posiblemente os mesmos que levaran a Lucía xa que foi minutos despois e as dúas respondían á mesma descrición: mozas novas e guapas.

Pasaron toda a tarde e noite buscándoas pero non houbo resultados e si novas noticias. Intentaran secuestrar outra rapariga cun aspecto semellante nun parque contra a beira da noite pero esta lograra fuxir e, o que era mellor aínda, puidera ver a cara dos secuestradores así que sería quen de identificalos, de aí que a policía preferiu tela preto para darlle protección como testemuña.

Usárona coma engado e grazas a iso, cacháronos intentando collela mentres gardaba a compra no coche da nai no garaxe do centro comercias As Camelias. Pilláronos, si, pero só eran dous e non traían idea de soltar nin un chíó. Logo de facérenllelo pasar mal uns días na comisaría un soltou que ese mesmo día poderían atopar a Laura no Hotel Galicia. Estaba prevista que alí a entregarían a un importante empresario da zona que se encaprichara con ela por ser nova e inexperta.



## SMS

Iria Costoya

Fun de compras, estaba moi concentrada no que tiña que comprar e de repente bato cunha señora e tírolle todo. Axudeille e pedinlle perdón. Que vergoña.

## Os 3 días

Silvia Bouzas Liste

Ola, chámome Silvia e teño catorce anos. Pero non vai ser de min de quen vou falar, senón dunha amiga que coñecía a unha rapaza que tiña unha prima á que lle pasaron unhas cousas espantosas. Eu non son ninguén para contar as cousas da prima da coñecida dunha amiga miña, pero non aguanto máis e necesito contalo pois penso que así libérome disto que me atormenta.

Segundo contou esta rapaza, que non sei moi ben como se chamaba pero creo que Sara, algo ou alguén a seguía a todos os lados, cando ía á universidade, cando se metía na cama ou cando estaba mirando a televisión. Ó principio non lle facía moito caso pois pensaría que non era nada, mais co paso do tempo deuse de conta de que iso era algo máis importante.

Unha mañá levantouse bastante tarde e non lle daba tempo de ir á universidade, aparte seus pais xa se foran traballar e decidiu andar un pouquiño co seu ordenador. Estaba mirando unhas fotos que tiña coa súa irmá, que había uns meses que morrera cando recibiu unha mensaxe que dicía “Bótasme de menos?”. Sara levantouse da cadeira e retrocedeu uns metros. As mensaxes seguían sumando. Todas poñían o mesmo. “Bótasme de menos?”. A moza alancaba polo corredor pero parecía que estaba nun soño no que por máis présa que teñas, nunca acadas a velocidade necesaria, no que canto máis corres máis sentes a sensación de afogamento.

Cando esta logrou chegar ó teléfono para chamar ós seus pais, viu que na cociña había algo. Foi mirar. Mellor era que non tivese ido porque alí viu a silueta de algo ou alguén que estaba a escribir unha nota. Sara agarrou un coitelo e cando se dispoñía a espetarillo, a silueta desapareceu e o coitelo foise cravar o papeliño. A rapaza leuno. Poñía que ao cabo de tres días se ían atopar, reencontrar e xuntar por fin. A sinatura era a de súa irmá Anita. A mociña pensou o peor, pensou que ía morrer.

Ese día pasou sen máis “problemas” e a mociña deixou correr as cousas e esquecerse do que pasara pois pensaba que todo estaba na súa mente. Esa noite durmiu unha hora escasa.

Ó día seguinte, venres, non tiña que ir estudar e estivo na casa da mañá á noite. Xantou polas dúas e de seguido foi ver a televisión. Mentres o estaba mirando, tocou a cara e notou

algo nos beizos. Coa súa man alcanzou un espello pequeniño que tiña dentro do seu bolso, mirouse e viu que tiña un herpes, da rabia porque este era moi grande, deulle unha puñada ó espello facendo que este escachase. Sara asustouse algo pois din que se rompes un espello son sete anos de mala sorte, pero non lle fixo moito caso e seguiu co día a día.

Ás catro chamouna unha das súas amigas por se quería ir dar un paseo, ela accedeu. Estaban camiñando e a moza contoulles o que pasara cando se lle cruzou un gato negro xusto por diante dos pés. Deuse de conta de que ver un gato negro e que se che cruce por diante traía mala sorte pero non se preocupou e seguiu. Uns metros máis adiante había un operario da luz arranxando un farol, ela non o viu e meteuse mesmo por debaixo da escada. Sariña non o podía crer!! Outro sinal de mala sorte!! Esta xa estaba moi preocupada e decidiu que era dabondo por ese día e foi para a casa cos seus pais.

Estaban ceando, puxéronlle o prato diante, probou un pouquiño de sopa, deuse de conta de que esta tiña pouco sal e pediu-lle á súa nai se lle podía, por favor, pasar o saleiro. A nai deullo pero, como tiña as mans cheas dunha crema que botaba contra os herpes este esvarou e caelle escachando o bote de vidro e espaxando pola cociña adiante o sal. A moza xa farta das cousas que lle pasaran durante o día, foise deitar.

Cando estaba a cerrar a ventá fixouse nunha árbore e viu un moucho, que ao vela cantou tres veces, iso tamén traía mala sorte, aínda que a moza non o sabía. Mirou o calendario antes de meterse na cama para durmir e viu que era venres 13!! Non daba creto, tantas cousas que traían mala sorte no día non

habían de ser nada boas. Non quixo saber nada máis de nada e meteuse na cama e púxose a durmir.

Ó día seguinte espertou bastante cedo e como se aburría na cama, levantouse, almorzou, de alí a dúas horas xantou e foi pasear á súa cadelina. Estaban ó pé dun río tirados nun prado e mirando para as bolboretas. A rapaza púxose moi nerviosa porque viu pasar por diante dela unha bolboreta negra. Sara lera nun libro que estes animalíños eran presaxio de cousas malas.

De volta para a casa parouse a mirar un escaparate dunha pastelería e entrou a comprar uns doces, deixando a súa cadelina fóra, alí unha señora pediulle se podía aguantar do seu paraugas mentres que ela gardaba a volta do diñeiro, a moza preguntou para que quería esta o paraugas se ía un sol impresionante e a señoriña respondeulle que era para que o sol non lle dese nos ollos, só que cando o estaba agarrando abríuselle, de súpeto, dentro dun lugar cerrado. Iso tamén traía moi mala sorte. Sara, chorando, marchou para a casa pois todo o que lle



pasara asociábalos co que ela mesma vira o xoves. Eran xa case as cinco da tarde cando chegou. A nai, que a vira con bagoas nos dous ollos preguntoulle por que choraba? E ela non aguantou máis e contoullo TODO. Súa nai díxolle que non se preocupara, que seguro que todo fora ou unha confusión ou unha bromiña de mal gusto.

Sara non conseguía tranquilizarse porque volvía sentir a presenza de alguén. Ben, perdón, da súa irmá por todos os lados, colleu o bote dos calmante e foi para a cama, non se daba quedado durmida e tomou un somnífero. Non servira de nada, tomou dous, tres ata catro somníferos, ata que ó final quedou durmida.

Era o terceiro día, aquel no que supostamente ela debería morrer. Tiña moitísimo medo de todo e estaba demasiado nerviosa como para razoar, pillou o botiño dos relaxantes e tomouno enteiroño. De tantas pastillas inxe-

ridas, intoxicouse, levárona a un hospital pero non puideron facer nada, a rapaza falecera ó terceiro día como Anita lle dixera.

Preguntarédesvos por que ao principio dixen que eu mesma estaba moi preocupada e atormentada se a min iso non me afectaría para nada pois eu nin coñecía e estas persoas, pero si que me afecta pois estiven buscando información e existen máis casos como este. E se algún día espertas e che pasa como a ela? que me afecta pois estiven buscando información e existen máis casos como este. E se algún día espertas e che pasa como a ela?

## SMS

### Victoria Estévez Ferreiro

E en canto me decatei, todo estaba perdido. Nadei e nadei pero xa era tarde; a miña carreira como socorrista estaba acabada ao igual que a vida daquel home.

A montaña quería ver mundo. Un día botouse a andar e xa non era unha montaña.

Unha vez un home preguntouse: miramos as estrelas porque somos humanos ou somos humanos porque miramos as estrelas? O pobre home malgastou toda a súa vida buscando a resposta pero non a atopou.

Tatiana Palmeiro Ojeros.


## O que fan os soños non cumpridos

Alba del Río Otero

Dende pequena o meu soño sempre foi chegar a visitar a fermosa torre Eiffel. Agora teño esa oportunidade porque os meus compañeiros de clase van ir aló coa escola. Eu comenteillo á miña nai e ela dixo que non, que o diñeiro facíalle moita falta e que non estabamos coma para tiralo. Eu vin como o meu soño íase facendo máis imposible a cada segundo pero non me dei por vencido e seguí insistindo aínda que ela continuaba dándome esa resposta negativa que rompía o meu soño. Cada día pedíallo de novo pero sempre era a mesma resposta. Ela non cambiaba de opinión por máis que eu o desexase.

Eu empecei a sentirme mal. Cría que era polo da excursión e non lle fixen moito caso. Pero pasaban os días e as dores de cabeza e os vómitos seguían. Comecei a preocuparme. Non lle dixen nada á miña nai e nun libro de medicina busquei os meus síntomas e atopeinos. Non podía ser! Era unha enfermidade moi rara e fun correndo a dicirlllo á miña nai. Ela levoume inmediatamente a urxencias e tiveron que ir correndo para o hospital, tiñanme que tratar rapidamente. Estabamos todos preocupados. Veu o doutor e dixo que a causa de todo isto era unha gran decepción que sufrira. Eu sabía que decepción era, non cumprir o meu soño. Miña nai ao escoitar iso quedou coa boca aberta, non sabía de que decepción se podía tratar. Co paso dos días poñíame peor ata que un día non espertei nunca máis.

Continúo esta historia, eu, súa nai. Ao ler isto sentínme a culpable da morte da miña filla e o único que desexo agora é pagar unha excursión á cidade do amor. París.



## Que pasaría contigo, Marcos?

Alba del Río Otero

Había unha vez un neno chamado Marcos que vivía nunha aldea afastada da cidade. Era moi alegre e sempre andaba a rir ata que un día se puxo moi serio. Súa nai preocupouse porque non era normal velo así. Todos pensaban que tiña un día malo pero non era iso. Unha noite o neno duchouse e súa nai viu unha mordedura na parte detrás da perna. Preguntoulle de que era pero el non sabía sequera que tiña esa mordedura aí. Levárono ao médico e fixéronlle unhas curas. Pasaron uns días e todo ía normal ata que o neno empezou a chorar sangue.

Non sabían que facerlle, nin onde levalo, non sabían nada. O neno cada día íase facendo mais vello, como se lle caeran enriba unha morea de anos de golpe. Era todo moi estraño e non tiñan respostas que lle aclarasen o que estaba acontecendo. Cando pasou un mes o rapaz de sete anos tiña un físico de alguén de setenta. E un día a ferida desapareceu e case todo volveu á normalidade excepto a forma de ser do neno. Convertérase nun amargado posuído polo demo.



## Dicir a verdade non sempre é bo

Alba del Río Otero

Esta era unha nena chamada Amaia. Tiña moi boa relación con seu pai, e el sempre quería facer o mellor para a súa filla. Amaia cantaba moi ben e o seu soño era chegar a ser cantante. Seu pai conseguíulle unha actuación no coliseo da cidade e alí brillou. A rapaza non sabía como agradecerlle o que fixera por ela porque iso fora o mellor regalo que tivera.

Diego, un amigo, propúxolle saír un día e ela aceptou. El quería levala a un lugar moi especial para que ela o recordase toda a vida. Chegou o día da saída e levouna ao sitio que máis lle podía gustar a Amaia. Levouna a ver a neve. Para ela era o sitio máis especial porque nunca a vira.

Cando chegou á casa, ía toda contenta a contarlle a seu pai todo o que fixera aquel día pero encontrouse con súa nai e seus irmáns chorando sen parar. Ela preocupouse e preguntou que sucedía.

-Que pasa? Por que chorades desa forma dicídemos xa.

-É... é... é que papá...

-Papá? Que lle pasou a papá?

-Que o atopamos hoxe no seu cuarto colgado dunha soga.

Ela comezou a chorar e foise refuxiar no seu cuarto. Pero de repente viu a seu pai reflectido no espello.

-Papa!!!! E... por que non te podo tocar?

-Porque estou morto, ceo.

-Non, estoute vendo, papá.

-Si, pero non estou vivo.

-Non o podo crer.

-Mira, só vin para pedirche que demostres que eu non me suicidei que me mataron. Eu nunca te deixaría soa neste mundo.

-Pero como o demostro?

-Confío en ti.

-Papa...

A nena non sabía qué pasaba pero ela non quería fallarlle a seu pai e decidiu contarlle á súa irmá maior para que a axudase.

-Marta! Pódoche contar unha cousa sen que penses que estou tola?

-Claro muller.

-Que vin a papá.

-Como que viches a papá?

-Si, hai dez minutos.

-Pero que dis, nena? Con esas cousas non se xoga, estás tola, non volvas dicir iso.

Es parva ou que che pasa?

-Pero Marta... Xúrocho...

Súa irmán non a creu e díxolle á súa nai. Levou a Amaia a un psicólogo e decidiron internala nun psiquiátrico para tratala. Ela dicía que non estaba tola que o vira de verdade e para calmala, déronlle, sen que ninguén o soubese, pequenas descargas eléctricas. Ao día seguinte volveu ver a seu pai e el díxolle que a proba do seu asasinato estaba no primeiro caixón da cómoda.

Pasados uns días ela estaba moi mala pola continuas descargas e cando chegou súa nai, díxolle onde atopar as probas de que seu pai non se suicidara. Cando llo dixo, morreu. Súa nai quería saber se o que dicía era verdade e foi mirar. Tiña razón alí estaban as probas. Finalmente Amaia foi para o ceo xunto ao pai.

-Ola, papá, xa estou aquí. Xa sei que hai xente que cando me oía, ha dicir que son parva pero é a verdade, eu alégrome de estar aquí no ceo contigo. Porque eu non podía vivir na terra se ti non estabas. Todo sen ti era diferente, non había cor na miña vida sen a túa presenza e por iso eu alégrome de estar aquí, papá.

### SMS:

Nuria Romero Vidal, 3ºB

Non o entendía.

Eu sabía que o vello do segundo era mudo, sen embargo saíu a ventá e mandoume calar facendo: Shhhhhhh!

# VAIA IMAXINACIÓN TEÑEN OS NENOS!

Por Alba del Río Otero

Este era un neno chamado Lucas, ía á escola e todos os demais se metían con el polo simple feito de levar gafas. El cambiábase de escola frecuentemente debido ao traballo de seu pai. Lucas non podía quedar coa súa nai porque ela facía expedicións por todo o mundo e non se podía ocupar del.

Lucas e seu pai mudáronse a Sevilla e o pai decidiu quedar alí bastante tempo. Lucas foi á escola e, como non, metéronse con el. Chegou á casa e contoullo a seu pai e el díxolle que por iso non se preocupara que só se tiña que preocupar polos estudos.

O neno xa cansado de todas as burlas decidiu crear o seu propio mundo, reuniu todos os seus xoguetes e entrou no da imaxinación. Deseñou na súa mente como quería que fose o seu novo lugar onde poder estar tranquilo e a salvo de todas as burlas.

O mundo chamábase Lucsworld, el era o rei, o seu xoguete favorito era a súa man dereita e os demais eran soldados. O resto dos habitantes eran os personaxes dos debuxos animados que máis lle gustaban e o inimigo era Daniel Suárez, o rapaz que se metía con el na escola por levar gafas. Lucas mandoulle a Bush Lightyear (o seu xoguete favorito) que reunira a todos os seus soldados porque tiña unha misión que levar a cabo.

Cando estaban todos reunidos, Lucas díxolles que a misión era que todos os habitantes de Lucsworld deberían levar gafas para que ninguén se metera coa xente por levalas. O plan era perfecto ata que Daniel se interpuxo nas ideas de Lucas.

O neno desafiou ó inimigo nun duelo e quen gañara decidía se había gafas para todos ou non. No loita íanse bater só Daniel e Lucas. Comezou a pelexa Daniel. Aplicoulle unha chave a Lucas que fixo que caera o chan e perdera o duelo. En Lucsworld finalmente non houbo gafas, só as tiña Lucas, polo tanto Daniel metíase con el. O rapaz dixo que iso non podía ser porque el non creara o mundo para iso, senón para que non se meteran con el.

Chamou a Bush Lightyear para armar un novo golpe e así acabar con Daniel e os seus secuaces. Pensaron e pensaron e a Bush ocorréuselle que podían tenderlle unha trampa, consistía en cavar un gran buraco na terra e que caeran e non puideran saír. Fixérono e os inimigos caeron. De pronto apareceu Rosalía Cruz a nena da que Lucas estaba namorado. Ela achegouse a el e preguntoulle se podía ser a princesa e Lucas díxolle que si pero a cambio dun bico e ela concedeuullo e converteuse na princesa.

Pasaron os días en Lucsworld e todo estaba tranquilo, Lucas e Rosalía eran mozos e non había rastro de Daniel. Pero de repente oíron un berro, foron ver e eran, nada máis e nada menos que Daniel e o seu exército. Cando se ían enfrontar, Lucas oíu a seu pai que lle dicía que era hora de cear. Foi á cociña e preguntoulle se fixera os deberes e o neno non os fixera porque se lle fora a tarde exercendo de rei en Lucworld.

## SMS

Alba Soneira

O río tiña sede. Bebeuse e morreu.

## SMS:

Luís Fernando Cruz Ramos

outros 2 feridos e 1 morto.



## A aula encantada

Alba del Río Otero

Empezou o novo curso e decidiron abrir a antiga aula de bioloxía que todos os rapaces temían.

-Oín o rumor de que ían abrir a aula...

-Que aula?

-A aula...

-De que aula falas?

-Aiii, ho! Da aula de bioloxía!

-Que? Non, non pode ser.

Foi correndo o rumor e non se vía ningún rapaz tranquilo. Cando cada grupo se acomodou na súa clase a directora foinos informar do programa do novo curso.

-Ximnasia no ximnasio, música na segunda clase de música, plástica na aula de arte e bioloxía...

Todos os nenos tiñan os dedos cruzados para que non lle tocasse a Aula de Bioloxía 2.

-Bioloxía na aula 2.

-Nooooooooon! Por que nos toca esa?

-Non recordades o que fixestes o curso pasado?

-Xa pero...

-A culpa é vosa se non romperades as maquetas.. pero os danos que fixestes foron irreparables así que xa está.

-É que esa aula....

-Non me veñades con esa estúpida lenda de que está encantada.

Os rapaces, todos inqedos, armaron un balbordo alucinante pero conseguiu calmalos o profe de mates.

Bruno e Marcos non se tranquilizaron tan facilmente e, xa que lles tocaba esa aula, decidiron investigar para saber algo máis dela.

-A min dáme un pouco de medo pero...

-Veña, non sexas cagado e vamos.

-É que oín que as follas se movían estando as ventás cerradas e que os esqueletos tamén se movían e...

-Non digas nada máis, vamos actuar canto antes e así acabamos pronto con todo isto.

Conseguiron as chaves e entraron. Alí había material vello, follas antigas e unha neveira. Marcos abriuna e pegou un berro.

-Aaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaahhh...

-Que pasa?

-Mira isto, que noxo!

-Puagh! Que é iso?

-É un fígado podre.

-Que noxo!!!

Cando se calmaron dese susto, de repente veu outro pero máis forte. Os papeis e os esqueletos comezaron a moverse. Co medo movíanse por toda a aula e cando estaban onda o esqueleto sentiron un aire moi forte, de alí a poucos segundos o aire parou e acenderon a luz para ver o que era. E o que descubriron era o conduto de ventilación que botaba aire e era o responsable do gran misterio da Aula de Bioloxía 2.

## SMS

Paula Fraga

Foi unha historia de amor tan bonita que o lela, morreu de amor o señor que a lía.

## SMS

Paula Fraga

Era ela a vítima da súa propia mentira, terminou créndoa.

## Onde van todos

Alba del Río Otero

Nunha localidade de Galicia hai uns tres invernos os nenos de entre cinco e doce anos comezaron a desaparecer. Ninguén sabía o que pasaba pero todo era moi raro.

Antes de todas as desaparicións abrira na cidade do lado unha tenda de xoguetes enorme que a todos lles encantaba. Unha panda de amigos reuniuse para ir á tenda. Marcharan ás catro da tarde e eran as tres da mañá e aínda non regresaran. Dende ese día os nenos non volveron aparecer.

Catro días despois do sucedido con ese grupo de amigos outros dous nenos tamén desapareceron. A policía abriu unha investigación pero eles desapareceran sen deixar rastro. Non había probas polo que era moi difícil para a policía encontrar solución.

Cada día desaparecían máis nenos e seguía sen haber probas. Cando xa non quedaban nenos, decidiron buscar polas cidades veciñas. As nais falaban entre elas e todas coincidían en algo: os nenos desapareceran cando ían a nova tenda de xoguetes. A policía cando o soubo foi investigar á tenda. Ao chegares ao almacén viron os nenos con uniformes e traballando sen descanso. A policía detivo a todo aquel que tiña que ver co negocio. Todas as desaparicións foron resoltas, utilizaban os nenos como escravos.



## Unha receita para un día de paixón infernal

Por Tania Muíño e Alba Rodríguez

Érase unha vez tres parellas de xoves namorados, amigos entre eles. Que estando aburridos nas festas de Ayazo decidiron ir até o cemiterio a xogar. Os rapaces decidiron amenizar a noite comprando bebidas alcohólicas. Cando xa estaban “contentos”, ocorréuselles ir molestar os mortos invocando os seus espíritos. Cando de repente empezaron a oír ruídos estraños e decidiron ir mirar de onde procedían. Seguíronos até unha tumba arredada do resto, na parte baixa do cemiterio, ao lado de dúas celas moi escuras no interior pero con algo de luz fóra. Decidiron entrar nunha delas que tiña a porta un pouco aberta, pensando que procedía de aí o ruído. Entraron nela cunha candeia que colleron na tumba que había o lado.

Cando xa estaban os seis dentro, a porta da cela pechouse de golpe. Os rapaces intentaron abrila se ningún resultado. Despois de horas intentando chamar un amigo que non collía o telefono porque estaba na festa, acabóuselles a batería polo que tiveron que durmir alí esa noite dado que ninguén sabía onde estaban.

Ao día seguinte espertaron ao oír voces de xente chorando nun enterro. Eles dende dentro gritaban para chamar a atención dalgún deles e que os quitaran de alí e así foi. Cando estaban saíndo do cemiterio viron o nome do morto que era o amigo ó cal estiveran chamando. Ao día seguinte decidiron preguntarlle ao irmán do morto, que estivera con el na festa, que lle pasara para acabar así. Díxolle que, na festa coñecera unha rapaza que o levará até o cemiterio, un sitio tranquilo, para coñecérense mellor. Víraos entrar na cela pero preferiu deixalos ir porque ían coas súas respectivas mozas. De camiño á casa mirou o teléfono e viu todas as chamadas perdidas deles. Volveu ao cemiterio para saber se aínda estaban alí e se lle pasara algo xa que tiña vinte e cinco chamadas perdidas. Ao entrar no camposanto tropezo coas botellas que deixaran os rapaces e golpeou a cabeza contra unha lápida e morreu desangrado no acto.

A xente conta que foron os espíritos que pagaron con el que os namorados lle roubasen a candeia da tumba que resultou ser a do demo de Ayazo a quen lle chamaban así por ser un tolo que matara á súa muller e a dous fillos empuxándoos cara a unha mesa de mármore onde se deron na cabeza e morreron igual que o pobre rapaz.

Os rapaces vingáronse do demo de Ayazo queimándolle a súa vella casa que xa estaba case en ruínas e este aparecéuselles e decidiu levalos con el para o inferno.

## Tradición sorpresa.

Por Tania Muño e Alba Rodríguez, 3ºD

Isto pasoume un 31 de outubro de hai dous ou tres anos, era unha noite moi fría. Como xa saberedes era día de Tódolos Santos ou sexa, o que é o mesmo, día -máis ben noite- de Halloween. Eu máis unhas cantas amigas quedamos esa noite para facer unha especie de acampada no monte. Polo día, montamos as nosas tendas de campaña nunha grande explanada que atopamos. Colocámolas en círculo deixando no centro sitio para facer unha cacharela.

Despois de disfrazarnos cada unha na súa casa xuntámonos todas no principio do camiño que ía cara ao monte a iso das once e media. Antes de ir para as tendas propuxerámonos ir pedir polas casas máis próximas. Así o fixemos e máis que nada conseguimos lambetadas. Cando xa nos cansamos de pedir, fomos até as tendas de campaña e démonos conta de que fixeramos sitio para a cacharela pero non tiñamos leña. Entón tivemos que ir, case sen luz, porque era xa arredor da unha e media da mañá, a buscala.

Cando xa arranxamos todos os problemas de última hora, sentámonos rodeando a cacharela e empezamos a contar cada unha, unha historia. A primeira que quixo contar a súa foi Sonia e que dicía algo así...

Érase unha vez dous rapaces que tiñan unha moi boa amizade. Terían sobre 20 ou 22 anos como moito. O día en que conseguiron aprobar bacharelato, colleron o coche do máis grande e marcharon da casa xuntos, como dicían eles, a vivir a vida. Foron andando no coche até non se sabe onde e como non tiñan case cartos non podían ir durmir a un hotel nin a ningún outro sitio nin tampouco, o que foi peor, botarlle gasolina ao coche. Por culpa diso último quedoulle parado o coche no medio dunha estrada deserta. Esa noite pasárona durmindo no coche e a

seguinte tamén. Neses dous días non pasou por aquel lugar ningún coche, nin ningún outro vehículo con motor pero tampouco ningunha persoa!

Ao terceiro día decidíronse e puxéronse a andar para ver se encontraban algunha casa ou alguén que lle puidese axudar pero non lles fixo falta porque xusto no momento en que se dispoñían a andar aparece un automóbil con cinco persoas dentro que se parou. Cando un dos rapaces se ía acercar ao coche para pedirlle que os levaran, un dos pasaxeiros abriu a porta da parte de atrás, agarrou o rapaz por un brazo e tirou del para dentro e entón o outro xa o seguiu. Cando os rapaces se meteron dentro do coche xa se fixera noite. O coche empezou a moverse e cando os rapaces se fixaron, déronse conta de que ningún dos ocupantes daquel coche ía conducindo e de que os cinco pasaxeiros ían sentados ao seu lado na parte traseira. Nunca máis se soubo nada deses dous rapaces. Pero o seu coche segue aparcado nesa mesma estrada e aínda sen gasolina.

Algo así foi a historia de Sonia. De seguido ía empezar a contar a historia Carolina cando se empezaron a oír rúidos estraños, moverse as pólas das árbores e oírse risas! Nós, todas decididas, fomos mirar de quen se trataba e resultaron ser uns amigos nosos moi chistosos, que nos oíran falar no instituto de que íamos facer unha acampada no monte e decidiron vir a facernos unha visita sorpresa. Ao final, pasámolo moi ben con eles. Ata quedaron a durmir nas nosas tendas de campaña, a canda nós.

Ao día seguinte espertamos a íso das dúas da tarde e prometemos repetir esta experiencia todas as noites de Halloween que puidesemos, rapazas e rapaces xuntos e sen sorpresas aínda que nós xa estamos pensando en que facerlles aos rapaces ao ano seguinte. Non por vinganza, só por devolverlles a súa sorpresa.

Esta é a historia de como comezou algo que xa é unha tradición no noso grupo de amigos. Celebrámola sempre o 31 de outubro, como xa dixera antes, nun lugar que só nós coñecemos e que so nós coñeceremos.

## SMS

Paula Fraga

Foi Xan quen queimou a súa man para queimar as probas da súa culpa.



## Amigos de sempre

### Tania Muíño e Alba Rodríguez

Ola! Que tal? Son Víctor, fomos xuntos toda a primaria e secundaria e ata o primeiro ano de bacharelato. Xa me imaxino que non te lembraras moito de min. Comecei a traballar como cocinero nun restaurante moi luxoso que hai cerca do meu piso na Coruña porque xa por fin é meu, acabei de pagar a hipoteca. Polo que me dixeron, entraches na facultade de Medicina este curso, non? Douche os meus parabéns. Así que vas para médico. Aínda me lembro daquel día na primaria que nos preguntaran que queríamos ser de maiores e ti eras o único que o tiña súper claro. E polo que oín dos demais ata agora, creo que tamén fuches o único que o conseguiu. Sabes algo do resto? Seica Máteo e Uxía casaron este verán pasado e que xa están esperando un meniño para o próximo verán. E que é da túa vida? Casaches ou segues xogando coas universitarias como cando eras mozo? Non terás fillos ou asentaches a cabeza? Porque lémbrome moi ben de que odiabas as comidas que che preparaba teu pai e os meniños, era o que máis odiabas neste mundo. Rírame un bo anaco cando aquela noite que quedaras con Laura, a que daquela ía en cuarto e cando chegaras a súa casa estaba gardando ao seu veciño de un ano. Coas ganas que levabas ti aquela noite, que ías convencido de que vos íades liar e ao final ti tiveras que gardar do rapaz porque ela quedara co seu mozo.

E, cando mercaras aquela moto que non chegaba aos vinte quilómetros por hora aínda que daquelas dúas rodas con motor non había moita queixa xa que nos sacara dalgunhas que armamos ti máis eu, verdade? E non podes dicir que non ligaches grazas a ela porque eras o único tío de toda a aldea que tiñas moto e como todas as rapazas querían saír daquel lugar abandonado, convencíante cos seus encantos femininos.


Tranquilo xa sei que ata agora só falei de ti e das risas que nos

gastamos á conta túa pero non penses que me esquezo do meu do que me pasara a min. Lémbrome moi ben do colgado que estivera por Vanesa, aquela rubia que me presentarades no botellón que fixera no meu aniversario de dezaioito anos, lembras? Era guapísima, verdade? Se o penso ben, dareime de conta de que no fondo aínda me gusta agora. Nesa mesma época ti andabas moi crecidiño por andar todo o tempo cos maiores e sobre todo coas maiores que aínda despois tiveras que volver canda nós porque eles marcharan para Santiago de Compostela a facer o bacharelato.

Todo estes recordos cóntochos para que te lembres de min e saibas mellor quen son pero non só che mando esta carta para iso nin porque me aburra e non teña nada máis que facer, senón porque atopei o amor da miña vida e voume casar o día vinte e sete de xullo con esa princesa. En parte sabes que cho digo para facerte rabiarse pero por outra é para invitarte ao noso grande enlace que vai ser unha festa por todo o alto. Confírmame que vas vir e cantos ides ser, o antes posible, por favor.

Saúdos de parte de toda a familia Fernández.

Víctor



## SMS

### Paula Fraga

Cometeu o erro máis grande e irremediable da súa vida: suicidouse.

## AMOR, VINGANZA E MORTE

Por Tania Muíño e Alba Rodríguez.

Cando unha persoa quere a outra pode, ou non, ser correspondida. Esta historia que imos contar a continuación foi real.

O primeiro día de clase nun instituto de Zaragoza, Laura, unha rapaza aparentemente tranquila e estudiosa, volvía coincidir coa maior parte da xente coa que estivera o ano anterior. Como xa os coñecía e tiña algún que outro amigo, non tivo case ningún problema de convivencia. Había un rapaz, non se lle podía chamar amigo, co que se levaba bastante ben e co que falaba nos cambios de clase e a saída xa que ían andando xuntos para a casa con varios compañeiros máis. Co paso do tempo empezoulle a gustar e ao mes seguinte decidiu falar con el a soas e a contarlle o que sentía, pero ela non foi correspondida xa que el tiña medo de romper a bonita relación de amigos que tiñan. Laura era moi celosa e enfadábase con facilidade e dependendo do problema podía ou non pasarlle o enfado. Á rapaza pareceulle tan mal que lle dixera que non que planeou unha vinganza. Seguíalle falando coma sempre e facíase a tola para que el non sospeitase nada pero o que lle esperaba ao pobre rapaz era increíble. Laura planeou todo co máis mínimo detalle para a ponte de Semana Santa. Primeiro quedaría con el para iren ver a orquestra que tocaba na praza e despois irían dar un paseo á beira do río. Chegou o día esperado e chamouno pola

mañá cedo para que non se citara con ninguén máis.

Quedaron ás dez na praza, como a orquestra rematou cedo, propúxolle o do paseo e el aceptou. Xusto acababan de construír unha ponte moi fermosa e cando a estaban cruzando, ela díxolle:

-Podemos descansar un momento? -Ao que el respondeu.

-Claro que si, por ti o que faga falla. -Isto aínda a cabreou máis do que estaba e aproveitando que el lle estaba dando as costas, mentres contemplaba o río, empuxouno e bateu coa cabeza nas pedras do fondo, perdeu o coñecemento e afogou. Ela non contaba con ese pequeno detalle xa que a súa intención era que seguise o curso do río ata saír da cidade, onde había unhas arbores que lle cortarían o paso.

Atordada polo sucedido volveu para a casa e polo camiño atopouse cos seus compañeiros que aínda marchaban daquela. Preguntáronlle polo rapaz porque a viran marchar con el pera ela mentíulles.

-E que tivo que marchar para a casa que o chamou seu pai agora.

Unhas semanas despois apareceu na entrada da cidade e fíxoselle un enterro digno aínda que Laura non apareceu por alí. Fará agora trinta anos do ocorrido e segue sen saberse a verdade. Eu sei xa que ese día estaba alí, no río, pero non preguntedes o porqué xa que esa é outra historia.

## SMS:

Yénifer López Sánchez

Aquel home perseguíaa, cando entrou no portal quedou no descanso, pero el seguía alí ollándoa

Escapou para pedir axuda. Cando volveu xa non estaba, só quedaba o maletín que traía unha pistola dentro.

## A SOMBRA QUE NOS SEGUÍA

Lydia Veiras.

Cada vez que leo estas páxinas do meu diario danme arrepiños, pensar que me sucederon tantas cousas nun día. O sábado pola mañá acordei moi fatigada e cansa pero animábame pensar que ao día seguinte eran as festas da miña vila. Este día foi moi aburrido e ademais estaba moi intranquila porque tiña ganas de que chegara o domingo. Por fin chegou a noite e deiteime moi cedo para erguerme ao día seguinte cando saíse o sol e ter tempo para acicalarme. E así sucedeu. Espertei cedo, arregleime e marchei con meus pais para a festa. Estaba de camiño á feira anual de cabalos cando, de casualidade, topei cun dos meus mellores amigos. Decidín ir con el dar unha volta pola festa e entón encontrámonos con Adrian, Rafael e Lucas e fomos ver a carreira de cabalos.

Ás dúas despedímonos porque cada un ía comer á súa casa ou á dalgúns familiares. No meu caso xantei nunha casa rural que aínda que está no concello, fica moi arredada do lugar no que se celebra a festa por iso fomos, xa que queríamos un pouco de tranquilidade e silencio. Eu quedara cos meus amigos no pazo municipal ás catro. Xa pasaban cinco minutos e decidín saír cara a aló. Estaba andando por un camiño moi directo e sentía como se alguén viñera detrás miña. Era unha sensación rara, como se me estiveran seguindo. Pareime, mirei atrás e vin como unha sombra se agochaba. Apurei máis o paso que levaba. Cada vez o ruído de pasos sentíase máis cerca de min. Cando cheguei canda os meus amigos, conteilles o que me pasara e tomarono a risa.

Empezamos a camiñar pero esa sombra seguía aí. Entón os meus amigos si que o tomaron en serio e botamos a correr. Sentín polo aire algo semellante ao asubío dun humano pero confundido co cantar dun paxaro. Un pouco máis adiante víase unha furgoneta branca. Sentínme aliviada porque era a nosa única salvación. Coa intención de pedirlle axuda, dirixíme ao home que se encontraba naquel vehículo cando de pronto observei que estaba metendo á forza aos meus compañeiros pero non tiveron outra opción que permanecer alí polo que o meu destino non foi distinto do dos demais. Leváronnos naquel maldito vehículo. Estaba moi nerviosa porque ninguén nos podía salvar.

Os meus amigos intentaron inutilmente tranquilizarme. Cada vez estaba máis e máis nerviosa. Notei que o coche paraba e pensei que alguén nos encontrara e caera na conta de todo o que pasara.

Pero non, só eran imaxinacións miñas. O que pasara fora que chegamos a unha casa abandonada que nunca antes vira. Fóronnos baixando un a un. Oílle a un daqueles homes que non nos podían lastimar que se o facían, o seu xefe íase enfadar moito. Metéronme nunha cela. Atáronme para non me poder defender. O primeiro que pensei foi que se ían aproveitar de min pero para a miña sorpresa non o fixeron.

Os meus amigos estaban encerrados en celas individuais próximas á miña. Sentía como berraban e pedían auxilio pero ninguén nos podía escoitar. Caín na conta de que se tiñan que aproveitar de nós porque nos daban un bo trato e comida. Despois de pasar varios días e ante as repetidas queixas dos nosos pais, publicáronse as nosas fotos na televisión e nos periódicos e co obxectivo de atoparnos comentouse moito o noso caso na radio. Así que un día chegou un home, moi raro. Polo seu físico parecía o xefe. Isto sucedeu un luns. O martes xa faltaba un dos meus amigos. É así pasou co resto que foron desaparecendo pouco a pouco. Sabía que antes ou despois me ía tocar a min. Chegou o xoves e levaron a Lucas. Nese momento sabía que ao día seguinte me había tocar a min.

Cando levaron a Lucas non lembraron pechar con chave a miña cela. Fun valente e seguinos para saber o que lles fixeron aos meus outros amigos. Coeime na casa na que levaran a Lucas e por un buraco que había na parede mirei o que lle facían ao meu amigo. Caíanme as lágrimas pero tiña que reprimir as ganas de berrar. Vin como o anesthesiaban cun líquido vermello. Máis tarde deitárono nunha angarella, como a dos hospitais. Abrírono e extraéronlle os órganos. Entón comprendín que nos querían para traficar con órganos.

Escapei correndo, espantada polo que acababa de ver. Non podía crer que houbese xente tan mala, capar de matar por cartos a uns rapaces de catorce ou quince anos que están na flor da vida. Estiven correndo día e noite durante moitas horas sen mirar atrás. Por fin cheguei á miña aldea. Polas campás da igrexa eran as doce da tarde, a hora na que a xente ía para a misa e pasou ao meu lado un veciño que me recoñeceu. Viu as miñas fachas e repentinamente rompeu a chorar. Como estaba manchada de barro e tiña a roupa rota, pensaba que me maltrataran. Era Andrés, puideno recoñecer, pedílle axuda e levoume para a súa casa. Dúas horas despois chegou miña nai e o primeiro que fixo foi abrazarme. Logo, cando chegamos á casa, fíxome moitas preguntas.

O que máis me doeu foi contarlles ás nais dos meus amigos o que lle pasara a cada un deles e sobre todo á nai de Lucas, porque vira a operación cos meus propios ollos. A policía interveu e logramos que capturasen os homes que tanto dano nos fixeron. Sentínme aliviada ao saber que dera vingado as mortes dos meus amigos.

Aquí acaba a historia que escribín no meu diario. Desde que sucedeu isto cambioume a vida por completo, aínda que pasaron moitos anos, nunca volverei ser a mesma de sempre. A partir desta historia que me sucedeu escribín o meu primeiro libro. Desde entón todo me saíu ben aínda que non vou negar que cando saíu da casa ás veces sinto medo.

# Amor de verdade

Tania Muíño e Alba Rodríguez

Xoel e María xa dende que eran pequenos e ían xuntos á mesma gardería se levaban moi ben pero non como amigos senón que entre eles había algo especial, había “química”. Disto déronse de conta cando ían na primaria pero non quixeron comezar a saír ata primeiro de ESO que foi cando a Xoel lle marchou a vergoña e se declarou sen medo ningún. Os dous recordan moi ben ese momento porque el díxolle:

-Temos que falar nós os dous de algo moi importante para min. Pode ser agora ou estás moi ocupada? -Xa que a vira cunha pila de libros nas mans.

-Pois agora mesmiño teño clase de Ciencias Sociais e como aínda estamos comezando o curso, non me gustaría chegar tarde por non dar unha mala impresión que logo vai quedar para toda a ensinanza secundaria Se falamos diso noutro momento mellor, poderá ser?

-Si claro, por que non?

-No tempo de recreo vou estar na biblioteca pódeste achegar alí e falamos?

-O que pasa é que no recreo teño que ir xogar un partido de fútbol.

-E se te espero á saída? Pódeme acompañar á casa e así, polo camiño, falamos?

-Non podo. Vénme recoller miña nai no coche.

-E mañá?

-Vale, antes de entrar?

-E que sempre chego xusta para entrar pero eu intento vir un pouco máis cedo, e se non podo, xa te aviso ao móbil, vale?

-Vale.

Esa tarde Xoel estivera andando na bicicleta e cunha camiseta de manga curta, como se fose pleno verán pero só el tiña calor, os demais andabamos ben abrigados. Pola noite non puidera durmir nada porque lle doían moito a cabeza e a garganta. Ao día seguinte súa nai deixáralo durmir máis e non o despertara para ir ao instituto xa que sabía que non pegara ollos pola noite e así cando despertara, levábalo ao médico para que lle receitara algo que o curase.

El, ao despertar, pensou que era pola mañá cedo e como facía todos os días, vestiuse e ao baixar á cociña para almorzar, súa nai díxolle:

-Por fin espertaches. Xa pensei que ía ter que subir a tirache un vaso de auga pola cabeza como che fai teu pai - díxolle entre risas.

-Mamá, hoxe non é mércores?

-Si, por que o dis?

-Pois lévame ao colexio que xa non chego nin para matemáticas.

-Hoxe non vas ir que estiveches toda a noite mal e agora, despois de que almorces, voute levar ao médico para que che bote unha visual a ver que virus colliches ou se só é unha gripe normal.

-Pero se hoxe quedara con... -deuse conta de que non estaba a falar cun ningún amigo seu senón con súa nai e non rematou a frase.

.Que tiñas que facer hoxe?

-Nada, mamá, nada.

O neno subiu correndo ao seu cuarto e acendeu o móbil xa que sempre que durmía o apagaba para que non o molestasen. Cando acabou de cargar, apareceronlle unhas cantas chamadas perdidas de María e tamén unha mensaxe da mesma.

*Oa!Recordsm? Sn María, akela koa k kedaras ont pa falr xk mens mal k ers t o k kerias falr. Cand keiras dáme 1a boa explicación ou polo mens dim. Se segs viv, ok? Bikoshh, vemns wpo*

(Ola! Recórdasme? Son María, aquela coa que quedaras onte para falar porque menos mal que eras ti o que querías falar. Cando queiras dáme unha boa explicación ou polo menos dime se segues vivo, vale? Bicos, vémonos guapo.)

Ao ler isto quixo chamala pero o seu móbil estaba apagado ou fóra de cobertura entón acendeu o ordenador e decidiu deixarlle unha mensaxe no Messenger.

*Oa! Sn Xoel, keria pedirche perdn xk nn foi culpa miña o d k nn fose oxe a nosa cita se nn k foi cousa d miña nai xk nn me espertou pa ir o insti. Kerem levar o médico xa k nn pudn durmir en tod a note xk teñ gripe ou 1 virus ou ago así. Sinto moito, perdoasm?*

*Bikos wpa teek.*

( Ola! Son Xoel, quería pedirche perdón porque non foi culpa miña o de non ir hoxe a nosa cita se non que foi culpa de miña nai porque non me espertou para ir ao instituto. Quere levarme ao médico xa que non puider durmir nada en toda a noite porque teño gripe, un virus ou algo así. Síntoo moito, perdóasme? Bicos guapa quérote.).

O médico díxolle que tiña un virus moi raro e contaxioso. Por isto non puido saír da casa en tres días, despois de eses días xa viña a fin de semana polo cal non a puido ver ate o luns. Ese sábado e domingo foron interminables para el. Pero por fin chegou o esperado luns. Tan pronto a viu díxolle:

María!

-Por fin te vexo, desaparecido.

-Ola

-Como che vai con ese virus raro?

-Ben, ben xa estou como antes.

-Alégrome.

-Antes de que teñas que marchar ou de que nos interrompan ou algo así. Pódoche facer unha pregunta?

-Si, dime.

-Comezamos a saír? –María puxo cara de asombro e contestou.

-Pois... isto.... si.

Tan só con oír o ese do si xa a bicou sen que lle dese tempo a dicir nada máis. Ela seguiu bicando e todos os que estaban ao seu redor quedaron abraiados. Por que ninguén esperaba que ese dous estiveran algún día xuntos. Saíron durante tres anos até que decidiron a formalizar a súa relación. Cando pasou isto, os dous tiñan xa quince anos e medio cumpridos. O día once de maio facían os tres anos xuntos como parella, María organizou unha festa cos seus amigos durante toda a tarde e, como na súa casa non había ninguén durante toda a noite, despois da festa foron os dous sós para a casa da rapaza. E despois dunha cea romántica que preparara ela, fixeron o amor apaixonadamente. O rapaz quedou a durmir na casa dela.

Despois duns anos, cando xa ían en segundo de bacharelato entre eles todo seguía indo xenial. Aprobaron os dous todo xa que eran moi bos estudantes e cada un tiña que seguir a súa vida pois a partir de alí tiñan camiños moi distintos por diante porque el quería estudar enxeñería e ela medicina. As universidades ás que querían ir estaban moi lonxe unha da outra. Como non podían estar xuntos e, ao mesmo tempo, estudar o que querían, decidiron seguir coa súa relación á distancia aínda que ninguén llelo aconsellaba. Pero a eles funcionoulles. Cando saíron da universidade, casaron e dedicáronse ao que lles gustaba. O que demostra que o amor, cando é amor de verdade dura toda a vida aínda que os namorados se teñan que separar.



## Non te namores se non queres sufrir

Tania Muño e Alba Rodríguez

Despois de dous meses, un rapaz decide mandarlle unha mensaxe á súa moza para romper con ela coa excusa de que xa non lle gustaba ela, senón outra. A rapaza esa mañá esperta ao oír o son do teléfono e chégalle unha mensaxe. Ao ver que era del, púxose moi contenta, esperaba que fora para quedar aquela mesma tarde pero ao lelo, poñía:

*Oa! K tl? Teño k dicirxe 1a cousa. Sinto moito peo aoa molame outra asik mellor cortams e kedams com amigos e na +, ok? Bks wpa*

(Ola! Que tal? Teño que dicirxe unha cousa. Síntoo moito pero agora gústame outra así que mellor cortamos e quedamos como amigos e nada máis, vale? Bicos guapa).

Ela púxose moi pero que moi mal. Pasou de ser unha rapaza que sempre estaba na rúa cos seus amigos a encerrarse no seu cuarto, non falar con ninguén e case non comer. Os seus amigos como non a podían ver así, decidiron saír con ela para que se distraese e se esquecera del. Conseguírono, polo menos mentres que estaban con ela aínda que cando chegaba á casa, volvíase poñer mal e ao final despois de moito pensar acababa todos os días chorando por culpa del.

Un sábado pola noite un “amigo” seu acompañábaa á casa. Polo camiño ía pasar o que eles dous desexaban dende había un tempo pero... ao final non pasou porque se lles arrimou outro rapaz máis, non ían empezar a pegarse o lote diante del e deixalo apartado. Esperaron ata o sábado seguinte cando si que puideron estar os dous a soas. Ao final, cando a rapaza xa se esquecera do primeiro e estaba súper ben con este, recibiu unha mensaxe do outro.

*Xfa prdoam xk te necesito na miñ vida xk m dei conta d k aínda m molas, d k nn pod vivr sen ti e d k nn t pod ver con outros, volvemos intentalo? Bks wpa keot muto*

(Por favor perdóame necesítote na miña vida porque me dei de conta de que aínda me gustas moito, de que non podo vivir sen ti e de que non soporto verte con outros, volvémolos intentar? Bicos, guapa, quérote moito.)

Ela ante este dilema contestoulle, despois de moito pensar.

*Sinto moto peo nn xk xa xe xega cn k seams amigos e oxalá sufras tanto com eu sufrín.*

(Síntoo moito pero non porque xa che chega con que sigamos como amigos e oxalá sufras tanto como eu sufrín).

A reacción dela non é rancor cara a el senón que só é o que fai o amor porque se non queres sufrir, non te namores.



## Dante

Tania Muíño e Alba Rodríguez



Ola, chámome Dante e teño 499 anos aínda que me sinto como se tivera uns vinte ou así. Isto que non vos soe raro porque son un vampiro. A miña vida é moi distinta á dun humano xa que só me relaciono con outros vampiros, eles son os únicos que poden comprenderme e, ademais, dende sempre me prohibiron tratar coa xente, por este motivo nunca falei con ningunha persoa aínda que tiveren moitas veces a tentación de achegarme aos humanos e de facer algún amigo entre eles pero todo nesta vida non pode ser.

Os rumores que se contan sobre nós, son verdade en parte pero non todo, creo que esaxeran un pouco. Vos preguntáredesvos como a xente soubo esas historias sobre nós pois foi por medio dealgún vampiro adolescente que non pode estar calado e que quere chulearse; coma os humanos creñese moito por saltarse as normas, ningún quere ser menos, andan falando por aí e despois son castigados, á nosa maneira pero son castigados. Aplícaselles un lavado de cerebro para que esquezan todo o que fora a súa vida e tamén todo o que saben sobre os vampiros e despois convértenos en humanos normais e correntes.

Hoxe, aquí, vouche aclarar todos os rumores que existen sobre nós, distinguindo a parte verdadeira e a parte inventada. Empezamos polo rumor sobre o lugar onde vivimos. Téñenme dito moitas barbaridades pero a verdade é que unha das cousas que se din é verdade, xa que eu, polo menos, vivo nun vello castelo abandonado, no alto dun fermoso outeiro, que me deu meu avó antes de morrer xa que a el o castigaran converténdoo nun vampiro mortal porque o pobriño non sabía estar calado. Nós en cambio non somos mortais, isto significa que nunca imos morrer. A menos que un once de febreiro dun ano que acabe cunha cifra par ou en cero, mentres esteamos durmindo, nos craven unha punta de bronce no peito e digan unha pequena frase “Morre vampiro e non volvas por este camiño”. É a única maneira de matarnos pero a verdade é que é complicado conseguilo porque teñen que coincidir moitas cousas, antes de nada tesnos que atopar e debes ter en conta que somos de sono lixeiro e que se oímos algún ruído estraño, espertamos.

En relación ao asunto de durmir debo dicir que si, durmir durmimos aínda que non como a xente pensa. Si que é verdade que no sitio de ter unha cama, durmimos dentro dun cadaleito pero estes están moi ben acondicionados e decorados ao gusto de cada un. Por exemplo o meu ten forma de botella de Vodka e cando me meto dentro del para durmir, aparenta estar cheo. Tamén coñezo xente que o ten con forma de corazón, de coche de fórmula un e até con forma de lata de sardiñas. Fanse con moita imaxinación e adoitan ser bastante orixinais.

Volvendo ao tema que estabamos a tratar, a xente di que durmimos todo o día e que “imos de caza” polas noite pero non é así porque case non durmimos. Os días que máis se nos vai a cabeza, a cousa durará unhas dúas ou tres horas como moito. Por iso temos esa cara de mortos porque non durmimos o suficiente e así andamos!

O de “ir de caza polas noite” en parte é verdade pero xa non se leva iso de “ir de caza de humanos”. Agora xa quedan moi poucos que se alimenten dese sangue. Os nosos avós facíano pero até eles agora xa se acostumaron a, en vez de chuparlle o sangue á xente, facerllelo aos animal. A min, en especial, encántame o sangue de ovella e de tenreiro pero iso vai sobre os gustos de cada un.

Outro rumor estendido é o de que non temos reflexo pero iso nunca se puido comprobar porque no noso mundo, nin agora nin nunca existiron espellos ou calquera outro material semellante xa que simplemente non nos gustan.

O último mito que me contaron foi o dos allos que dis que nos repelen pero non son precisamente os allos os que nos provocan esa reacción senón que cando usan a técnica dos allos o humano que os teña de colar ten que dicir non sei que frase absurda e iso é o que nos dá medo porque, como xa dixen, temos totalmente prohibido falar con persoas.

O único consello que vos dou é que nunca entredes nun castelo, casa ou en calquera sitio abandonado que coñezades porque o máis probable é que aí viva algún vampiro e despois pasa o que pasa. Andade con moito ollo porque... sabemos onde vivides.

## Gracias á cabana

Tania Muíño e Alba Rodríguez

Todo comezou cunha idea que tivo Natalia, máis coñecida como "La Naty". A idea desta foi seguida por todas as demais que formaban o resto do grupo. Consistía en facer unha cabana dunha vella casa abandonada que atoparan no medio do monte durante unha das súas expedicións. Esta casa estaba aínda sen rematar de construírse, faltáballe o tellado xa que agora era só unha superficie lisa como se aínda tivesen pensado botarlle outro piso máis ou algo así. Polo visto os donos morreran sen rematala e os familiares non a querían debido á súa localización no medio do monte sen forma de chegar cun coche.

As rapazas ían pasar alí a maioría das tardes, sobre todo nas primeiras semanas xa que aínda a estaban a "decorar" con camas vellas que xa non usaban, un sofá que tiraran porque estaba un pouco roto, colchóns vellos que atoparan e cousas así. Todas recicladas. Coa chegada do verán acabáronse as clases e, como tiñan moito máis tempo libre, estaban alí horas e horas. Algúns días levaban amigos e tamén máis amigas e incluso unha noite até chegaron a convencer a seus pais para que as deixaran quedar a durmir. Supostamente ían quedar só as rapazas xa que ía ser unha noite de mulleres ou polo menos foi o que lles fixeron pensar aos pais. Xa antes de media noite chegaron os rapaces e con eles trouxeron botellas de alcohol porque pensaban facer botellón.

Todos e todas remataron demasiados "contentos" e como non sabían qué facer, entre unha cousa e outra, ocorréronlles xogar ao famoso xogo da botella. Este consiste en sentar todos e todas os que queiran participar en forma de círculo e coa botella, neste caso de Ballantines, no centro do corro. Faise xirar a botella e cando esta se para, sinala a dúas das persoas que estaban sentadas no círculo. Estas terán que facer algo que os outros digan. Ao principio do xogo só tiñan que darse un bico na boca, despois pasou a ser que se tiñan que liar e ao final xa se tiñan que encerrar nun dos cuartos da casa sós e aguantar alí metidos durante o tempo que viran oportuno pero sempre tiña que ser máis de media hora. Esa noite todo o grupo de amigas acabaron perdendo a virxindade.

Todos "durmiron" esa noite na casa abandonada pero ao día seguinte, nada máis espertar, os rapaces marcharon para as súas casa xa que non podían coa dor de cabeza que tiñan. As súas nais notáronllo nada máis entrar pola porta e como xa fixeran moitas máis cousas, acabaron por fartarse deles. Menos a un ao resto botáronos das casas. Como non sabían a onde ir, despois de moito pensar, ocorrúselles ir xunto ás rapazas que seguirían na casa abandonada a contarlles todo

o que lles pasara. Ante esa situación deixáronos quedar por unha temporada na casa. Elas tamén ían quedar porque os pais dunha marchaban de vacacións, outra supúñase que ía nun campamento ao que a apuntaran os pais pero ao que ela non fora e aos pais da outra non lles importaba o que ela fixera con tal de que non a tiveran que soportar.



De alí a un mes xa tiñan que ir durmir ás súas respectivas casas pero só as rapazas polo que quedarían sós os rapaces pero isto sería pola noite nada máis porque polo día as rapazas seguirían indo durante tempo e tempo. Natalia, despois dun tempo, deuse de conta de que engordara un pouco e ademais disto todas ou case todas as mañás tiña ganas de vomitar pero non lle dera maior importancia até que despois dun mes enteiro non lle baixaba a regra. Entón, decidiuse a falar con súa nai e a comentarlle o que lle estaba a pasar. A nai sospeitou que o día que fixeran o botellón a súa filla fixera algo cun dos rapaces que tamén foran e tras preguntarllo, a rapaza non sabía como responderlle porque estaba case convencida de que si, pero non podía sabelo porque non recordaba nada.

A nai, preocupada, pediulle a vez para ir ao médico e este confirmou as súas sospeitas, Natalia estaba embarazada. En canto o médico llo dixo, a nai intentou manter a calma, xa que o supuña, pero aínda así, con todas esas, tivo que sair a tomar o aire mentres o médico conversaba coa rapaza. Subiron ao coche coma se nada e ao chegar á casa mantiveron unha conversa materno-filiar. Despois de pensalo moito decidiron que si ía seguir o embarazo e ter ao meniño. Pasou o tempo. En ocasións tanto Natalia coma súa nai se arrepentiron da decisión pero cando naceu un precioso neno rubio de ollos verdes, coma elas, sentíronse moi afortunadas.

Tras varios anos cando Miguel, o seu neno, xa era grandíño, contoulle por que ela aínda seguía a estudar e non era coma as demais mamás que quedaban na casa a facer os labores do fogar e xa ían maiores pero, claro está, o rapaciño aínda non entendía moito e cando llo acabou de contar simplemente lle deu unha aperta que a Natalia xa lle serviu de moito.

## Secuestro ou abdución?

Tania Muño e Alba Rodríguez

Hai uns días saíu nas noticias o estraño caso dun “secuestro” por así chamalle. Foi na localidade de Vila Longa. Digo de o estraño porque nos arquivos da policía non consta que houbera un secuestrador, vovos contar o porqué.

Un día pola noite, un rapaz de 17 anos, Xoán, estaba estudando na casa, xa que ao día seguinte tiña un exame de ciencias sociais, cando oíu uns ruidos que viñan do xardín. Quedou parado, inconscientemente, no sitio escoitando para ver se os daba recoñecido. Como cesaron, non lle deu maior importancia e seguiu ao seu. Ao cabo dun cuarto de hora ou así, volvéunos sentir pero esta vez soaban máis preto da casa e incluso como máis altos. Entón, abriu a porta, saíu ao corredor e achegouse á habitación de súa irmá, xa que esta era a única que estaba esperta ademais del. Preguntoulle se oía algo. A rapaza díxolle que non e intentouno convencer de que seguramente fora que de tanto estudar, se estaba volvendo un pouco paranoico, cousa que lle dixo de forma burlesca, claro está.

Xoán, marchou de alí, un pouco cabreado polo que lle acababa de dicir Claudia, a súa irmá. El sabía que non se estaba volvendo paranoico. Ía dándolle voltas ao comentario da irmá porque tomara en serio as súas palabras. Colleu o libro, sentou na cama e seguiu estudando.

Sobre a unha da madrugada, cando xa durmía placidamente, volvéronse sentir uns ruidos. Esta vez eran uns fortes golpes nas escaleiras. Saíu correndo e o que alí presenciou non se pode explicar con palabras. Poderíase dicir que estaba ante a presenza duns seres moi estraños que, por suposto, non eran humanos, nin nada semellante.

Claudia e os seus pais, ao oír tanto movemento na casa, saíron até o corredor para ver que era o que sucedía e quedaron perplexos ante aquilo. Estaban inmóbiles pero puideron ver como estes seres levaban con eles o seu único fillo varón. Vírono pero non o puideron evitar. Antes de que saíran pola porta enxergaron a cara de abraio de Xoán e, á vez, escoitaron algo.

-Por fin! Estaba esperando que chegara o día en que isto sucedera dende había moito...

Coa mesma desapareceron nun raio de luz tan intenso que

fixo que quedasen cegados por un momento. Aínda así puideron ver como marchaban cara ao ceo. O pai saíu correndo en dirección á estrada gritando, pero era algo tarde porque xa non estaban. Decatouse de que por moito que berrara non ía regresar e volveu para a casa. Unha vez dentro sentaron os tres na cociña e estiveron alí sen falar aproximadamente dez minutos.

Claudia, chorando, foi para a habitación, seguida pola nai e mais o pai.

Ao día seguinte na hora do almorzo estaban todos como se nada acontecera a noite anterior e mentres poñía unhas cuncas sobre a mesa, a nai comentou.

-Volvéronse pegar a sabas ao noso Xoán?

-Non sei -contestou a filla-, creo que onte quedou estudando ata tarde, oínlle algo de que hoxe tiña un exame moi importante ou algo así.

-Anda, vaino chamar, a ver se esperta dunha vez por todas. Porque eu antes, cando pasei por diante do seu cuarto, xa lle botei o berro de todas as mañás pero parece que non me oíu.

-Vale.

Mentres a rapaza subía as escaleiras, a nai contáballe ao marido que tivera un pesadelo demasiado estraño.

-Sabes que, meu amor?

- Dime.

-Esta noite tiveron un soño estrañísimo. Era tan real que creo que chorei e todo.

-Ou, muller, quen morría para que te fixera chorar? -Contestoulle o home engadindo unha pequena gargallada.

-Non morría ninguén ou iso creo pero levaban o noso Xanciño.

-Quen? Non me digas que encontrara moza e marchaba da casa porque entón eu non choraría senón que faría unha festa.

-Ai, pois a verdade non sei que eran aínda que parecían extraterrestres ou algo así.

-María, como che teño que dicir que non existen. Nesas parvas só cre o parvo do noso fillo que con tantos bechos deses non sei como aproba os exames do instituto.

Coa mesma aparece Claudia, pálida e co libro que tiña a noite anterior seu irmán na súa man dereita.

-Xesús, nin que viras unha pantasma ou algo así. Que che pasa?

-Xo... Xo... Xoán non está no seu cuarto.



## Un neno moi especial

Tania Muño e Alba Rodríguez



Todos vimos algunha vez os nenos, cando son pequenos, falando supostamente cos seus amigos imaxinarios. Isto fan todos os nenos, menos un moi especial. Este chámase Adrián e non fala só se non que fala, entende e preocupase polos electrodomésticos do seu fogar. Este poder parece totalmente inútil pero non o é porque o neno escóitao e intenta resolver os problemas, que, aínda que pareza mentira, teñen, para que estean contentos e así funcionen mellor e lle fagan máis caso a nai do neno mentres realiza os labores do fogar.

O máis orixinal de todo isto é como o neno descubriu que tiña este poder porque foi nunha noite de verán na que os pais de Adrián decidiran ir cear fóra, eles a soas e mentres o pasaban ben, Adrián supúñase que ía estar na cama durmindo. E con el o seu avó, que quedara para coidalo. O avó, que adormecera mirando a televisión, era destas persoas ás que aínda que lles caía a casa enriba, non espertan.

Adrián non podía durmir porque tivera un pesadelo e despois de botar moito tempo aburrido metido na cama esperando a que lle viñera o sono decidiu baixar as escaleiras e ir até o salón porque oíra a televisión. Ao ver que o que pasaba era que seu avó estaba durmindo, non se molestou nin en intentar espertalo porque xa sabía que iso era practicamente imposible.

O neno non sabía que facer para que lle viñera o sono. Entón recordou que súa nai sempre lle daba un vaso de leite antes de ir durmir e pensou que iso ao mellor lle axudaba. Empezou a andar cara á cociña cando volveu oíu ruidos estraños, esta vez procedentes de alí e como estaba seguro de que seu avó non era, decidiu ir investigar. Entrou ás apalpadadas para non asustar a quen fose que estivera facendo tanto barullo.

Despois de recorrer toda a cociña sen ver nada, decidiu ir prender a luz a ver se daba descuberto o que alí pasaba porque xa estaba seguro de que unha persoa non era, que eses ruidos non procedían de ningún animal así que prendeu as luces e xusto nese momento, o alboroto cesou.

-Ei quen anda aí? -dixo o rapaz e os electrodomésticos empezaron a falar pensando erradamente que el non os oía.- Quen está a falar? -continuou dicindo o neno ao non saber de onde procedía o son.

Os electrodomésticos quedaron abraizados.

-Escóitarnos? -Soltou o frigorífico.

-Si, pero quen es?

-Son o frigorífico. Pero non son eu só o que falo, aquí falamos todos.

-En serio que nos podes oír?

-Si, por que che estraña tanto?

-Porque ninguén antes nos puidera oír nunca.

-Pois eu si. E que tal é isto de ser un electrodoméstico?

-Pois pola miña parte ben, só que poderías achegarme un pouco a estufa, que estou morrendo co frío e o de ser "combi" e ter o conxelador debaixo non me axuda moito.

Mentres os electrodomésticos lle falaban ao neno, este aproveitaba para coller un vaso, enchelo con leite do frigorífico e metelo no microondas.

-Menos mal -díxolle o microondas- que esta vez é leite porque estou cheo de ter que quentar flocos de millo, nin que fora unha galiña.

-Perdón, intentarei facer menos.

-Grazas.

O neno quedou falando un pouco máis co frigorífico e co microondas ata que ao final quedou durmido no chan da cociña. Cando chegaron seus pais, vírono alí deitado e estrañáronse. Intentaron levalo para a cama sen espertalo sen conseguilo.

-Que facías durmindo no chan da cociña?

-Quedei durmido mentres falaba co frigorífico e co microondas.

-Durme, anda, durme -díxolle seu pai entre risas.

Ao día seguinte espertou antes que os seus pais e quíxolles facer o almorzo. Empezou a preparalo pero púxose un pouco nervioso o pobre rapaz porque nada lle saía ben e cando ía facer o café, a cafeteira faloulle.

-Chico, eu creo que te tes que relaxar un pouco, respira profundamente e descansa. Mírame a min, sempre co meu cafeiño, sempre tranquila.

-Si pero é que eu son aínda moi pequeno para tomar café.

-Entón, para quen o preparas?

-Para os meus papás.

-Teñen boa sorte de que te preocupes tanto por eles.

Despois de almorzar, súa nai íase poñer a pasar o ferro e, entre tanto, recibiu unha inesperada chamada telefónica. Mentres que ela falaba o rapaz acercouse ao ferro porque parecía estar preocupada por algo.

-Pásache algo?

-Creo que teño moitos buratos, non?

-Non, é normal, es un ferro. Todos sodes así.

-Pero necesito unhas vacacións porque estou un pouco pasada de voltas, non cres?

-Non, por que?

-Non ves que cada vez que me quento boto fume?

-Si, pero iso tamén é normal.

-Pois entón nada, logo.

Nese mesmo momento xa volveu a nai e seguiu pasando o ferro. Así era todos os días ate os nove anos cando o seu súper poder empezou a desaparecer. Ata que o perdeu completamente o día en que cumpriu dez anos porque só os nenos na súa infancia cren nos monstros, fadas, príncipes, princesas e nas cousas que non se poden ver. De modo que como el xa non cría nesas cousas o seu poder desapareceu e ata el se convenceu a si mesmo de que iso nunca lle pasara e explicábao dicindo que el fora un neno con moita imaxinación.

## SMS

Yenifer López

Cando cheguei, a porta estaba aberta.



## SMS

Yenifer López

Espertei nunha cama distinta á aquela na que me deitara.

# Unha nova vida cunha pequena sorpresa.

Tania Muíño e Alba Rodríguez

Sandra é unha rapaza que aos 15 anos tivo que cambiarse de instituto porque seu pai estaba enfermo e tivérono que internar no hospital Vall d'Hebron para aplicarlle o tratamento que necesitaba. Ela mais a súa familia vivían en Galiza e tivéronse que mudar para Barcelona que era onde estaba este hospital. Víronse obrigados a comezar unha nova vida. Ela tivo que empezar nun instituto diferente, con novos compañeiros un tanto estraños.

Nos primeiros días non se fixo amiga de ninguén xa que a miraban como se non fose deste planeta. De alí a unha semana coñeceu un rapaz, Cristián, que non a trataba como o resto, xa que a este lle gustaba. Cando ela se deu conta diso, decidiu seguirle o xogo a ver que pasaba. Un día Cristián fíxolle unha proposta.

-Queres vir comigo a coñecer o instituto?

-Agora?

-Si.

-Pero se agora temos clase de matemáticas, non?

-Si pero por perder unha hora non nos dirán nada e se preguntan, dicímoslles que te sentías mal e que te tiven que levar á enfermería, vale?

-Por min, vale, porque tampouco teño moitas ganas de aguantar o profesor.

El, que era o que sabía o camiño, ía diante e levaba a Sandra collida da man. Esta estaba moi contenta xa que nunca ningún rapaz a levara a coñecer o instituto e moito menos o rapaz que lle gustaba. Así que levaban visto boa parte do instituto, levouna ao soto do colexio, no que había un longo corredor con tres portas. A primeira daba a unha pequeniña habitación que estaba chea de papeis, archivadores e obxectos que os rapaces perden e non se lembran máis deles. Na segunda estaban os aparellos do conserxe e unha cadeira, xa que tamén é o seu lugar de descanso, e a última era a da caldeira, alí estaban os contadores do colexio e un enorme queimador que quenta a auga de todo o instituto. Ó fondo había dúas mesas e unhas cantas cadeiras apiñadas nunha esquina.

-Podemos marchar de aquí? -Preguntou Sandra ao non encontrarlle sentido a estar vendo aquilo.

-Logo, tes moita présa?

-Non.

-Entón que é, que me tes medo?

-Non, téñocho que ter?

-Iso depende de como me vexas...

-Non te entendo. Que queres dicir con iso?

Antes de que Sandra puidese dicir nada máis, Cristián achegóuselle, quedando a escasos centímetros dela.

-Depende de se me ves como un amigo, que só che quere ensinar o instituto ou como algo máis... -díxolle ao oído.

Sandra, por primeira vez na súa vida, sentiuse segura de si mesma e case sen pensalo lanzouse e bicouno. Este tardou en reaccionar ante a inesperada resposta. Aínda que estaba un pouco sorprendido, seguiu bicando. Estiveron así preto de dez minutos. A rapaza tiña a intención de marcharse despois do bico pero Cristián colleuna pola man e tirou dela cara a dentro da habitación e cerrou a porta tras de si. Sandra estaba un pouco preocupada xa que ela non contaba con que tivera esa reacción. Por iso, parouse en seco.

-Que fas?

-Ti que cres?

Sandra tremía co medo xa que el se volveira un pouco



agresivo porque a agarrara e a levara á forza cara ao fondo, onde estaba unha das mesas. El estaba xa desabotoando os pantalóns cando ela, moi asustada porque xa sabía o que viña a continuación, intentou escapar pero a porta estaba pechada e non tiña a suficiente forza para conseguir abri-la.

-A onde cres que vas? -díxolle Cristian un tanto sarcástico.

-Quero marchar, non debía estar aquí, non sei por que che fixen caso e te seguín.

-Eu si que o sei, guapa!

-Non, ti non sabes nada de min porque aínda non me coñeces. Se me coñeceras soamente un pouco saberías que non quero estar contigo aquí.

-Que ten de malo estar aquí? A todas as rapazas coas que estiven as trouxen aquí e todas saían moi contentas.

-Non che digo que non pero eu non son como ningunha delas.

-Muller, non sexas así. Anda, vente que o imos pasar ben un anaquiño e despois xa subimos os dous xuntos para a clase, vale?

-Como cho teño que dicir para que o entendas. Que non quero!

-Pero quero eu e xa está, vale?

Mantiveron unha acalorada disputa durante un tempo pero el acabouse cansando de discutir e como sabía que lle podía, empuxouna contra a mesa e ao final pasou o que Cristián quería que pasase e á rapaza até lle gustou e todo. Ao día seguinte Cristián tan pronto a viu, faloulle.

-Ola guapa! Que opinas do que pasou onte entre nós?

-Que queres que opine?

-Ao final gustouche ou non?

-Pois ti que cres?

-Que si pero como non querías pois non sei.

-Pois claro que si.

-E entón por que non querías?

-Pois a verdade é que non sei pero supoño que sería porque nunca o fixera e tíñalle un pouco de respecto.

A súa conversa foi interrompida polo timbre que marcaba o comezo das clases, cada un sentouse no seu sitio correspondente e participaron na clase con normalidade, á excepción dun pequeno detalle. Cristián estaba sentado detrás de todo e Sandra na segunda fila, e como cada dous por tres se xiraba para mirar para el, o profesor acabouse cansando e mandouna para o despacho de Pamen, a directora do seu instituto. En canto a rapaza saíu pola porta, Cristián púxose de pé, díxolle ao profesor que lle doía moito a barriga, pediulle permiso para ir á enfermería e este deixoulle. Saíu a toda présa, para poder alcanzala e en voz baixa intentou botarlle un berro, ela parouse e esperou por el. Acercáronse e foi el o primeiro en falar.

-Antes non acabamos a conversa.

-Pero tampouco era tan importante como para que tiveras que saír detrás de min, non?

-Home, importante, importante non era pero nunca me gustou deixar nada a medias.

-Pois xa que non era importante, volve para dentro da clase que te van expulsar, a canda min.

-Non que lle pedín permiso para ir até a enfermería coa excusa de que me doía moito a barriga.

-Pois eu teño que ir a xunto de Pamen así que...

-Antes quero que me contestes a unha cousa.

-Que?

-Por que pasaches toda a clase mirando para min?

Sandra quedou pensativa un intre, non quería dicirlle que empezaba a sentir algo por el, xa que non estaba segura e contestoulle.

-Non miraba para ti, que saibas que non es o centro do mundo, non todo xira en torno a ti.

-Xa, xa seguro. A todo isto, do que estabamos a falar pola



mañá... agora que xa o fixeches xa lle perdiches o medo, non?

-Podería dicirse que si, por que?

-Digo eu que agora que xa sabes como vai a cousa podiamos repetir outro día, ti que dis?

-Pois... digo que teño que marchar e que ti deberías volver para a clase que seguro que xa te botan de menos.

-Mentres me botes ti de menos... o resto non me importa.

Ela xirouse en dirección contraria e botouse a camiñar polo corredor adiante e cando estaba entrando pola porta do despacho, ao lonxe puido oír un "contestarasme" e de seguido unhas risas. O director, sorprendido, preguntoulle que facía alí, para el era unha das mellores alumnas, que atendía en todas as clases, non alborotaba e tampouco se relacionaba con rapaces problemáticos. Isto último estaba a piques de cambiar. Os días pasaron coma se nada e cando xa levaba alí máis dun mes, xa tiña o seu grupo de amigas feito e tamén gañara a confianza de moitos compañeiros máis. Unha mañá algúns profesores ían de excursión, a un museo, pero só levaban a parte do alumnado. O grupo de Cristián e Sandra non ía ir pero non puideron dar clase normal xa que a maioría dos profesores faltaban. Nestas horas libres algúns andaban polos corredores mentres que os outros quedaban

falando dentro das clases. Nunha esquina desta estaba sentada, no chan, Sandra, cando Cristián entrou pola porta e ao achegarse a ela, viu que estaba chorando. Entón sentou ao seu carón e comezaron a falar:

-Que che pasa?

-Na... na... nada... -contestou entre saloucos.

-Non sei ti pero eu, normalmente, cando choro, é por algo.

-Si pero eu non son coma ti, eu choro por calquera cousa.

-Pero aínda que sexa calquera cousa podes confiar en min e contarma porque para eso estamos os amigos, non?

Mirouno aos ollos, podía dicir que o mirou directamente ao corazón. Colleuno pola man antes de falarlle.

-Esta ben, direicho pero coa promesa de que non llo vas ir contando por aí a ninguén, vale?

-Prométocho.

Tirou del cara a fóra da aula e despois foron en dirección a



un cuarto pequeno que ninguén usaba, alí sentaron e Sandra, entre lágrimas, continuou.

-Xa che digo desde o principio que non estou moi segura do que che vou dicir pero prefiro asustarme xa agora e se despois non é nada, mellor.

-Pero dimo dunha vez, non lle deas tantas voltas.

-Podería estar... -a rapaza colleu aire, mirouno aos ollos e por fin rematou- embarazada.

Cristián sobresaltouse xa que non esperaba que lle fose dicir tal cousa, como é normal púxose moi nervioso e comezou a facerlle preguntas.

-Pe... pe... pero como pode ser iso? Ti tes a regra verdade? Logo non che baixou? Cando che toca de que ba...

Non o deixou acabar, xa que non podía contestar todas as preguntas á vez.

-A ver unha por unha, por favor. Eu estou tan sorprendida coma ti.

-Antes de nada, se usamos condón, como estás embarazada?

Mentres que ela lle contestaba el reflexionaba sobre esa pregunta xa que neses momentos non estaba seguro de que o puxera e daquela si que se empezou a preocupar de verdade.

-Como estaba tan asustada, a verdade é que, precisamente, non me fixei se o poñías ou non.

-Cando che ten que baixar a regra?

-E... levo unha semana de retrase, por iso creo que si, que estou porque son coma un reloxo, vénme sempre igual pero esta vez está tardando moito. Iso ou vas ser pai, unha de dúas.

-Pero aínda che pode vir, non?

-Home, en teoría si pero é que...

-Si, si que es coma un reloxo, iso xa me quedou claro. Pero, canto se pode retrasar?

-Non sei, depende.

-Unha semana máis?

-...

-Pois dentro dunha semana xa me contarás.

E coa mesma marchou, deixando alí a Sandra chorando pero el a verdade é que non tiña moi boa cara. Só coa idea de ter que cargar con tanta responsabilidade xa se poñía enfermo. Durante toda a semana cada vez que se cruzaban nos corredores, el baixaba a cabeza e evitábaa canto podía. Iso, a ela, aínda lle facía máis dano pero Cristián non se daba de conta porque pensaba que se a ignoraba, todo iría mellor claro que era todo o contrario.

O venres buscouna por todo o instituto e non a atopou. Preguntoulles ás súas amiga e dixerónlle que a viran baixar con cara de morta cara ao soto. En canto lle dixeron iso, botou a correr polas escaleiras abaixo porque xa sabía onde estaba. Exactamente onde todo empezara. Efectivamente alí estaba, no cuarto da caldeira, sentada na mesa chorando. El achegouse xa con cara de preocupado polo que a rapaza lle podía dicir:

-E... que?

-Que de que?

-Baixouche ou non?

A resposta que lle deu era todo o contrario á que Cristián estaba esperando.

-Síntoo moito. Agora si que podo dicir con seguridade que estou embarazada.

-Non pode ser, é imposible.

-Si é posible porque o estou e ademais levo toda a semana



devolvendo polas mañás.

Cristián estaba cada vez mais pálido, empezouse a marear e tivo que sentar, unha vez acomodado no chan apoiou a cabeza na parede e xirouna cara ao fondo, botou unha mirada a toda a habitación e pechou os ollos. Deuse de conta de que nesa ollada vira algo onda a mesa, levantouse de golpe e tremendo porque esperaba o peor achegouse o fondo. Viu algo azul cando se lle escaparon unhas palabras “Outra vez non, por favor” agachouse para ver de preto o que era, colleuno e si, era o condón, estaba cerrado, moi ben cerrado, como a ultima vez que o vira. Sandra ao oírle esas palabras, preguntoulle que significaba pero como el non lle contestou, non lle deu mais importancia.

Agora si que o lembraba todo. Despois de haber estado falando, pelexáranse e cando a empuxara contra a mesa, caeralle do peto e coas présas xa nin lle acordou de buscar por el para poñelo, xa que nese momento non estaba pensando niso e foi directo. Sandra achegouse a el e en canto o viu con iso na man, deulle unha labazada e botouse a berrar.

-É todo culpa túa.

-Non fai falta que berres e moito menos que me pegues.

-Como non queres que berre? Mira o que fixeches. Pola túa culpa vou ser nai con quince anos. Ódiote, es a peor persoa do mundo. Es un cabrón que o único que

quere é foder con todas e se hai algunha que non queira, obrigala coma a min e por encima sen usar condóns.

-Muller, reláxate que as cousas tampouco son así como dis. Se no fondo tiñas ganas, non mo negues.

-Ter tería pero de quedar preñada non, iso asegúrocho.

-Iso foi un fallo técnico.

-Si pero co teu fallo técnico, arruináchesme a vida.

-Non me seguiras ata o soto.

-Vale, claro, agora vai ser culpa miña tamén, non?

-Por unha parte si.

-NON!

-A todo isto, túa nai sábeo?

-Non, que queres que morra xa dun infarto ou que? Ti non ves que ela xa ten moito co da enfermidade do meu pai.

-Eu só preguntaba, porque iso chega un momento no que non o podes esconder.

-Estás intentando gobername a vida? Non che chega xa coa que armaches?

Cristián, canso de oír que a culpa era toda súa, marchou e durante dúas semanas non apareceu polo instituto. Algúns dicían que marchara da cidade, outros que o botaran definitivamente do centro... Cando Sandra oíu este último comentario, preguntou.

-Como definitivamente?

Ao que as rapazas estrañadas lle contestaron:

-Pois iso, que din que o expulsaron ata finais de curso.

-Pero como pode ser se só o expulsaron unha vez, e para chegar a iso teñen que ser tres veces?

-Xa, unha vez este mes pero xa o botaran catro veces, antes de que ti chegaras.

-Como pode ser iso?

-Porque lavaba ás rapazas aos baños ou ao soto e alí pasaba o que pasaba. Os profesores acabaron dándose conta. E nunha destas ata deixara preñada a unha. O outro día dixéranlle que á próxima xa era a última. E volveríao facer.

-Vale, gracia pola información.

-De nada, pero supoñiamos que xa o saberías...

-Porque pensastes iso?

-Porque como erades tan amigos, pensamos que vos contariades todo pero xa vemos que iso ou era demasiado importante ou

aínda non tiña en ti a confianza suficiente.

Marchou correndo de xunto das súas amigas e sentou nun banco que estaba onda a porta da entrada. Nese mesmo momento entrou Cristián pola porta, ao velo púxose de pé e con cara de cabreada ía dirixirse cara a el pero detívose xa que detrás del estaba a nai de Sandra. Esta deulle unha aperta mentres lle falaba.

-Non pasa nada filliña, cando sexa así, sabes que mo podes contar todo. Non te preocupes porque mañá xa non terás que volver velo máis, e imos marchar para Madrid que teu pai ten que ir facer unhas probas. Ti mais eu pasamos por unha clínica especializada e xa verás como todo se arranxa.

A rapaza quedou inmóbil ante as palabras da nai. O único que fixo foi sentar e botarse a chorar. A nai dirixiuse ao despacho de Pamen para dicirlle que marchaban daquel instituto. Cristián sentou ao lado de Sandra.

-Xa sabes o que pasou antes de que ti chegaras verdade?



-Ao que ela asentiu coa cabeza pois xa que non era capaz de falar.

-Síntoo moito, en serio, pensei que nunca máis me ía volver pasar. Cando me pasou coa outra rapaza era a miña primeira vez. Estaba moi nervioso e ela estaba tan impaciente que me dixo que non lle importaba. Despois arrepenhiuse do que dixera e eu prometínme a min mesmo que nunca máis o ía volver facer sen poñelo pero non sei que puido pasar. En serio que o sinto. Como vas facer? Valo ter?

-Supoño que non, ou non oíches á miña nai que me vai levar a unha clínica?

-Pero marchades?

-Si, imos para Madrid e non habemos volver, en moito tempo.

Cristián despois de reflexionalo un pouco díxolle porque "lle gustaba ela e non outra."

-Antes de marchar mereces saber unha cousa. Cando

chegaches ao instituto, os meus amigos e eu vímoste tan fráxil e boiña que fixemos unha aposta a ver con cal te quedabas e con cal perdías a virxindade. En resumidas contas que todo era unha aposta e aínda que levas un recordo meu -rindo-, gañei eu a aposta. Así que, bonita, que che vaia ben na vida que eu vou seguir co truco do neno boiño que lle ensina o instituto ás rapazas novas, que sempre cae algunha. A nai xa a tiña collida pola man e estaban saíndo pola porta cando oíron que "Sempre cae algunha, que tontas que son as novas".

Mentres ían no coche cara a Madrid esas últimas palabras de Cristián repetíanse continuamente na súa cabeza. E non só nesa viaxe senón que tamén a acompañaron durante boa parte do resto da súa vida. Outra cousa da que se arrepenhiu foi de non seguir adiante e ter o bebe xa que así tería un motivo para volver a aquel colexio e amargarlle a vida ao seu amigo Cristián.

## SMS

Alba del Río, 3ºD

Por m8 q intntes olvidr o pasad da mnste nn se vai ese amr q deix marca e nn deixa vivir esas sn as secuels d un amr q E letal.

Se unh ferida de amr nn cura non acudas a un enfermer q xe fag curs E mellr acudir O cardiolog xq el s tn a soluciOn.

## SMS

Iria Juncal, 3ºD

Catro miñocas ían polo monte pitiplís pitiplás morreron esmagadas por unha pedra do camiño.

## ANCIÁ TOLA ROUBA BABEIROS

Iria Juncal, 3ºB

Pois si, como llo conto, o pasado sete de outubro, é dicir, onte, unha anciá entrou nunha tenda de bebés onde roubou parte da mercancía de babeiros. Ao pouco chegaron os servizos policiais e, por casualidade, un destes axentes resultou ser o fillo da señora. Éste non dubidou en detela e levala á comisaría onde pasará a disposición xudicial mañá.

## Sempre te amarei

Tania Muño e Alba Rodríguez

Espertei co son do meu teléfono móbil. Era unha mensaxe del, unha mensaxe onde deixaba moi claro que non quería saber máis nada de min. Non o podía crer, como podía rematar todo desa maneira? Que fora o que fixera mal? Por máis que buscaba non atopaba ningún motivo para que a miña fermosa relación con Xaime rematase así. Chameino pero non me respondía. Estaba desesperada. Que ía ser da miña vida a partir daquel intre? Eu son desas rapazas que cando teñen un problema, e máis como aquel, non lles deixan de aparecer pola cabeza milleiros de preguntas sen resposta. Eu seguí insistindo pero ninguén me respondía.

- Non vou parar ata conseguir unha boa explicación -rosmaba durante todo o tempo.

Cando xa ía coa décima chamada saíulle o contestador. -Son Xaime, síntoo pero neste preciso momento non te podo atender. Deixa a túa mensaxe despois do sinal. Eu xa me estaba fartando. Pero que raios lle acontecía? -Xaime, son Uxía. Necesito que me deas unha explicación. Que foi o que aconteceu? Non será que como eu non quixen facelo contigo, ti te tiraches a outra, non? Chámame cando escoites a mensaxe, por favor.

Non entendía nada! Pero se no día anterior, a última palabra que saíra dos seus beizos fora: ÁMOTE! Non fora quen de durmir esa noite e optei por abrir o caixón da mesiña de noite para coller unha desas pastillas que me receitara o médico para poder conciliar o sono en época de exames. Tomeina e quedei profundamente durmida. Cando espertei, xa era de día, un novo día, un día que aparentaba ser mellor que o anterior. Erguinme da cama, vestinme co uniforme, almorcei o mesmo de sempre e fun para o instituto, como todos os días, esperando atoparme con Xaime para que me dera unha boa explicación. Cando ía cara á miña clase, cruceime con el no corredor. Eu mireino e el devolveume esa mirada, esa mirada tan profunda que me volvía tola. ¡Pero algo acontecía! Xaime non era o mesmo de sempre, algo nel cambiara.

Entraron na clase. Nunca na miña vida fora tan aburrída a clase de galego, e menos falando da vida de Rosalía Castro. Durante toda a mañá busqueino por todos os lugares posibles pero non o atopaba, ata que decidín ir ao meu lugar, ese lugar tan fermoso a onde ía cando necesitaba estar a soas cos

meus pensamentos ou a escribir. O meu lugar segredo. ¡Non o podía crer! Que facía el alí? Como atoparía ese lugar? El, sorprendido, miroume.

- Sabía que virías para este lugar. Sei que mereces unha boa explicación e a pesar de que non cho quería dicir, para non facerche dano, son demasiado egoísta e quero, e necesito, pasar o que me queda de vida ao teu carón. Comezaron a esvarar polas súas meixelas gotas de auga que representaban a súa alegría e pena á vez. - Como que o que che queda de vida? - dixeron eu tremendo. - Si, Uxía, si, o que me queda de vida. Onte fun ao hospital e diagnosticáronme un cancro. Só me quedan uns meses de vida.

Neste intre parecía que o mundo se parase, que as palabras que saían dos seus beizos non eran verdadeiras. El comezou a chorar e eu acompañeino. Ao cabo dun tempo puxen as miñas mans na cara del e formulei unhas palabras que xamais poderá esquecer.

-Pase o que pase sempre te amarei.

Unha semana despois preparei unha cea romántica. Tiñamos a casa para nós. Cando rematamos de cear, eu comecei a espirme e el, abraído, preguntou.

- Estás segura do que vas facer?

- Non estiven máis segura de algo en toda a miña vida, ámote -Respondín convencida por completo.

- Esa noite, para ámbolos dous, foi considerara a máis fermosa da súa vida. Á mañá seguinte fun a primeira en espertar. Erguinme da cama e metinme na ducha. Cando ía para espertalo xa era demasiado tarde, o seu primeiro amor estaba profundamente durmido para sempre.



SMS:

Verónica Cruz Raña 3ºD

Teño medo, pois estou soa entre a escuridade da noite. Teño medo pero ninguén está comigo e non me poden axudar. Que fago aquí? Non o sei. – Filla esperta!

## “CELESTINA 3000”

Iria Juncal, 3ºB

Personaxes:

Juán: O rapaz popular dun instituto descoñecido.

Iris: A rapaza menos popular e a considerada máis fea do instituto de Ordes.

Alba: Celestina 3000

Araceli e Karla: Amigas e conselleiras de Iris.

Adrián e Santiago: Amigos de Juán.

Antonina: Nai de Iris.

*(Entra un xograr, acéndese unha luz celestial e céntrase o pano.)*

XOGRAR: Como o “windows” hai veces que a xente evoluciona igual que esta personaxe histórica de finais do século XV chamada Celestina. En realidade foi unha obra de Fernando de Rojas que revolucionou á xente daquela época xa que falaba das cousas que estaba prohibido dicir en público... Ben, deixemos a historia para os que queiran estudar que nós estamos todos e todas aquí para ver e observar unha obra teatral que cambiará as vosas vidas. E agora sen máis déixoos con “Celestina 3000”.

*(Seguidamente entra un rapaz un tanto normal chamado JUÁN e senta no respaldo nun banco, óese música moderna desde o fondo, de repente aparece outra rapaza que se chama IRIS e senta noutro banco que está ó lado do anterior e empezan a dialogar.)*

JUÁN: Ola preciosa, como te chamas?

IRIS: Que mo dis a min Caraovo!!!

JUÁN: (Cara ao público) Mimá!!! Que carácter... gústame, gústame.

(...)

JUÁN: Dime como te chamas, ho...

IRIS: (Fala cara ao público) Ben, vale... Chámome Iris, teño 15 anos, vivo na rúa Fonte Estrey 28 en Ordes, curso 3º da ESO no instituto de ensinanza obrigatoria secundaria IES Maruxa Mallo. Gústame nadar e quedar coas miñas amigas. Odio a movida do sábado, o botellón e mais tamén suspender...

*(Iris queda mirando para o público e Juan marcha.)*

JUÁN: Algún día heite de conquistar xúroo polos meus pantalóns caídos ata o cu.

IRIS: Vaite e non quero volverte ver nunca máis.

*(Iris vai ao día seguinte, na escola, correndo cara ás súas amigas e cóntalle o sucedido.)*

IRIS: A que non sabedes o que me pasou? Veume un “pibe” e vai e intentaba ligar comigo. Eu flipo e ademais chamándome preciosa sen coñecerme.

KARLA: Pero a ver iso é normal, ademais era guapo?

IRIS: Non me fixei.

ARACELI: Pero a ver, non o entendo. Tocouche ou fíxoche mal?

IRIS: Non.

KARLA E ARACELI: Ti es parva!!!!!! Por que deixas pasar unha oportunidade así?

ARACELI: Despois quéixaste de que es fea.

*(Soa o timbre para comezar as clases. Mentres noutro sitio JUAN está falando con ALBA para que lle axude a conquistar a IRIS.)*

ALBA: Irei hoxe pola tarde á súa casa, vale?

JUAN: Vale pero despois cóntame todo con detalles.

*(Chegan ás cinco máis ou menos da tarde e soa o timbre na casa de IRIS.)*

ALBA: Ola, ti debes de ser Iris, verdade? Son Alba unha amiga de Juan.

IRIS: De que Juan? O que o outro día intentou ligar contigo.

ALBA: Ahhh! Si, entra.

ANTONINA: Quen é, Iri?

IRIS: É unha amiga de baile galego que vén a coller uns apuntes do noso colexio.

ALBA: Vas a baile galego?

IRIS: Si...

ALBA: En que agrupación participas?

IRIS: Nos Xeitosos de Trazo.

ALBA: Como Juan.

IRIS: Non me digas.

ALBA: Leva desde os catro anos.

IRIS: É que eu só me levo con Adrián e con Santiago...

ALBA: Pois son os mellores amigos del.

IRIS: Espera un momento... (Iris colle o seu teléfono móbil e chama a Adrián a ver se o que di esta tipa é en serio ou é para trampeala.) Ola, Adri!

ADRIÁN: Ola, que querías guapa?

IRIS: Quería saber se ti coñeces un tal Juan.

ADRIÁN: Pois si, é un dos meus mellores amigos, por que?  
 IRIS: Cóntocho despois por sms. Chao, biquiños.  
 ADRIÁN: Adeus.

*(IRIS colga e ALBA empézalle...)*

ALBA: Entón que... cítovos o sábado no campo de fútbol?  
 IRIS: Pois por min vale.

*(Ás cinco da mañá IRIS pónse a sms's con ADRIÁN.)*

IRIS: Oa! Voux cntr o prk t xamei pola trde pr Juan, pos vrás,  
 Juán molam e kro saír cn el.  
 ADRIÁN: K bn, facds moi boa parella. Xao ke kro drmir.

*(Á mañá seguinte na escola...)*

IRIS: Bua!! Non me ides crer, teño unha cita con Juan!  
 KARLA E ARACELI: Que guai!!!!  
 KARLA: Espero que sexas moi feliz que o mereces.  
 ARACELI: O mesmo che digo.

IRIS: Grazas, rapazas, moitísimas grazas por todo.

*(Ó sábado, no lugar citado.)*

IRIS: O..o...o...la...

JUAN: Ola.

JUAN: (Sóltao todo rapidamente) Vale gústasme moito, es preciosa, lévote meses observando e... que me gustas moito, queres saír comigo?

IRIS: Si, por que non?

*(Danse un bico se apáganse as luces de repente. Aparecen ALBA, ADRIÁN e SANTIAGO ollando para a parella de namorados e cae o pano, de repente aparece ALBA.)*

ALBA: Misión cumprida!!!!, Por bo camiño queda o caghallón no muíño.

FIN

## SMS

### Tania Muíño, 3ºD

Só recordo que ía pola estrada na miña moto, agora acabo de despertar deitado na miña cama no cuarto no que vivía cando era pequeno.

## SMS 1

### Paula Martínez.

Pedía axuda dende o fondo do seu mirar e ninguén soubo socórrela das poutas do seu amado.

## SMS 2

Pasaron anos ata que se rompeu o feitizo da morte da princesiña ao revelar a verdadeira causa da súa morte; un empacho de amorodos.

## Un pequeno momento especial

Iria Juncal Suárez, 3ºD.

### Personaxes:

ISA 1: Ten 40 anos aproximadamente.

ISA 2: Ten 14 anos.

ANTONIO 1: Ten 14 anos.

ANTONIO 2: Ten 40 anos.



*(Sae unha muller chamada Isa que comeza a contar o pequeno relato do seu primeiro e único amor, Antonio.)*

ISA 1: Ben, benvidos a todos e a todas á miña pequena pero única historia de amor que vivín na adolescencia e sigo vivindo na miña carreira de adulta. Naqueles tempos non era coma agora que saes pola noite, lías-te cun tío e ao día seguinte fas como se non o coñeceras. Daquela non era así e a xente traballaba nos labores do campo sen descanso...

*(Péchase o pano e, logo, vólvese abrir aparecendo os recordos que ela narra.)*

ISA 1: Estaba eu un día de verán tan tranquila lavando a roupa no río cando apareceu o meu mellor amigo, Antonio, ao que eu consideraba máis que amigo, xa que me gustaba moito, e comezamos a falar.

ANTONIO 1: Que tal che vai co traballo?

ISA 2: E ti que tal? Xa vexo que moi ben porque máis que sacar e muxir as vacas, non fas...

ANTONIO 1: Non te creas, un día se queres... cambiamos os papeis e daquela veremos quen ten razón.

ISA 2: Pois que tal se os cambiamos mañá, así acabamos dunha vez por todas.

*(Danse a man.)*

ANTONIO 1: Trato feito

ISA 2: Trato feito

ISA 1: Ben, e así quedamos e os primeiros días estábamos contentísimos cos novos traballos e, claro, mentres traballaba, pensaba en Antonio, como non!

ISA 2: Que ben me queda a roupa de cabaleiro!!!!!!

ANTONIO 1: E a min a de muller!!!!

ISA 1: Pero as cousas cambiaron e unha semana despois a alegría convertérase en desgraza!!!

ISA 2: Non o soporto máis, tenme farta esa merda de vacas eu quero volver a ser a Isa que era antes!!!!

ANTONIO 1: E eu estou canso de que na miña casa me chamen travestí porque xa andaban pensando que era o Entroido... Eh!!! Non insultes ás miñas vacas!!!

ISA 1: Pero, de repente, a Antonio iluminóuselle a cara moi raramente e a desgraza penso que se convertera nun amor a primeira vista deses que te marca. Entón comecei a flirtear falando así...

ISA 2: Queríache dicir unha cousa...

ANTONIO 1: Que? Ah! Eu tamén che quería dicir unha cousa...

ISA 1: E nese momento máxico formulamos a pregunta...

OS DOUS: Queres saír comigo?

*(Rin os dous.)*

ISA 2: Si

ANTONIO 1: Si, eu tamén...

ISA 1: E ese foi o meu primeiro bico de amor, por certo moi apaixonado, que me deixou marcada. Pero o máis increíble é que na actualidade levo dezanove anos casada co meu Antonio, temos catro fillas e catro fillos, que xa se din pronto, e, agora mesmo, estou esperando xemelgos.... Ben, non importa. O que quero dicir é que espero seguir con el ata o final dos nosos días e no outro mundo tamén. Ata sempre, amigos.

*(De súpeto aparece un home moi guapo e cabaleiroso e fúndese a parella nun bico apaixonado de amor.)*



REPRESENTACIÓN TEATRAL NO IES MARUXA MALLO DO GRUPO DE TEATRO COMECASTAÑAS

**NORABOA POR UN MAGNÍFICO TRABAJO**



## KASTOMÄ.

### Victoria Estévez Ferreiro

**Kastomä é un grupo formado no ano 2002 por una serie de homes, por Soneira, Óscar, Xurxo, David e Sito, de quen foi a idea de facer un grupo de música? Pola información recollida sabemos que o grupo xurdiu polos fortes desexos de tocar en directo. Por qué tiñades eses desexos?**

Érase unha vez, nun lugar de Reboredo na vila de Ordes... así comeza a historia de Kastomä. Xurxo mercou unha batería e Sito sabía tocar a guitarra e comezaron a darlle estopa para matar o tempo na fin de semana. Enseguida se uniu o resto dos membros e comezamos facendo versións e temas propios desde un principio.

Os desexos de tocar xorden porque viamos que outros grupos o facían, e ademais para tocar punk rock non fai falla ser un músico de estudio, basta con selo de "orella". Ademais estaba o Badulake facendo concertos tódolos venres cunha forte tradición de asistencia na vila, costume que parece ir esmorecendo co paso do tempo.

**O nome do grupo vén significando "Que queres tomar?". Como se vos ocorreu este nome?**

O "Kastomä" é un personaxe mítico da terra de Sta. Comba. É un paisano que cando entra pola porta das tabernas peta na barra botando un berro e convidando a un choio ós alí presentes dicindo que queres tomar tan rápido que soa tal cal "kas-tomä". A parte é un nome sonoro e que resulta.

**No 2008 incorpórase un batería chamado Antonio Pazos, que xa tiña experiencia por participar nun grupo de Sigüeiro chamado "Os Gin Tonics", Como xurdiu esta incorporación á banda?**

O Xurxo decide deixar o grupo por motivos de traballo xa que tiña que traballar fóra da vila e así non podía ensa-

iar. Xa coñecíamos a Antonio de tocar, coincidir nos concertos e ter feito algunha historia xuntos coma un grupo que montamos só de versións chamado "mala chispa" co que demos sete concertos, breve pero intenso. Antonio segue tocando noutros proxectos coma no que está agora "Os Chavales" música "ye-ye".

**Decides que sodes un grupo de cinco colegas que tocan para divertir-se e iso é o que lles intentades transmitir ós que vos escoitan nos vosos temas, credes que o conseguistes cos que xa levades feitos?**

Os nosos concertos son unha festa continua de inicio a fin e o principal é que a xente se sinta partícipe desta festa. Moitas veces hai pouca xente ou vemos que non sempre se consegue esa simbiose grupo-público pero aínda así para o que está tocando é o mellor momento da noite. Irrepetible.

**Xa tedes experiencia nisto dos festivais e concertos, cal poderíades dicir que foi o mellor festival, ou concerto, ó que fostes? Tendes algunha anécdota que se poida contar?**

Buah se eu che contara...! (rise). Cada concerto é unha historia. En Extremadura pasámolo bastante ben. Unha vez caeu un tío do palco embaixo, pensaba que ían estar os colegas para termar del, pero bateu coa testa no chan.

**Tendes tocado con grandes grupos coma Dios Ke Te Crew, Mojinos Escocíos, Loquillo, O Chicharro Psicótico... entre outros, con cal poderíades dicir que tendes máis "feeling" á hora de tocar?**

Os grupos cos que máis a gozamos tocando son aqueles cos que compartimos instrumentos, contos e viaxes á concertos, porque iso tamén curte a un grupo.







Hai un tempo, non moito, que gravastes un novo vídeo chamado "A ruta do grelo" que é o traxecto que vai de Ordes a Sigüeiro, famoso por estar cheo de greleiras vendendo os seus produtos. No vídeo facedes a ruta como é debido, protagonizando a súa particular Route 66, re-bautizada como Grelo66. Tamén gravastes un chamado "A infancia" na que aparecían uns nenos, que se supoñía que erades vós na vosa infancia facendo o trasno. Como foi a experiencia en cada un deles?

A experiencia foi extraordinaria. Partiamos coa complicidade e a amizade dos directores e produtores dos vídeos, Matías e Gaspar, que nos propuxeron a idea e un orzamento. Aceptamos porque era unha oportunidade única de facer videoclip a nivel profesional e a verdade é que o esforzo físico e económico valeu a pena.

O voso novo disco chámase "Almas da noite" e está composto por 10 temas cantados en galego en base de rock, a temática é sobre a noite e as almas que percorren por ela. Escribistes vós as cancións? Como se vos ocorreu?

Escribímolos todas nós. As letras son de Soneira e Sito, e Óscar que se atreveu con un tema neste disco. A música xa a facemos entre todos nos ensaios. Todo empeza cunha melodía na letra que se acompaña logo con guitarras para ó final completar todo no estudio de gravación.

**Xa tendes uns oito discos, hai algún que poida ser o predilecto?**

Querémoslos a todos por igual, son coma os fillos (rise). Pero estes non dan tantas dores de cabeza.

**Que sentistes cando gravastes o voso primeiro álbum, "Mixtura"?**

Sentimos que a partir daquela xa estábamos inmortalizados, sona a pretencioso pero éche o que hai, cada un flipa coas súas historias e a nosa é o Rock.

**No ano do Prestige, gravastes un disco chamado "con dignidade", en protesta pola marea negra, do cal se distribuíron 2.000 copias. Ten algo que ver o título co sucedido? Como se vos ocorreu facer un disco sobre esta desgraza?**

Isto foi unha idea que xurdiu da asociación músicos en galego (Amelga) coa que se pretendeu que a dignidade galega non quedase tinxida polo chapapote como así sucedeu coa súa costa.

**Moitas grazas pola vosa colaboración, e pola vosa complicidade á hora de responder as preguntas, foi un pracer.**

Grazas a ti por amosar o teu interese por Kastomã.

Deica!



## ENTREVISTA A HUGO TORREIRO

Por Victoria Estévez Ferreiro.

*Hugo Torreiro, nova estrela, é un dos novos artistas galegos con máis proxección e trata de facerse un oco no mundo da música. Con gran sorte de poder facerlle unha entrevista sobre a seu traxecto musical, cunha serie de preguntas que el contestou moi abertamente.*



**Xa non é a primeira vez que fas unha entrevista para o IES Maruxa Mallo. Cando a primeira vez te ofreceron facela, que sentiches?**

Pois a verdade é que sempre se agradece que a xente se fixe en ti para estas cousas, ademais cando me fixestes a primeira entrevista levaba moi pouco tempo coa música e fíxome moita ilusión que xente de Ordes contara comigo para o seu periódico. Quen me diría que hoxe volvería estar contestando as vosas preguntas? Espero que non sexa a última vez (risas).

**Informándonos sobre ti atopamos que en cuarto curso abandonaches o conservatorio ao que acudías por problemas de saúde, agora xa estás mellor?**

Si, a verdade é que non foi nada grave. Cada vez que tocaba a trompeta, que era o instrumento que estudaba, cortaba os beizos e impedíame seguir tocando, perdín moitos días de clase por culpa diso e non me quedou máis que abandonar.

**A túa primeira aparición en televisión foi nun programa chamado "Canteira de Cantareiros" da TVG, cantos anos tiñas? En que posto quedaches? Que sentiches á hora actuar diante de tanta xente nova?**

Uff que recordos de aquilo... Recordo que era a noite de Reis e chamáronme da TVG para participar na canteira, facía 20 días que cumprira os 16 anos e foi o mellor regalo que puiden ter por Nadal. A experiencia foi magnífica, con moitos nervios pero quizais iso fíxoa aínda máis especial. Poder cantar para tanta xente nun dos programas máis coñecidos da nosa terra non é algo que pase todos os días. Finalmente quedei fora en cuartos de final, pero o importante foi a experiencia (sorri).

**En 2007 gravas un disco no verán. As cancións estaban compostas por ti?**

Si, todos os temas que teño son compostos por min, o disco "Nada que ver" foi a miña carta de presentación. Máis ou menos levaba dous anos compoñendo e decidín intentalo, a cousa saíu ben e fixen a reedición con dous temas novos e un novo deseño.

**Coa reedición do teu primeiro disco, "Nada que perder" empezaches unha xira por toda Galiza. Como foi esta nova experiencia?**

A experiencia da xira pois... foi impresionante, coñecín moitos sitios, moita xente, e sempre fun ben recibido por parte de todo o mundo. Poder dar concertos e que a xente o pase ben vendo como cantas é, dende o meu punto de vista, o mellor da música.

**Sabemos que Ordes para ti non é algo novo, xa que conseguiches un premio no festival de novos artistas de aquí, cunha canción chamada Galiza, que acadou o premio á orixinalidade. Compuxéchela ti? Como se che ocorreu? Que sentiches ao gañar o premio?**

A verdade é difícil atopar un lugar onde tocara tantas veces como en Ordes (rise). O tema "Galiza" ocorrémese cando Carlos, o rapaz que leva todo o tema do festival, me comentou que ese ano ían incorporar a categoría de Canción Galega. Púxenme as pilas e así saíu "Galiza". Recordo ademais que ese mesmo ano presentei o día anterior o disco no festival e a xente arroupoume moito, entón o día seguinte estaba moi seguro de poder conseguir o premio e así foi, a xente estivo moi activa durante a miña actuación e fíxeno o mellor que puiden, foi un premio moi especial.

**No verán do ano pasado sae á venda o teu segundo disco chamado "Las llaves de mi corazón". Que tal che vai con el? Poderás dicir que é mellor que o anterior?**

Pois a verdade é que moi ben, estiven dende o verán ata finais de febreiro facendo a primeira parte da xira, e por primeira vez saín a tocar fóra de Galiza, a León. En maio volverei a subir aos escenarios e espero poder seguir explorando máis a xeografía de España e algúns recantos máis de Galiza. En canto a se penso que o disco de "Las llaves de mi corazón" é mellor que o de "Nada que ver", pois non penso que sexa un mellor que o outro, máis ben penso que é distinto. En "Nada que ver" aínda non sabía ben o camiño polo que quería ir. En "Las llaves de mi corazón" o estilo xa está moito máis definido. A parte de todo iso, creo que dende un ao outro conseguín madurar como persoa e tamén como artista e iso nótase bastante, pero a verdade é que creo que os temas deste último disco están mellor que os de "Nada que ver".

**Entre o teu primeiro disco e o anterior xunto coa reedición, cal sería para ti a canción predilecta? E para o público, cal é o teu mellor single?**

Eu quedo con "Quiero volver" que é o primeiro single de "Las llaves de mi corazón". É o meu tema favorito e ademais creo que tamén o da xente. Sen dubida para min é a miña mellor canción e cada vez que a toco nun concerto paso o mellor momento da noite.

**Neste mes de febreiro estiveches no CCAN de León, un club moi importante da cidade, no que pasaron xa artistas leoneses que acabaron cun oco no mundo da música e este foi o teu primeiro concerto fóra de Galiza. Que sentiches? Foi bo o trato do público?**

Ir tocar a León foi unha nova experiencia que volvería repetir encantado. Tocar alí foi como conseguir un novo logro. Sentínme un pouco raro porque alí ninguén me coñecía e creo que faltou que a xente coñecera máis algún dos meus temas, pero en calquera caso foi algo especial, a xente tratoume moi ben e espero volver pronto por alí (sorri).

**Agora mesmo estás participando nun concurso musical chamado "Correlingua" cunha canción preciosa en galego, chamada "Por verte sorrir". Escribíchela ti? Que tal vas no concurso, pensas que podes ter posibilidades de gañar?**

Grazas polo de preciosa (sorri). O tema é meu e está incluído no disco "Las llaves de mi corazón" xunto con "Galiza", son os dous temas que teño en galego. Penso en sacar unha maqueta en maio con cinco ou seis temas en galego, a ver que vos parecen (rise). De momento estou de primeiro no concurso grazas a todos os votos que me está dando a xente, seguro que máis dun é do IES Maruxa Mallo (rise). Aínda queda moito concurso e pode pasar de todo, o ano pasado estiven de primeiro case todo o tempo e ao final quedei de segundo, a ver se este ano consigo o primeiro posto (sorri).

**"Por que imos desaproveitar a oportunidade de facer música nunha lingua da que só nós podemos presumir?" Deste xeito referíaste á música galega nunha anterior entrevista, o teu compromiso co galego foi dende sempre total,**

**non si? Sénteste moi galego? Falas habitualmente a nosa lingua?**

Eu penso que a posibilidade de falar dúas linguas, como son o galego e o castelán é algo que deberíamos aproveitar e moita xente non o fai. Ser galego creo que é un motivo de orgullo e non entendo a xente que se avergoña de falar a nosa lingua... Eu recoñezo que utilizo máis o castelán xa que onde eu vivo fálase bastante máis pero cando teño a oportunidade de usar o galego non dubido en facelo.

**Actualmente presides a asociación de "Sons de base", que proporciona recursos a pequenos grupos de música galegos para que teñan a oportunidade de amosar o seu traballo de cara ao público, unha asociación, ademais, integrada dende hai varios meses na plataforma "Queremos Galego". Formaches ti esta asociación? Axudas a moitos grupos? Pensas que hai moitos novos talentos galegos?**

A asociación foi unha idea conxunta do meu representante máis eu. Un día falando díxenlle que quería axudar a grupos que estiveran nos seus primeiros pasos da música, xente con ilusión e moitas gañas de comerse o mundo, axudarlles a gravar os seus primeiros temas e a dar os seus primeiros concertos, que aínda que pareza que non, é moi difícil. De momento contamos con máis ou menos dez grupos pero aínda estamos comezando e a cousa pinta ben. Claro que temos moi boa canteira aquí en Galiza! o problema que temos é que non existen demasiados locais enfocados a concertos, e moito menos aos de xente descoñecida para o gran público... espero que pronto xurdan este tipo de locais para que poidamos ver a toda esta xente facendo o que lles gusta. Pouco a pouco.

**Pois moitas grazas Hugo, é un pracer poder facerche unha entrevista e alégranos moito a túa implicación a hora de contestarnos sen problema ningún, espero volvernos a ver e outra vez grazas.**

Grazas a vós por contar unha vez máis comigo e espero vervos moi pronto por Ordes nalgún concertinho que poida facer por alí este verán. Vémonos!



“Nunca pensei que ía ser policía”

## JESUS MANUEL IGLESIAS VILARIÑO. POLICIA DE ORDES.

Por Almudena Rodríguez Casal.

Jesus Manuel Iglesias é natural de Ordes pero vive en Pontecarreira é funcionario da policía local e no seu tempo libre dedícase a cantar e tocar a música tradicional. Está casado e ten tres fillos. A súa muller canta e toca con el.



**-Cantos anos levas traballando como policía?**

-Vinte e sete longos anos.

**-Neses anos fixeches algo máis á parte de traballar como policía?**

-Si moitas cousas entre elas tocar e cantar como “reiceiro”.

**-Antes de traballar fuches a algunha academia específica?**

-Non.

**-Os sábados adoita haber moita troula por Ordes?**

-Si, bastante, aínda que baixou, xa non é coma antes.

**-Metiches a algunha persoa na cadea?**

-Aínda non.

**-Algunha vez tivestes un can policía?**

-Si chamábase Uran.

**-De rapaces pensabas que ías ser policía?**

-Non, nunca.

**-Disparaches algunha vez a túa pistola?**

-Si, no adestramento, nunca de servizo.

**-Gústache o teu traballo?**

-Si, moito.

**-Que é o que máis che gusta del?**

-O trato coa xente.

**-Cantas horas de servizo traballas ao mes?**

-Cento sesenta e cinco horas.

**-Hai moita rivalidade entre os ordenses e os doutras parroquias? E entre os policías?**

-Non, entre os policías doutros Concellos levámonos ben e aínda facemos algunha comida.

**-Recordas algunha anécdota do teu traballo.**

-Houbo moitas xa que foron moitos anos pero agora mesmo non recordo ningunha.

“O que máis me gusta é o momento de cantar”

**-Como xurdiu a idea de facer un grupo?**

-Nun grupo de amigos aos que lles gustaba cantar nos bares.

**-Cal é a música máis importante que tendes no voso repertorio?**

-Música folk galega e tradicional.

**-Cales son os problemas principais do voso traballo?**

-Os ensaios, as actuacións e a recollida de cancións.

**-Cantos sodes no grupo?**

-En total vinte e catro, “reiceiros” folk dez.

**-Onde soedes tocar?**

-Nas tabernas, rúas e escenarios.

**-Que tal se porta a xente con vós?**

-Moi ben, estamos moi contentos e aceptan a música moi ben.

**-Que hai que facer para ser un “reiceiro”?**

-Vir a ensaiar, gustarache a música, cantar e querer aprender a tocar un instrumento.

**-Cando é o momento que tedes máis traballo?**

-No mes de decembro, polo canto aos reis e festivais de “reiceiros”.

**-Isto facédelo por cartos ou por gusto?**

-Facémolo en plan altruísta e tamén porque nos gusta cantar.

**-Cal é o teu instrumento favorito?**

-A pandeireta.

**-Tedes algún tipo de apoio institucional?**

-Non.

**-Desde cando che gustou cantar?**

-Desde que tiña oito ou dez anos.

**-As cancións son inventadas ou copíadelas dalgún sitio?**

-Temos de todo, cancións doutros grupos e cancións propias.

**-Que che gusta máis o momento de cantar ou o momento de troula despois?**

-O momento de cantar.

## “QUEIXO CON MARMELO”

### XOSÉ FERNANDO CONDE GIL, QUEIXEIRO ARTESÁN.

Por Fernando Conde Raña.



O frigorífico mantén o produto en condicións óptimas /  
FOTO: Fernando Conde.

– Bo día Xosé Fernando. En primeiro lugar, gustárame saber se sempre se dedicou a este traballo?

– Non, o certo é que antes de montar esta empresa traballaba nunha empresa de construcións deportivas na que eu era o encargado.

– Gustáballe o que facía nesa empresa?

–Si.

– E a que se debeu ese cambio tan rotundo na súa vida?

–Pois meus pais viven lonxe de onde eu adoitaba traballar e como xa tiñan bastante idade, alguén se tiña que encargarse deles. Aproveitei que meus pais xa tiñan algunhas vacas e cuns aforros empecei a montar a queixería pouco a pouco e facendo outros investimentos.

– Cando aprendeu a elaborar o queixo?

–Desde que era mozo pero as técnicas da actualidade, desde que muntei a queixería.

– E o leite a quen llo adoita mercar?

–O leite nós non o mercamos posto que temos bastantes vacas leiteiras.

– Supoño que ten un rexistro sanitario e uns controis adecuados.

–Si, ademais de ter o rexistro, todos os meses veñen uns expertos de Santiago a facer uns controis do leite, do queixo

e da auga.  
Hoxe vou entrevistar un home que actualmente se dedica á elaboración de queixo artesán, o queixo galego de sempre que se coñece aínda en moitos sitios como o queixo de verza, pero a maiores tivo a brillante idea de unir dous produtos moi típicos da nosa terra e conseguir así un queixo con marmelo integrado, isto é algo que gustou a moita xente e impresionou a máis de un.

e da auga.

– **Quen lle axuda no seu traballo?**

–A miña muller, a miña nai e o meu fillo maior.

– **Poderíame dicir as cousas positivas e negativas deste oficio?**

–As positivas son que podo estar coa miña familia mentres que traballo e as negativas son que non teño practicamente ningún día libre.

– **Como xurdiu a idea do queixo con marmelo incorporado?**

–Foi nunha cea cuns amigos na que probei queixo con marmelo, separados, e gustoume moito esa mestura e pensei en facelo todo xunto para non ter que andar pasando os traballos de cortar o queixo e logo o marmelo.

– **Onde presentou primeiro este novo produto?**

–Na festa do champiñón en Ordes.

– **Que acollida tivo a súa creación?**

–O certo é que desde o principio chamou moito a atención da xente e incluso ese primeiro ano que o puxen á venda recibín chamadas do Corte Inglés para vender o meu produto nas súas instalacións.

– **Vostede adoita ir a algunha feira de mostras?**

–Só á do champiñón en Ordes.

– **Onde pode mercar algún dos seus queixos quen queira probalos?**

–Na queixería e en diferentes tendas nas que vende os nosos intermediarios.

– **Oín que incluso personalizaba os queixos. É certo?**

–Si, en casos como aniversarios ou outras festas pódolle poñer o nome da persoa que fai anos con marmelo.

– **Pensou ampliar as súas vendas a escala nacional?**

–Polo de agora non.

– **Pero hoxe a maioría das explotacións son moi grandes e modernas. Vexo que vostede é case un produtor ecolóxico, moi artesán e tradicional, por que?**

–Non sempre as grandes explotacións son as máis rendibles e respectuosas co noso medio.

– **Está arrepentido do paso que decidiu dar?**

–Non, para nada.

– **Polo que me está a contar gustaríalle que os seus fillos seguisen con esta tradición familiar?**

–Si, pero prefiro que teñan unha boa formación académica e logo que fagan o que queiran coas súas vidas.

**Moitas grazas, foi un pracer entrevistalo.**

## “ SEN DESCANSO NIN NADA DE VACACIÓNS ”

**Carmen Seoane Martínez, compoñedora.**

Por Fernando Conde Raña.



Carmen Seoane Martínez na sala na que atende ós seus clientes./ FOTO: Fernando Conde.

Carmen Seoane Martínez é unha muller de 73 anos, moi traballadora e dedicada ao seu oficio. Empezou a traballar cando tan só tiña 10 anos e seu pai lle mandou curar a súa tibia que tiña escordada. Afirmar que aínda agora segue aprendendo. Ten rexeitado moitas ofertas para saír no telexornal da TVG e TVE, ao igual que tamén rexeitou moitas entrevistas de *La Voz de Galicia*, *El Mundo*, etc. Afirmar que non lle gusta saír na televisión nin que lle fagan moitas preguntas sobre o seu traballo. Segundo di prefere que o seu traballo sexa máis discreto e íntimo.

dabondo.

**-Por que cre que a xente acode a vostede antes que a un médico?**

-Non sei, confían moito en min.

**-Gustaríalle que houbera máis xente que se dedicara a isto preto de onde vive vostede?**

-Por un lado preferiría que si posto que así quitaba moito traballo de enriba pero así tamén tería menos clientela.

**-Canto tempo lle leva colocar un óso? Adoita ser doloroso para os pacientes?**

-Menos dun minuto. O certo é que si que doe, pero é pouco tempo.

**-Cal é a técnica básica para colocar de novo un oso ou un tendón no seu sitio?**

-O certo é que non ten técnica ningunha, eu o que fago é mirar cal é a posición na que está o óso ou tendón e móvoos rapidamente ao seu sitio orixinal.

**-Algunha vez atendeu a algún deportista famoso?**

-Si, a varios xogadores de fútbol do Compostela e do Deportivo entre outros.

**-Cal é a media de consultas ao día?**

-Normalmente adoito atender entre cinco e vinte persoas.

**-Atende xente de todas as idades?**

-Si, a semana pasada atendín unha nena de tres días.

**-Ten algún sitio onde a xente poida visitala?**

-Si, ademais de aquí na casa tamén atendo en Ordes.

**-Atende todos os días do ano?**

-Sen descanso nin vacacións.

**-Só atende xente da provincia da Coruña?**

-De toda Galicia, Asturias e algún estranxeiro tamén.

**-Bos días, poderíame dicir quen foi a persoa que lle ensinou este oficio? Que idade tiña nese momento?**

-Bos días, foi meu pai quen me ensinou cando eu tan só tiña 10 anos, fixo que eu lle puxera a súa tibia, que tiña escordada, no sitio.

**-En que consiste o seu traballo?**

-Basicamente en poñer no seu sitio óso, tendóns, etc.

**-Por que decidiu seguir con este oficio?**

-Porque me gusta e porque hai moita xente que necesita a miña axuda.

**-Vostede a quen lle deixará este legado?**

-Espero que sexa á miña neta e esta á súa vez a algún descendente.

**-Custoulle moito tempo aprender?**

-O certo é que aínda hoxe sigo intentado aprender algo máis.

**-Cre vostede que calquera persoa que queira aprender este oficio podería facelo?**

-Penso que calquera persoa con ganas, e cunha certa maña e curiosidade, co tempo aprendería sen ningún tipo de dificultade. Aínda que ao principio habíalle custar

## “PRACTICAMENTE TEMOS UNHA VIDA DE VAMPIRO”

Danniel, voz principal da Orquestra Olympus.

Por: Yenifer López Sánchez.



- **Bo día, comecemos co cuestionario se lle parece ben.**

Moi bo día, por suposto, adiante.

- **Gústalle o seu traballo?**

Si, como non.

- **Poderíanos comentar algo da súa traxectoria musical, o seu paso por anteriores orquestras etc.?**

Claro, aos 19 anos comecei na orquestra Cambalache, máis tarde seguí coa or-

questra Luna, despois pasei á chamada Parada. Na orquestra Canadá botei catro tempadas, nela foi onde coñecín o meu mellor amigo, que morreu pouco despois, con só 25 anos. Logo disto traballei na Alkar durante catro, onde coñecín a Peke, con el estiven tamén na Philadelphia tres anos e seguimos xuntos aquí, na Olympus, onde xa levamos catro.

- **Actualmente, esta orquestra ten moitos seguidores?**

Si, bastantes.

- **Tivo outras oportunidades ademais de traballos con orquestras, xa que se rumorea que se presentou a un casting para operación triunfo?**

Si, presenteime a varios castings pero non tiven éxito.

- **Diríanos cantas horas ao día ensaian o seu show?**

Non o ensaiamos todos os días senón dúas veces á semana pero practicamos todo o día.

- **O seu traballo é moi duro, logo. Cando teñen o seu momento de relax?**

É duro, practicamente temos unha vida de vampiro. Traballamos moito pola noite e polo día durmimos escasas horas xa que saímos cara ao noso destino ás seis da tarde, para preparar a actuación. Polo verán se queremos escapar á praia ou á piscina, temos que sacrificarnos e durmir menos horas.

- **Esta orquestra sufriu a perda de dous compañeiros, Lucky e Mero, cre que perderá seguidores a causa disto?**

Eu penso que algúns si pero é normal.

- **Quen dos seus compañeiros é o encargado de montar e ensinar as coreografías?**

Todos colaboramos.

- **Como conseguía superar os nervios ao principio de cada actuación? Segue poñéndose nervioso?**

Ao principio paseino moi mal, aínda recordo a primeira vez que saín a un escenario, tocábame cantar o vals das mariposas e tiña as letras nun atril, ía moito aire e pasoume a folla, de xeito que tiven que inventar a metade da canción. A día de hoxe aínda me sigo poñendo nervioso ao principio das actuacións.

- **Cada ano o seu show comeza cunha actuación distinta, quen aporta as ideas?**

Todos damos algunhas ideas pero Peke é o que máis aporta ademais é el quen organiza todo.

- **Moitos dos seus seguidores soben ao palco logo de cada actuación, vostede está de acordo con atendelos, firmar autógrafos, sacar fotos...?**

Claro, por suposto.

- **Ve o resto das orquestras -Panorama, París de Noia...- como contrincantes ou simplemente coma uns compañeiros?**

Véxoos como contrincantes profesionais e como bos amigos fóra do traballo.

- **Esta profesión ocupa moito tempo, incluso datas importantes, non bota en falta á familia nesas datas?**

Claro, bótase moito de menos.

- **Ao longo da vida dunha orquestra, esta vai perdendo xente, algúns deles compañeiros cos que se fixo moita amizade, non os bota en falla?**

Si, moito, pero sigo mantendo o contacto con eles.

- **Que anécdota nos podería contar do seu paso por esta orquestra?**

Lembro unha ocasión na que tiven que disfrazarme de transexual. Había que saír de tacóns e como aínda non os controlaba moi ben, caín. Para disimular e que non se notase que fora un accidente decidín tirarme outra vez para facer o chiste.

- **Todos os anos vindes ás festas de Ordes. Tedes moitos fans nesta zona?**

Si, porque xa levamos moito tempo indo pola vosa terra e alí temos xente que nos quere moito.



## “SOMOS UN PAÍS DIFERENTE DO RESTO DA PENÍNSULA IBÉRICA”

Ramiro Recouso Liste, ex candidato á alcaldía e concelleiro de Ordes.



Por Adrián García Muíño e Fernando Conde Raña.

Ramiro Recouso Liste é un home nado en Ordes, que, xunto cuns compañeiros seus do instituto, propúxose crear o BNG local para combater as inxustizas que eles pensaban que había nesa época na localidade. Estivo de concelleiro durante nove anos, de xefe e de responsable do Concello de Ordes, ademais de ser elixido polo BNG de Santiago vicerresponsable e logo responsable de vinte concellos da zona de Santiago de Compostela.

### -Por que decidiches entra na política?

- Porque tiña unha serie de inxustizas de carácter nacionalista e vía que no Concello de Ordes había cousas que non me parecían moi xustas ou que non estaban levando o futuro de Ordes ben encamiñado, ademais dunha serie de cacicadas por parte dos concelleiros da corporación municipal que estaban naquela época. Entón, cunha serie de compañeiros de aquí de Ordes, decidimos formar o BNG para tratar de levar polo camiño adecuado da política a Ordes e a este país que é Galicia.

### -Quen foi a persoa que máis te apoiou na túa decisión?

-Á parte duns compañeiros do instituto que tamén colaboraron comigo no BNG, foi a miña compañeira sentimental a que máis me axudou.

### -Como fuches ascendendo dentro do teu partido?

-Entre todos a nivel local configuramos a asemblea de Ordes e entre todos decidiron que eu fora o responsable e o que asumira o cargo de Ordes. Tamén fun portavoz municipal. Entón no BNG, despois de ver os resultados que obtivemos en Ordes, decidiron que eu podía axudar a nivel nacional, é dicir de toda Galicia, formei parte do Consello Comarcal do BNG, escolléronme vicerresponsable nun momento determinado e logo ascendín a responsable.

### -Tiveches que viaxar algunha vez por motivos políticos?

-Non, o certo é que non tiveron que facer ningunha viaxe nin ao exterior nin por distintas zonas de Galicia.

### -Cres que é moi difícil ser alcalde?

-Si, reconezo que é difícil ser alcalde.

### -Que cambiarías de Ordes se estiveses na alcaldía?

-Moitas cousas pero sobre todo o xeito de facer política e o xeito de planear o futuro de Ordes, non só para

gañar as eleccións senón tamén para conducir Ordes polo camiño axeitado durante os próximos vinte anos. Realizar un plano urbanístico onde se delimite o solo residencial, o solo forestal, o solo agrario e as infraestruturas. Crear un tecido empresarial, é dicir, darlle oportunidades á xente emprendedora para que poida montar a súa propia empresa e establecer o seu lugar de traballo en Ordes. Pero o que boto en falta nestes quince anos a nivel político en Ordes é que sempre se planeou a política de catro en catro anos e nunca se planificou un Ordes para un futuro a longo prazo.

### -Por que decidiches tomar un tempo de descanso?

-O certo é que eu xa levaba nove anos de concelleiro ademais de estar de vicerresponsable e de responsable no BNG de Santiago, onde tiña ao meu cargo vinte concellos. Isto acaboume chamuscando bastante no ámbito político e decidín dar un relevo como portavoz municipal e facilitar a renovación da actividade do BNG de Ordes. Entón foi cando dimitín para dar paso á xente nova. Despois cando o meu compañeiro Gonzalo foi elixido para presentalo ás eleccións da alcaldía, pediu a miña colaboración para que o axudara a levar adiante este propósito.

### -Que opinas sobre a economía de Ordes?

-Penso que está moi mal, non é só que o digamos os políticos que formamos parte da oposición senón que tamén o din os técnicos municipais e o interventor que é o máximo responsable da economía de Ordes. Temos unha débeda recoñecida de cinco millóns de euros e que se incrementou neste ano en 1.200.000 euros máis o que nos impide pedir máis créditos e que vai dificultar que moitos provedores de Ordes, que teñen unhas débedas de 950 mil euros, poidan cobrar a curto prazo. A xestión económica que se está levando nesta última lexislatura é nefasta e non o dicimos nós, senón que eles mesmos o recoñecen.



**-Que lle dirías á xente nova para que confiase no teu partido?**

- Que tomen en consideración o que está acontecendo a escala non só de Ordes, senón tamén no plano nacional de país, é dicir, de Galicia. Vemos que se están aplicando políticas que fan que moita xente nova, con moi boa formación estea emigrando. Teñen que apostar pola alternativa que supón o BNG porque agora mesmo somos nós os únicos que ofrecemos unha axuda á xente nova e non o Partido Popular nin o PSOE.

**-Pensas que o goberno fixo ben en dar axudas a Galicia?**

-Si, estou de acordo, porque todos formamos parte da Unión Europea. Témonos que axudar entre nós e ser solidarios con eles porque eles fixeron o mesmo connosco cando necesitamos a súa axuda.

**-Como cres que consideran os españois o noso país?**

-Penso que, por desgraza, a maioría da xente segue pensando que temos un retraso tanto social como cultural aínda que non sexa certo. Co paso do tempo isto está desaparecendo pero non deixamos de ser para o resto do estado unha comunidade que só ten comida e marisco.

**-Cres que o actual goberno de Galicia fai unha boa defensa do galego?**

-Non, en absoluto. É evidente que nunca na democracia un goberno atacou tanto a lingua galega como está a facer o Partido Popular dende a Xunta de Galicia. Se Manuel Fraga non foi capaz de desenvolver a Lei de Normalización Lingüística e o único que fixo foi mirar para o outro lado, tamén é certo que non agrediu o galego do xeito que se está facendo agora. O Bloque Nacionalista Galego cando estivo no goberno o único que pretendía era desenvolver a Lei de Normalización Lingüística e no último decreto de Normalización que se aprobou por unanimidade no parlamento no ano 2004, que só pretendía que o ensino fora impartido polo menos ao 50% nos dous idiomas oficiais. É evidente que en Galicia, ou para a sociedade galega, o galego aínda segue a ser unha lingua de segunda categoría. Para o Partido Popular foille moi fácil gañar as eleccións mentíndolle á xente e dicíndolle que nós queríamos impoñer o idioma cando non era verdade, nós só queríamos poñelo en valor e en igualdade co español. É evidente que a política que está a facer o PP é totalmente nefasta para que o galego acade esa mesma categoría do español.

**-Como farías para que a xente nova falase habitualmente o noso idioma?**

-Pois o que vós estaba explicando da Xunta de Galicia, de que a xente lle colla cariño dende a escola, de que a xente se dea conta dende o ensino de que o galego é útil; serve para comunicarse aquí e en calquera lugar do mundo, sobre todo nas zonas lusófonas. Somos case 400 millóns de habitantes no mundo que nos podemos entender co uso do galego, simplemente hai que estudalo e aprendelo de pequeno.

**-Pensas que aínda hai xente que considera o galego unha lingua inferior ao castelán?**

-Si, desgraciadamente para moita xente o galego segue sendo de aldeáns, de catetos e de xente humilde e un pouco frustrada.

**-Que significa para ti oír a palabra Galicia?**

-Para min Galicia é como dicir Galiza, é un país. Un país sen estado, é unha comunidade que formamos dous millóns e medio de habitantes, que temos uns costumes, un idioma, un xeito de vivir, un xeito de ser, unha idiosincrasia diferente do resto da Península Ibérica, que nós fai sentir como sinxelamente somos, un país diferente, cultural, económica e socialmente.



## “CANDO TES QUE AXUDAR A ESA XENTE NOTAS O SEU CARIÑO E APRECIO E O AGRADECIMENTO QUE CHE TEÑEN” CARLOS, SARXENTO.

Por Fernando Conde Raña e Adrián García Muiño.



**–Por que decidiches entrar no exército?**

–Porque naquela época era unha das poucas saídas profesionais que había, se non tiñas moitos estudos e non atopabas outra cousa, tiñaste que meter no exército.

**–Cando comezaches a servir no exército?**

–Empecei no ano 1989.

**–Que cargo tes no exército?**

–Agora mesmo son sarxento.

**–En cantos países estiveches destinado?**

–Foron moitos, aproximadamente seis ou sete, entre eles Iraq, Paquistán e Afganistán.

**–Algunha vez sufriches algún incidente?**

–Si, pero non persoal, sufrírono algúns dos meus compañeiros.

**–Cada canto tempo realizas unha misión?**

–Nos últimos catorce anos, realízoas un si e un non.

**–Gustaríache ascender a un cargo superior no exército?**

–Non, o certo é que me gusta o meu cargo.

**–Como é un día normal no teu traballo?**

–Levántome moi cedo e vou a Pontevedra, onde desenvolvo a actividade de xefe do equipo técnico de levantamento de terra, instrución de combate e de tiro e ao rematar a xornada, regreso para a miña casa.

**–Como conseguiches chegar ao que es na actualidade?**

–Unha vez que ingresei, vin que tiña a posibilidade de entrar na cadea de suboficiais e aproveitei a oportunidade.

Carlos é un soldado de terra que leva dende o ano 1989 servindo no exército e que estivo destinado en diversos países como Iraq ou Paquistán. Gústalle o cargo que ostenta. É un traballador responsable e maduro. Tamén é o xefe do equipo de máquinas de levantamento de terra dentro do exército de Pontevedra.

**–Cal cres que foi a misión máis complicada que tiveches?**

–Probablemente foi en Iraq.

**–Se non estiveras no exército a que che gustaría dedicarte?**

–Gústame o que fago actualmente, sobre todo cando traballo coas máquinas de obras públicas pero tamén teño un bo recordo de cando traballei nas liñas de ferrocarril durante catro anos.

**–Nalgunha ocasión pensaches en retirarte do exército e en cambiar de oficio?**

–Si, moitas veces, é un traballo moi complicado e cores o risco de perder a vida en calquera momento.

**–Tes pensado estar moito tempo máis no exército?**

–Si, polo menos quince ou vinte anos máis.

**–Algunha vez tiveches que disparar contra alguén?**

–Si, pero non directamente, é dicir, non lle disparei ó corpo.

**–Perdiches algún compañeiro nalgunha batalla?**

–Si, por desgraza, un deles era un dos meus mellores amigos alí dentro.

**–Gustaríache que algún fillo teu seguise a túa profesión?**

–Non, prefiro que se dedique a outra cousa, polo risco que supón.

**–Poderíasnos contar algunha anécdota interesante?**

–Hai moitas, teño recordos de países moi diferentes ao noso, como por exemplo Paquistán, no que sufriron un terremoto no ano 2005. Cando tes que axudar a esas persoas, notas o seu cariño, o seu aprecio e o seu agradecemento.

## “PODEMOS CHEGAR A FACER MERENDAS ATA NOVE HORAS SEGUIDAS”

ENTREVISTA A Xesusa Castro Moar.

Por Fátima del Río Martínez.



- **Bos días.**

Moi bos días.

- **É un traballo moi duro, de onde se saca o ánimo?**

Simplemente é necesaria forza de vontade.

- **Cantas persoas poden chegar a estar facendo merendas ao mesmo tempo?**

O ano pasado eramos só 10, pero este ano xa eramos 12.

- **Canta cantidade de mestura se usa para facer as merendas aproximadamente?**

60 Kg de fariña.

40 decenas de ovos.

90 Kg de touciño.

Auga a que lle corresponde.

Azucres á vontade.

En total dúas bañeiras grandes, unha gran pota e outra máis pequena.

- **Por que cre que atrae xente esta festa, polas merendas ou polas orquestras?**

Penso que polas dúas un pouco, pero a xente maior tira máis polas merendas, mentres que a xuventude vén polas orquestras.

- **Cre que o lugar que hai se dá para a festa?**

Si, perfectamente, ademais moi amplo, está ben situado e ten fácil acceso.

- **Cal é o pago que se vos dá logo de pasar tantas horas alí?**

As grazas, a colaboración da asociación de veciños e un pequeno agasallo como un cinzeiro ou un marco.

- **Cantas horas seguidas botades facendo merendas?**

Pois, podemos chegar a facer merendas ata nove horas seguidas.

- **Por quen son máis demandadas, pola xente nova ou pola maior?**

Pola xente maior a horas normais e pola xente nova a altas horas da mañá.

- **Nótase o clima na cantidade de xente?**

Claro, moito.

- **Explicaríanos en xeral o contido da festa?**

Foi unha festa organizada pola asociación de veciños, por tradición, o que se fai nela son centos de merendas que están a disposición de todos os que asisten de forma gratuita.

- **Diríanos exclusivamente, só para nós os ingredientes das merendas?**

Fariña

Auga

Sal

Ovos

Opcionais: touciño, azucres ou mel.

- **Cales son as modalidades de merendas que ofreceades? Cal é a máis demandada?**

Ofrécense con touciño, mel, azucres ou soas. As máis demandadas son as de touciño con diferenza.

- **De onde xurdiron os comezos desta festa?**

Da asociación de veciños, co fin de conservar o típico modo de facer este alimento.

- **Aiazo non é unha vila moi coñecida, pero... esta festa atrae xente?**

Si, moita.

- **En que se fai a merenda?**

Pois actualmente facémolas en antigas tixolas de ferro, coma en pasados tempos.

- **Todo é feito a man ou axúdanse dalgún tipo de maquinaria industrial?**

Non, amásase todo a man.

## SD CLUB ÓRDENES: Tres xeracións.

Por Victoria Estévez Ferreiro



Antes de empezar a falar do que agora é este club, quixemos contar un pouco sobre o que era, xa que leva uns cantos anos dando de que falar.

A Sociedade Deportiva Ordenes fúndase no ano 1953 baixo o mandato de Antonio Concheiro Iglesias. O equipo empeza en categorías rexionais ata que na tempada 1955-56 logra o primeiro ascenso a Terceira nacional. Nesa división permanece ata 1961, onde o equipo sofre o descenso de categoría. Nesas máxicas tempadas o "Órdenes" consegue formar un magnífico equipo e no ano 1959 queda instalado no quinto lugar da táboa e a punto de lograr un histórico ascenso a Segunda división, xa que por aquel tempo aínda non existía a Segunda División B.

Tras o descenso devandito, os ordenses volven ás categorías rexionais, pero non por moito tempo, pois no ano 1967 os da vila recuperan o seu posto na Terceira División. A alegría non dura máis que un ano, pois a Terceira era moi dura daquela e os "verdillos" non poden aguantar o tirón e sofren un novo descenso. Na tempada 1969-70 o "Órdenes" empeza a competir na nova Rexional preferente, tamén coñecida como Serie A. Aguanta na categoría

ata a campaña 1972-73. Aí comezan uns anos de transición, onde en dúas tempadas incluso pasan a ser filial do Deportivo da Coruña. As cousas empezan a ir mal no ano 1998, os ordenses tras varios anos flirteando co descenso, cunha das mellores afeccións de Galicia sofren un novo golpe, cando o seu actual presidente estaba acabado de chegar ao Club, o descenso a Primeira Rexional.

Manuel Antonio Fdez. Liñares propónse recuperar o equipo e volver a ser referente no fútbol galego. Así tan só dous anos despois do desgusto de descender a primeira rexional, os "verdillos" ascenden de novo a Preferente no ano 2000.

Dende entón o Club milita na Rexional Preferente sen pasar case ningún apuro de permanencia e na maioría das tempadas instalado na parte alta da táboa, logrando o ascenso na campaña 2005-2006 a 3ª División como campión de grupo, onde se mantén até o de agora. Aquí podemos amosar algunhas fotos de anos atrás, da historia do club "Órdenes".



Entre os xogadores da época de 1960 ou 1970, máis ou menos, encontrábase Alejandro Ferreiro Recouso, máis coñecido como "Janito". Era defensa lateral, e a súa camiseta sempre foi a do número dous, un bo xogador para o equipo que estivo sempre no "Órdenes", ao que lle tiña un cariño especial por ser nado nesa vila, toda a súa carreira deportiva, de máis de dez anos, pasouna alí, aínda así equipos como o Fabril quixérono fichar, pero el seguiu fiel ó seu.

Deixou de xogar pero a súa carreira deportiva non acabou, xa que foi adestrador do Arzúa, e, claro está, do "Órdenes" ata que deu por rematado o seu camiño no mundo do fútbol.



Na seguinte foto pódese ver como o xogador "Janito", que era o capitán, recibía un banderín ao principio do partido, e logo facíase o saque de honra.

Nós tivemos a oportunidade de facerlle unha serie de preguntas, ás que el, tan amable como sempre, non dubidou en contestar.

**Levas xa uns cantos anos sen xogar nin adestrar, pero máis son os que estiveches no mundo do fútbol, pódenos resumir a túa traxectoria?**

Cando tiña uns dezaseis anos comecei a xogar partidos amigables no "Órdenes" e cando o equipo entrou en competicións e foi federado seguíu xogando ata cumprir os trinta e dous anos que foi cando aproximadamente o deixei. Aínda que continúe seguíu xogando partidos pero sen pertencer a ningún equipo. Fun un ano adestrador do "Órdenes" cando estaba na rexional referente despois de baixar da terceira división na cal xoguei tres ou catro temporadas.

**Como puiden observar, o Fabril, filial do Deportivo da Coruña, intentou ficharte, que sentiches cando isto ocorreu? Por que rexeitaches esa proposta?**

Cando xogaron os xogadores cedidos polo Deportivo da Coruña parece ser que naquel tempo o presidente do club, don Antonio Concheiro Iglesias intentou levarme ao Deportivo pero non deu froitos o seu desexo porque penso que non lle interesaba ou non puxo o empeño suficiente. Ao principio sentín alegría de que iso se puidera cumprir, pero cando vin que non, desilusioneime.

**Cal cres que é a mellor etapa pola que pasaches, a de xogador ou a de adestrador?**

A de xogador porque fixemos grandes campañas durante varios anos na terceira división. Nunha delas estivemos a punto de ascender ao que agora equivale a segunda B.

**Quen pensas que eran os mellores equipos que había naquela época? E agora?**

Naquela época na terceira os mellores eran o "Pontevedra", o "Ourense" ou o "Ferrol", agora mesmo penso que os mellores son os que quedaron primeiros como por exemplo o Fabril ou o Cerceda.

**Como era adestrar a un equipo? Custábache ou resultábache máis fácil que xogar?**

Adestrar a un equipo era darlle unha boa preparación física e tamén unha boa posición no campo, traballo que me cus-

taba máis que xogar xa que as cousas non saían sempre como eu desexaba.

**Algunha vez metiches algún gol "para o recordo"?**

Non marquei moitos goles xa que eu xogaba na defensa, pero unha vez dende o medio de campo, de chilena, metín un gol contra o Fabril, un dos meus mellores.

**Estás contento co traballo feito, futbolisticamente falando?**

Non moito, debido a que en Ordes nunca houbo moita prensa sobre o fútbol entón os xogadores eran pouco coñecidos, aínda así dediquei gran parte da miña xuventude a el, e creo que sempre intentei facer un bo traballo e cumprir.

**En canto ás novas reformas, que che parecen? Antes xogabades igual e con menos, pensas que son necesarias?**

As instalacións melloraron moito porque cando eu xogaba a metade do campo era terra, parécese que actualmente están moi ben. Si que son necesarias para practicar un fútbol algo máis vistoso.

**Sabemos que tes un neto xogando no club, pensas que pode chegar lonxe? Sénteste orgulloso á vez que identificado con el?**

Si que o penso, porque de momento cos anos que ten xa foi seleccionado para a selección de Santiago, cousa que é bastante importante. Si que me sinto orgulloso e tamén identificado xa que a el tamén lle gusta moito, e coma min é defensa, de todas formas penso que el ten aptitudes para xogar de dianteiro ou no medio do campo.

**Sendo un experto no que ao fútbol se refire, que consello lles darías aos novos xogadores? E aos adestradores?**

Pois penso que o mellor que poden facer é coidarse e practicar moito, xa que se eu tivera as oportunidades que teñen eles agora, quizais podería chegar moito mais lonxe e vendo aos actuais xogadores non percibo ningunha cousa extraordinaria por iso penso que terían que esforzarse máis. Aos adestradores diríalles que aconsellen aos seus xogadores e lles digan que un equipo fórmase por once persoas non por individualismos.

*Achegándonos ao ano 2010 empezamos a falar do que é agora este club, pero non só deportivamente senón tamén dos servizos que ofrece.*

*O campo de fútbol do "Órdenes" chamase Vista Alegre e é o mellor campo sintético de toda Galiza, segundo a maior parte da xente incluído o presidente do club. Consta de dez vestiarios (tres que son para os árbitros). Tamén ten tres campos, un de herba artificial, inaugurado o 28 de xaneiro de 2009 polo alcalde Manuel Regos Boquete e o presidente da deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda. O Concello fixo un forte investimento neste novo campo, na iluminación e en conseguir unha cidade deportiva. Grazas a isto os 200 nenos matriculados nesta escola deportiva poden gozar de modernas e cómodas instalacións. O Concello tamén está comezando a facer unha nova cafetería, que é un bo servizo para o resto das instalacións. Aquí podemos contemplar algunhas das partes máis importantes do que é Vista Alegre.*





*Tamén quixemos dar a coñecer á xente que fai que día a día o club siga vivo, e non falamos dos xogadores. Hai outra xente que axuda a que todo estea na súa orde e que consegue o mellor posible tanto para os xogadores como para o campo.*

*Actualmente o presidente do SD Club "Órdenes" é Jesús Villasenín Grela, que levaba xa tempo como directivo e varios anos máis colaborando co club, ata que uns compañeiros o animaron a presentarse e el, coa condición de que nada cambiase, aceptou. Os dous vicepresidentes son Domingo A. Castro Veiras e Jesús Raña Varela, consta de 8 vocais e dun tesoureiro, Juan J. Ballesteros Díaz. Tamén ten un secretario chamado José A. Estévez Vázquez, ao que lle ímos facer unhas preguntas sobre o club.*

*Un secretario é aquel que se encarga de cousas coma levantar acta nas reunións, das relacións exteriores con outros clubs, preparar escritos, supervisar estatutos etc. Nós ímoslle preguntar que*

## ENTREVISTA AO SECRETARIO, JOSÉ A. ESTÉVEZ

**Levas xa uns cantos anos nisto, cres que é un traballo difícil? Tes pensado seguir?**

Si, levo catro anos, ten as súas complicacións pero non é moi complexo. A verdade é que non creo que siga porque xa rematou o meu ciclo.

**Como empezaches con isto, como decidiches asumir esta responsabilidade? Foi unha obriga ou sentes algo polo club?**

Pois empecei primeiro como vocal e máis tarde como secretario, polo meu fillo que está nunha das escolas deportivas e pola miña amizade co tesoureiro do club. Obrigación non sinto pero a miña situación débese ao citado anteriormente.

**Como podes dicir que é o día a día no club? O traballo que facedes toda a directiva require compañeirismo e unión, pensas que a hai entre vos? Sodes compañeiros ou en realidade o "bo rollo" chega a amizade?**

Como en calquera empresa... hai que dedicarlle tempo e esforzo para que non se che escape das mans, sempre en colaboración co resto da xunta directiva. Referido ao compañeirismo si que penso que o hai. E a verdade é que só somos compañeiros desempeñando unhas tarefas dentro do club. Por amizade eu entendo algo mais forte e duradeiro, cun ámbito de confianza mais grande.

**Estades a facer moitas reformas no campo, que opinas sobre elas? Parécenche ben? Cres que son innecesarias ou que, pola contra, se necesitan máis?**

Penso que se deberían de facer xa hai bastante tempo posto que ademais de termos un equipo en terceira división, dispoñemos de escolas deportivas que atenden a máis de 160 nenos, repartidos en diferentes categorías, de prebenxamíns a xuvenís. Parécenme bastante ben xa que a partir de agora traballarase mais cómodo e mellor. Penso que todas as melloras son boas e todos os complementos que se realicen para mellorar o existente, están ben, pero sempre contando cunha lóxica e unha distribución das instalacións acorde a todas as actividades que se realicen a nivel deportivo (fútbol, baloncesto...)

**Nótase a crise en toda España, cres que no fútbol, especialmente no "Órdenes" que é do que estamos a falar, tamén se nota?**

E tanto que se nota, nótase en todas partes e nas sociedades deportivas máis aínda porque viven de subvencións e patrocinadores aos que se lles vai mal, reducen os seus gastos. É como a pescada que morde a cola, se non teñen ingresos, non patrocinan e nos vémonos obrigados a inten-

tar facer o mesmo traballo cun presuposto inferior e para intentar conseguir esa diferenza de presuposto con outros patrocinadores máis humildes.

**Agora, falando de temas relacionados xa co fútbol, como pensas que vai a tempada? Cres que podedes conseguir a fase de ascenso?**

A tempada foi boa para terceira división, non así para as categorías inferiores. Eu penso que non imos conseguir a fase de ascenso xa que o noso posto está entre o sexto e o décimo, por presuposto, por "plantilla", moi boa este ano, poderíamos conseguir algo máis.

**Antes preguntabamos sobre a fase de ascenso, cousa moi desexada pero á vez non tanto, porque supón un gasto moi grande. Que cres que é o mellor, pasar e andar con "poucos cartos" ou quedarse no sitio e esperar a que esta situación mellore?**

Nunca debes de deixar pasar nada, sempre hai que esforzarse en conseguir o mellor, independentemente do presuposto que teñas, aínda que claro está, a fase de ascenso supón uns gastos que nestes momentos o SD Club "Órdenes" non pode afrontar.

**O club SD "Órdenes" xa leva anos, moitos para ser exactos, activo, con grandes escolas deportivas e un bo equipo de terceira, cres que isto vai seguir así? Esperas que siga?**

A miña ilusión é esa, e en parte digo por egoísmo xa que teño un fillo xogando no club en alevíns. Claro que espero que siga xa que é o equipo de Ordes e aínda que "POUCOS", teñen un montón de seguidores que o sofren e o gozan cada domingo.

**Como te sentes ao saber que participas nun club no que se atopan algunhas das mellores cousas que o fútbol galego pode ter ou desexar?**

É unha grata sensación, moi grata para ser exactos, aínda que as veces, poucas por sorte, tamén tes desenganos e moi dolorosos.

**Sabemos que hai anos xogaches a deportes como balón man, nestes momentos qué preferirías, xogar ou formar parte da directiva como até o de agora? Por que?**

Primeiro xa non teño idade para xogar a case nada (rí) e, segundo, cada cousa ten o seu tempo e o seu momento e os meus xa pasaron hai algúns anos. Sempre estarei en disposición de axudar á directiva do "Órdenes" no que precise pola sinxela razón de que sempre se pode botar unha man para que os nenos de Ordes e toda a súa comarca, poidan gozar co deporte e se é nun club coa historia do SD Club "Órdenes" mellor que mellor.

*E agora falaremos do que é o fútbol máis en si. A sociedade deportiva "Órdenes" estase a converter nun dos equipos máis importantes da zona, no que ao fútbol base se refire. Os resultados así o mostran, pero o máis importante non é iso, senón o número de equipos cos que conta a súa estrutura, un total de oito.*

*Un equipo que milita na terceira división, outro de xuvenís e unha escola futbolística que cobre as categorías de Cadete, Infantil, Alevín (A e B), Benxamín (A e B) e prebenxamín A.*



**Juvenís:** É un equipo que compite na liga local e está a punto de confirmar o seu ascenso á Liga Galega. Para isto ten que conseguir ser o primeiro, loitando co equipo Dorneda.

Van moi ben encamiñados xa que, no que levan de liga, só perderon un partido.

**Cadetes:** Tamén compiten na primeira categoría local pero a diferenza dos xuvenís, non van tan ben, son moi novos, e pódese dicir que o ano que lles corresponde non é este, senón que é o seguinte. Aínda así son quen de conseguir gañar cinco partidos e empatar un.



**Infantís:** Son un gran equipo e están na Liga Galega ó máximo. Pero ao ser un equipo bastante novo, manterse nela está sendo difícil, pero non é algo imposible por iso inténtase con todo o empeño posible.

**Alevíns:** divididos en:

**Alevíns A:** Participou na Liga Mariñas-Arteixo, no que acabou na penúltima praza, aínda así o que temos que ter en conta é o bo xogo que este equipo realiza.

**Alevíns B:** Competiu na liga de Santiago, e as cousas saíronlle marabillosamente xa que ao quedar no terceiro posto, entrou na segunda fase da competición.

Parámosnos neste equipo para falar sobre un dos rapaces que o compoñen, exactamente o lateral esquerdo, aínda que ás veces xoga de medio, ou co equipo dos infantís, chamado Alejandro Estévez Ferreiro. É un xogador zurdo, tolo polo fútbol, que poderíamos dicir que é a súa maior paixón.



Hai uns meses foi seleccionado entre varios xogadores de distintos equipos da delegación de Santiago para participar nos encontros que disputa a selección alevín de Santiago. Aquí podemos amosar unha foto, onde se atopa adestrando nela.

tanto no seu paso pola selección, como do "Órdenes". A pesar de que aínda é un neno, tan só ten 11 anos, xa leva tempo metido no mundo do fútbol. Ofreceuse encantado a respondernos ás preguntas.

Tivemos o pracer de poder facerlle unhas preguntas,



ENTREVISTA A ALEJANDRO ESTÉVEZ

**Para ser tan novo, levas xa uns cantos anos xogando ó fútbol, poderías dicir que é a túa paixón, non si? Cando empezaches?**

Si pois gústame moito xogar eu comecei aos 5 anos no "Órdenes".

**Temos comprobado que es un bo xogador, xa que a selección colleute xa dende un primeiro momento. Como te sentiches ao recibir a noticia de que finalmente serías seleccionado?**

Moi contento porque iso non cho din todos os días e estou moi orgulloso.

**Actualmente segues xogando con ela, cres que isto durará? Desexas que así sexa?**

Si eu creo que durará porque estou xogando e adestrando moi ben polo que eu penso. Home deséxoo con todo o meu corazón, senón sería unha gran decepción para min.

**Despois de saber isto de que es bastante bo, se tiveras a oportunidade de ser fichado noutro equipo, que farías?**

Depende de que equipo fora, ficharía ou non, porque o "Órdenes" foi o meu equipo dende que empecei a xogar e téñolle moito cariño.

**Estabades xogando até o de agora na modalidade de fútbol sete e íavos bastante ben, pensas que fixestes un bo traballo?**

Si porque a primeira fase foi moi interesante, só pasaban os seis primeiros e ninguén quería perder, ao final quedou moi apertado cos tres primeiros en dous puntos. Nós quedamos terceiros e na segunda fase puidemos gañar pero non fomos capaces xa que tivemos tres malos partidos polo cal quedamos cuartos.

**Benxamíns:** Tamén se dividen en dous equipos:



**Benxamíns A:** Xogou no primeiro grupo da Liga Mariñas-Arteixo e acabou nunha estupenda cuarta posición, con máis de cen goles.

**Benxamíns B:** Participou na mesma liga que o Benxamín A, pero no grupo terceiro e a pesar de ser moi novos, acabou sexto, despois de gañar seis encontros e empatar dous.

**Agora comezades con fútbol once e as cousas non van tan ben. Pensas que é moi complicado ou algo máis difícil que o outro?**

Non, só que os equipos son algo mellores e hai máis espazo para andar co balón. Nós antes, en fútbol sete xogabamos mais a pases, cousa que non nos axuda, e dentro do que cabe, é unha das mellores ligas alevíns polo que non imos tan mal.

**Con cal das modalidades quedarías?**

Non sei, pero gústame moito as dúas e cústame decidir-me, aínda que se teño que elixir prefiro o fútbol 7 que foi ao que mais anos xoguei porque ao outro empecei o ano pasado.

**Cando o tempo vaia pasando e chegue a hora de xogar en categorías máis altas e importantes, tes pensado seguir?**

Si, pois claro, se despois non teño opción de seguir, deixareino pero mentres poida, seguirei xogando todo o posible.

**Sabemos que o teu avó é "Janito" un gran xogador, xa retirado, pensas que podes chegar a conseguir ser coma el?**

Gustaríame ser, por exemplo, lateral, e poder xogar tan ben coma el nesa posición.

**Ti es zurdo, non é raro nos tempos que corren, pero sabemos que moitos dos teus goles os metes coa perna dereita, aínda que en realidade xogas coa esquerda, non si? recordas algún gol que poida ser... un dos mellores?**

Si que son zurdo, coma Messi, e a verdade é que non hai moitos máis xogadores que o sexan. Si que meto goles coa dereita pero non tantos, para min dos que marquei, o mellor foi nesta tempada e coa dereita ademais. Funme de dous xogadores e tirei dende bastante lonxe, bateu no traveseiro e entrou.





**Prebenxamíns:** *Que participan na Liga da Coruña, empezada hai pouco pero xa nun lugar elevado da táboa, para ser exactos no terceiro posto, cousa que aumenta a ilusión.*



**Equipo de terceira:** *O equipo da terceira división consta dunha ampla plantilla, na que participan dous porteiros, oito defensas, oito centrocampistas, e tres dianteiros. Tamén está acompañado por dous adestradores, un fisioterapeuta, un adestrador de porteiros, un delegado e un director deportivo. O principal adestrador é Ambrosio Oróns.*

*Leva varios anos metido no fútbol, grazas a José Luis Vara, traballou no Cerceda e xogou nun número considerado de*

*equipos. Conta que lle ilusiona levar o grupo e está moi orgulloso dos resultados.*



*Tamén dos pasos que está a dar o club que nuns anos acabará por dar froitos. Está moi contento no club xa que ten un bo trato e para el traballar co grupo, tanto como coa directiva, é algo fácil aínda que di que sempre hai que xogar os partidos ao cen por cen. O capitán do equipo é o porteiro titular, Javier Ríos.*

*Quen leva toda a súa vida no mundo do fútbol, empezando no "Órdenes" e seguindo en equipos tan importantes como pode ser o Deportivo da Liga Nacional, pero segue nel como o primeiro día e pensa acabar a súa carreira deportiva no "Órdenes", aínda que mentres que o corpo o permita pensa en continuar. Conta que nesta temporada as cousas van moi ben, tanto que xa chegan a pasar por riba das posibilidades, di que tamén seguen a soñar coa fase de ascenso, porque nunca se debe de perder a ilusión, aínda que sexa algo complicado, xa que o nivel é elevado e todos os equipos teñen dous ou tres xogadores que marcan a diferenza.*



*E agora, falando do xogo, a única nota que se lle podería dar ó equipo é un sobresaliente. Cando empezaron, só tiñan como obxectivo salvar a categoría e agora, despois dun tempo, o equipo vai de sétimo, só a once puntos da fase de ascenso. A competición empezou a última fin de semana de agosto cun triunfo ante o Bergantiños. Unha semana máis tarde sufrimos a primeira derrota contra o Lalín pero no seguinte partido, contra o Narón, volvemos gañar.*

Houbo máis partidos e despois dunha xornada de descanso, pola retirada do Ciudad de Santiago, tivemos a nosa primeira vitoria fóra da casa e sete días despois, cunha gran sorpresa o "Órdenes" gañou ó Depor B. Seguiron os partidos e, semanas máis tarde, houbo outra sorpresa, ao impoñerse gañándolle ao Cerceda, aínda así a segunda volta comezou con derrota.



Probablemente o "Órdenes" disputou o mellor partido da temporada contra o Narón, pero curiosamente acabou perdendo por unha remontada de tres goles despois de gañar por dous xa na metade da segunda parte. No último partido xogado chegou a primeira derrota na casa, contra o Negreira. O seguinte partido será na casa contra o Ourense e os de Ambrosio intentarán, coma sempre, dar o máximo, para así conseguir a tan desexada fase de ascenso.



A afección do Club "Órdenes" é leal e sempre os acompaña en todos os partidos, o presidente está moi orgulloso dela e teno dito en máis dunha ocasión que a afección é marabillosa á vez que envidiable e pensa que, xunto coa de Alondras e a de Cultura Areas, é a mellor da terceira división, xa que os apoian tanto na casa como fóra dela. Pero non soamente coincide nesta opinión o presidente senón que o porteiro, e capitán, do equipo pensa que senten as cores dunha forma increíble, moito máis que noutros lugares, e comenta que por exemplo en Vilagarcía había máis de 200 persoas apoiándoos, cousa que cre que é impresionante. Nunha recente entrevista o porteiro, Ríos, tamén lles dá as grazas e pide que nunca perdan a ilusión xa que lle encantaría terminar a súa carreira deportiva dedicándolles unha fase de ascenso. Nós tivemos a oportunidade de poder entrevistar a unha das mulleres que máis seguen o equipo en cada un dos seus partidos, tanto dentro como fóra da casa. Fina González

Yáñez é unha grande afeccionada ó "Órdenes", á vez que a muller do presidente.

### ENTREVISTA A FINA GONZÁLEZ YÁÑEZ

**Levas xa un bo tempo sendo unha fiel seguidora deste equipo, danche as suficientes alegrías como para seguir con eles? Cres que vale a pena?**

Si claro que che dan alegrías, aínda recordo o ascenso a terceira división, foi algo incríbel, e por suposto que vale a pena, aparte do deportivo, teño con toda esta xente un trato moi especial, formamos unha gran familia.

**Como te sentes ao perder un partido despois de ti dalo todo nas gradas? E ao gañar?**

Depende de como transcorre o encontro, ás veces xogan moi ben pero perden e quédache como un pouco de rabia. Pero neses momentos é importante estar aí, ao seu lado, facéndolles saber que fixeron un bo traballo aínda que non puido ser. Cando gañan sintome moi contenta, cada vitoria é un gran logro para toda esa xente que cada domingo acompaña ó equipo.

**Cres que se pode dicir que a afección do "Órdenes" é unha**

**das mellores de toda Galiza? Como te sentes cando a xente o afirma?**

Sen lugar a dubida o "Órdenes" ten unha das mellores afeccións polo que se nos respecta moito en todos os campos. Cando a xente o afirma sintome orgullosa por formar parte desa afección.

**Pensas que se non forades así co equipo darían menos de sí? Ou cres que todo axuda?**

Creo que o noso apoio é moi importante para que saian motivados ao campo. Aínda que claro que lles axuda, xa que eles saben que estamos aí.

**Pensas que o teu marido, Jesús, fai un bo traballo como presidente ou pensas que hai cousas que se poden mellorar?**

É a súa primeira temporada como presidente, aínda que anteriormente formou parte da directiva, el leva ao "Órdenes" no corazón e estou segura de que o fai con moita

ilusión. Hoxe non é nada fácil dirixir un club de fútbol, a crise afecta de cheo a este deporte sobre todo nestas categorías. Seguro que hai un montón de cousas que se poden e se deben mellorar.

**Estás orgullosa cos resultados obtidos polo de agora? Cres que poden aspirar a máis, até conseguir a fase de ascenso, ou polo contrario que xa están ben co logrado?**

Moi orgullosa despois de todo o que tocou sufrir a temporada pasada. Isto parécese increíble, estamos nos postos de arriba, oxalá poidamos continuar así. Meterse nos catro primeiros postos para optar a xogar a fase sería un soño que a estas alturas da competición parece posible pero aínda queda moito e vai estar moi complicado. Estou segura de que mentres teñamos opcións, o equipo vai pelexar, pero como dixen parécese complicado.

**Non só animas aos equipos de terceira senón que tes un fillo xogando nunha das escolas deportivas e vas sempre ver os partidos, en cales cres que hai máis tensión? E máis seguidores? Pensas que por ser máis pequenos non se lle dá tanta importancia a como se atopen nas táboas ou en como xoguen os partidos?**

Non sei que dicirche, quizais máis tensión se viva co primeiro equipo, pero máis ilusión sen dúbida cos pequenos que dan todo no campo intentando mellorar día a día. Ben, máis seguidores claro que ten o primeiro equipo, pero os máis

fieis e incansables téñenos os pequenos... eses pais que nunca fallan. A clasificación é moi importante para os nenos pero tamén o é para o prestixio do club. Se xogan ben, sempre terán o recoñecemento do seu adestrador pero sobre todo o dos seus máis fieis seguidores, "seus pais".

**Que pensas que é o peor do fútbol, como afeccionada? E o mellor?**

Penso que o peor é a violencia que existe nalgúns campos, iso atérrame. O fútbol é un deporte e a violencia nel está fora de lugar. Para mi o mellor do fútbol é o ambiente de antes e despois do partido, pero sobre todo a cantidade de grandes amigos que fixen durante estes anos que levo acompañando ao "Órdenes".

**Preferirías estar xogando en vez de ser a que observa?**

Non por Deus! que unha xa non está para isto, gústame velo dende a grada.

**Algunha vez sentiches vergoña polos berros que a xente dá ou polos cantares ou por algo relacionado ao que a afección se refire?**

Si por desgraza os insultos e descalificacións aos árbitros, adestradores ou xogadores é o noso pan de cada día nos campos de fútbol.

*E así remata un paso pola historia deste club deportivo de Vista Alegre que esperamos que siga moitos anos mais dando todo polo fútbol como até o de agora.*





## ENTREVISTA A PABLO GUILLERMO SAMARTÍN BIÉNZOBAS

POR ALBA RAMOS VIZCAÍNO, 3ºD.

**- Como decidiches escoller a profesión de profesor de bioloxía?**

- Porque me encantaba a bioloxía desde sempre. Cando tiña que escoller unha carreira non sabía se ir por medicina ou por bioloxía. Ao final fun por bioloxía e logo aprobé as oposicións....e aquí estou dando clase.

**- Como describirías os teus comezos como mestre?**

- Moi divertidos, porque todo era moi sorprendente. A min gústame moito a docencia, gústanme os rapaces, porque o paso moi ben con eles, vou con eles de excursión, de cámping... Como xa levo vinte anos xa non hai a mesma novidade que había ao principio pero aínda así gústame.

**- Nalgún momento da túa vida pensaches que optar pola docencia fora escoller un mal camiño?**

- Non, aínda que sempre pensei que podería ter sido máis valente loitando cos meus pais, coa miña casa, cos meus irmáns. Porque a min gústame moito o mundo da farándula e, quizais porque tiña a carreira rematada, na casa non me potenciaban nada a cousa e non tiveron o arranque de dicir "Vou vivir só do mundo da farándula, actuando e bailando, que son cousas que me gustan moito. Pero ben tamén actúo un pouco na clase, tamén me vai moi ben co espectáculo que montei. Entón saco un pouco esta espiña que teño e quedo encantado.

**- Desde cando coñeces a Teté Delgado?**

- Buf, máis ou menos desde hai vinte e catro anos. Ela aínda non era famosa, xa fixera algunha cousiña pero non saía na televisión e cousas así.

**- Que te impulsou a interesarte polo baile?**

- Pois ao rematar a carreira non sabía que facer e como había clases de baile, e a min tamén me gustaba, apunteime. Ademais era o primeiro ano que había ese tipo de clases en Santiago. E aínda non sabíamos moi ben nin o que eran os bailes de salón. E como me apetecía saber bailar o tango, ou o chachachá apunteime e xa empecei a impartir clases de baile de salón porque había tanta xente, que os tres profesores que había, non daban abasto.

**- Que modalidade de baile che gusta máis?**

- O chachachá e o foxtrot.

**- Non era difícil traballar e, ao mesmo tempo, asistir a clases de baile?**

- Non porque me coincidían ben os horarios. As clases eran ás oito e media da tarde e xa rematara a miña xornada do día. E era tempo de descanso porque o tiña para iso que era o que me gustaba.

**- Como foi a experiencia de dar clases de baile xunto a Teté Delgado?**

- Foi moi divertido, porque empezamos con parellas distintas. Teté comezou como parella doutro rapaz e eu con outra rapaza pero curiosamente os dous tiveron que abandonar e xa nos xuntamos Teté e mais eu e estivemos anos asistindo a cursos. Esa etapa era sobre todo de moita festa, saíamos moito pola noite, durmiamos un pouco pola mañá, traballabamos o que tiñamos que traballar e logo a bailar e a bailar... E despois cando empezamos como profesores, dabamos clases e tamén as recibiamos. Así gañei o meu primeiro soldo e foi aí cando me puxeron na cartilla un carimbo que quería dicir que era un artista, ese cuño cotizábase!

**- De que modo che comezou a gustar o terror?**

-Pois a min o terror gústábame desde pequeno aínda que meus pais non me deixaban ver ese tipo de películas. Metíanlles sustos aos veciños, aos amigos e aos fillos dos amigos de meus pais. Acórdome de que miña nai me berraba. Son o típico que viu "O Exorcista" e que me deixou moi marcado. Para ver esa película tiven que medio falsificar o carné para entrar porque era para maiores. A película encantoume e tamén me interesou máis o terror vendo máis películas e lendo libros. Curiosamente estaba dando clases no instituto e tiven noticia de que había espectáculos por aí e apeteciame ir ver algúns deses espectáculos... Despois foi cando rematei montando o meu propio espectáculo.

**- Que se sente ao ter proxectos propios?**

- Satisfacción, sobre todo cando che saen ben. Para min, cada vez que vexo a páxina web, ou as actuacións do meu espectáculo "El roce de las alas" de repente é como se tivese un soño cumprido, ese soño que tiña desde pequeno.

**- Cal das moitas curtametraxes que fixeches che gustou máis e por que?**

- É coma se foran todas fillas miñas e non poderías dicir a quen queres máis, aínda que creo que a que máis destaca é a última "Poderío ao río" que quedou finalista nun festival. Nela tamén sae Teté e é a que ten máis calidade. Despois tamén podería dicir a primeira, porque é a primeira, unha das do medio, porque as fixen cos que eran os meus amigos de aquela e aínda son os meus amigos de agora... Cada unha ten a súa cousiña e os seus defectos.

**- Cal é o teu actor preferido?**

- Español Luís Tosar e estranxeiro Rober de Niro.

**- Como era a relación cos compañeiros das compañías nas que estiveches?**

- Ben, sempre cordial. Eu non son problemático para traballar. Sempre intento estar de bo humor, todos estamos para axudarnos uns a outros, esa é a miña filosofía de vida. Tamén creo que hai que tomar as cousas en serio e telas claras.

**- Como levabas o de estar de colaborador en varios programas?**

- Iso eran cousiñas da etapa onde aínda non tiña traballo e era para pasar o tempo, o máis importante era A Reoca, porque cobraba un soldo como colaborador fixo.

- **Que programa daqueles nos que estiveches che gustou máis?**

- A Reoca xa que tamén estaba Teté e era moi seguido. Ademais o director era encantador. A verdade é que foi un programa que estivo moi ben.

- **Que te impulsa a montar o teatro de terror “El roce de las alas”?**

- Pois eu quería asistir a actuacións de terror pero ningún dos meus colegas se animaba a acompañarme. E unha amiga díxome que por que non montaba eu o meu propio espectáculo. E así pouco a pouco funo montando. Está dividido nun espectáculo de terror formado por dez compoñentes e unha investigación que conta con tres compoñentes.

- **De que consta o espectáculo?**

- Temos dous tipos de espectáculos: un espectáculo de terror, que dá máis medo, formado por dez compoñentes, e unha investigación que conta con tres. O prezo é diferente; o da investigación é menor. Na investigación recolleemos personaxes de películas, lendas de Galicia e outros temas coñecidos e intentamos que a xente o pase ben. O teatro é interactivo xa que a xente debe participar.

- **Por que o tivestes que trasladar de Moaña a Cuntis?**

- Ao principio Moaña era un sitio a medio camiño entre o meu traballo e a miña vivenda e tamén aos integrantes do espectáculo lles quedaba preto. Pero a xente protestaba pola casa: había que compartir baños e quedábanos pequena para a cantidade de xente que queríamos meter.... Foi así como nos cambiamos para Cuntis, que de feito queda máis para o centro de Galicia. Aínda que segue en Pontevedra, está case na Coruña e é máis fácil que veña xente de Lugo.

- **Que cres que fai que o espectáculo guste?**

- “Terror” seguido de moitas risas. Tamén se libera a adrenalina. Cando che dan un susto vas cos teus amigos e, de repente, son os teus amigos os que che dan o susto, e claro, ris e cabréaste. É moi importante porque disto hai pouquiño por España e non está ben que o diga eu pero fun ver outros espectáculos e como o noso hai poucos.

- **Como te sentes na túa faceta como director de teatro?**

- Na miña faceta como director síntome moi realizado e moi contento, facendo o que me gusta e vendo que funciona e que vai para adiante.

- **E como guionista?**

- Divírteme moito. Gústame experimentar cos meus amigos, sen contarlles o que vou facer, para ver as súas reaccións. Guionista é deixar voar a imaxinación. Pero claro, logo cando tes que montarlo xa dá máis traballo.

- **Dedícaslle moito tempo ao teatro?**

- Moito, é coma outro traballo para min. Ao principio perdía moito diñeiro, pero divertíame. Aínda que agora xa non perdo tanto como antes, teño que ter coidado con este hobby porque se está convertendo nun segundo traballo.

- **No videoclip de “El roce de las alas” elixiches a Teté Delgado para que te acompañara, por que pensaches nela?**

- Por moitas razóns. Primeiro porque eu antes cantaba e bailaba con Teté e era bonito volvelo facer. Segundo porque ela vive en Madrid e era unha oportunidade para volvela ver. E terceiro porque Teté para min é moi importante.

- **Aínda vos comunicades a miúdo?**

- Si porque falamos por teléfono.

- **Como dás feito para dedicarte a tantas cousas ao mesmo**

**tempo?**

- Ás veces estou canso porque o tempo vai pasando e nótese. Pero son moi vital.

- **Se tiveras que elixir unha desas facetas, cal escollerías?**

- É difícil. Pero por soño, ilusión e porque o creei, quedaría coa obra de teatro. Pero, como xa dixen, a min os rapaces gústanme moito e ademais ese traballo proporcioname estabilidade. Tamén son importantes esas vacacións que temos e as horas libres que nos quedan pola tarde. Pero espero non ter que elixir.

- **Agora mesmo tamén exerces como titor dunha aula, pareceche difícil esa tarefa?**

- Non me parece difícil.

- **Sénteste a gusto séndoo?**

- Si. Son titor de terceiro de diversificación e aínda que parece raro, ás veces o máis difícil son os pais. Porque cando hai problemas con algún rapaz, coñeces os pais e xa entendes por que é así o rapaz. De feito algunhas veces quedo con antigos alumnos para ver o espectáculo ou facer outras cousas.

- **Que opina a túa familia das túas distintas facetas profesionais?**

- Eles apoiáronme en todo menos no de dedicarme á profesión de actor. En cambio agora anímanme en todo e ata viñeron ver o meu teatro.

- **Que lle aconsellarías a unha persoa que quixera seguir o camiño de actor?**

- Que traballe moito, que empece o antes posible, que se apunte a moitas clases e se lle gusta moito, que estude a carreira. Tamén hai que ter sorte e hai que valer para todo. Logo xa escollerás cando teñas que escoller.

- **Algunha vez levaches os alumnos a ver o teu espectáculo?**

- Si, de feito houbo un concurso no facebook. Quen o gañara, viña ver o teatro e gañouno unha alumna miña. E viñeron ela e mais o seu acompañante.

- **Con que actor internacional che gustaría traballar?**

- Con Ewan McGregor, porque me parece moi normal e el tamén canta, cousa que a min tamén me gusta.

- **Con que personaxe de terror te identificas?**

- Co Padre Karras.

- **Se te propuxeran para un concurso de baile, aceptarías?**

- Dubídoo porque cando Teté e eu ensaiabamos, había concursos aos que ela quería asistir e eu non porque estaba moi canso de estudar para a carreira e para as oposicións como para meterme aínda a estudar un baile. E ademais o baile gústame para min. Aínda que se me propuxeran agora para un concurso con Teté, supoño que iría.



## Entrevista a Gonzalo Castro

Por Silvia Bouzas e Roberto Boga.



Gonzalo-Henrique Castro Prado, de 36 anos e nado no concello de Ordes, é licenciado en Ciencias Políticas e da administración pola UNED.

Aos dezasete anos comezou a militar en Galiza Nova, integrándose na Asemblea Local do movemento estudiantil, nos Comités Abertos da Facultade de Dereito e no Claustro da Universidade da Coruña.

Tamén ten participado activamente no movemento ecoloxista, sendo secretario comarcal de Delegación da Asociación para a defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) en Ordes e membro da Dirección Nacional da citada organización, durante o período 2000-2003.

Na actualidade forma parte do Consello Comarcal e da Executiva Comarcal do BNG en Santiago de Compostela e é concelleiro e Portavoz Municipal do BNG en Ordes. Profesionalmente, exerceu a avogacía na cidade da Coruña, nas especialidades de Dereito Administrativo e Mercantil, actividade na que cesou temporalmente para dedicarse ao asesoramento dos Grupos Parlamentarios do BNG nas Cortes Xerais do Estado e no Parlamento Galego, labor profesional que exerce de xeito exclusivo na actualidade.

### Cando e por que decide meterse na política?

Foi por moitas razóns, pero cando tiña entre 16 ou 17 anos empecei a ter preocupacións sociais e políticas e penso que en definitiva, todo é política na vida, dunha forma ou doutra. E estas inquietudes sociais acabáronse canalizando cara ao nacionalismo. No bacharelato comecei na ESCAE e estas ganas de participar na política continuaron na universidade. Como vía que había moitas cousas mal feitas, sobre todo con relación á xuventude, que era o que principalmente me preocupaba, sentínme chamado a participar na política e no BNG.

### Por que o BNG?

Polo que máis ou menos dixen anteriormente. Sempre tiven a conciencia de que Galiza é un país diferenciado, cun idioma propio, cunha cultura propia, que non foi defendida adecuadamente a nivel estatal. Iso foi o que me levou a participar no BNG e no nacionalismo.

### Como definiría o nacionalismo?

Ten varios significados pero penso que é a conciencia de pertencer a un pobo ou a unha nación diferenciada. O nacionalismo intenta que unha nación diferenciada, como neste caso a galega, teña o seu lugar no mundo, que non se ille deste e que contribúa desde as súas particularidades, incluso dende a súa propia visión do mundo, a intentar que se defendan as diferenzas e a que poidan vivir dignamente todos os pobos.

### Cre nunha Galiza independente?

Depende do que se entenda por independencia. Teño que dicir que eu creo nunha Galiza que pode se desenvolver por si mesma, que pode darse dentro dun Estado español, onde

se respecten as diferenzas. E penso que en definitiva, isto parécese a un matrimonio, onde se respecte esta parte da "parella" que formaría neste caso o Estado español. Malo se non se respecta e ultimamente, coa chegada do PP, estase retrasando a aceptación de Galiza en España.

### Parécelle que estamos en igualdade de condicións respecto ao resto das comunidades autónomas?

Non, teño que dicir que desgraciadamente non, e creo que hai tres nacións diferenciadas, Galiza, Euskadi e Cataluña. Obviamente tendo recoñecemento constitucional como nación, non temos nin o mesmo nivel de competencias nin de diálogo bilateral, nin de negociación co Estado como o que teñen Euskadi ou Cataluña. Aínda que non imos coa velocidade que mereceríamos como nacionalidade histórica. O conflito agora está no texto do estatuto de autonomía catalán. Ben, é un estatuto que quen nolo dera a nós. Está sendo cuestión de debate por parte do Estado, aínda que non sei cal vai ser o resultado, nin o que pasará. Pero o que se demostra aquí é que non imos á velocidade doutras nacións do Estado español. E non evolucionamos porque ás forzas políticas, ao PSOE ou ao PP no caso galego, non lles interesa. Aí está o exemplo coa pasada lexislatura no bloqueo á reforma do Estatuto de Autonomía. E hai comunidades como Andalucía que teñen maior autogoberno que Galiza.

### Cómo é a Galiza coa que soña?

Unha Galiza onde exista a igualdade de oportunidades, onde os sectores produtivos non estean boicoteados polas institucións europeas, unha Galiza onde a xente poida vivir con total respecto e paréceme decepcionante que, tendo en Ordes un sector láteo así, non se estea tomando en serio a nivel europeo.

### **Pensa que os outros partidos políticos nos defenden como merecemos?**

Xa o dixen en reiteradas ocasións, obviamente non, por unha razón que é moi básica. O problema dos partidos políticos estatais é que non teñen o seu centro de decisión aquí en Galiza. Nin concentran os seus intereses aquí. Son partidos que obedecen unha dirección estatal cara a Madrid e alí hai forzas que ás veces entran en colisión coa defensa dos intereses de Galiza. A partir diso acudimos ao congreso de deputados e ao senado e contemplamos situacións moi preocupantes, que senadores e deputados do PSOE e do PP galegos voten en contra dos intereses deste país por directrices partidarias.

### **Que opina de que se diga que todos os políticos son iguais?**

Primeiro, non é así e, segundo, preocúpame moitísimo. A campaña que está habendo de descrédito da política, preocúpame por unha razón, porque non é casual que se dea cando se está dando. Explícome, estanse collendo casos excepcionais, no medio dos milleiros de cargos públicos que hai. Obviamente hai que erradicar estas prácticas, son o primeiro que cre que hai que poñer orde para intentar transmitir a idea, mediante os medios de comunicación, de que a política non é un problema. A min non me gusta esa expresión, que sexa un problema. Pero se non solucionas os problemas da xente, contribúes a empeoralos. Por exemplo esta campaña de descrédito da política a propósito da crise económica non é casual, está dirixida por certos poderes económicos, primeiro para lanzar unha cortina de fume e que a xente vexa e poñan na diana os políticos, que vexan neles os causantes desta situación de crise, cando quen, realmente, a causou foi o gran capital.

### **Que marca a diferenza?**

Pois penso que como todos somos persoas, son as virtudes e os defectos na proximidade e en relacionarse coa xente. Creo que máis que diferenza entre políticos, a distancia está marcada polos proxectos políticos. É obvio que os proxectos políticos que se senten cómodos co que se está a dar, non cuestionan o estado de cousas, algúns intentan maquillalo e outros, incluso, intentan ir máis alá en recortes da igualdade. Pero hai outras forzas políticas como o BNG que, non comparten este sistema e intentan transformalo pacificamente, democraticamente e desde dentro. Para poder así respectar a igualdade de todas as persoas, onde haxa servizos públicos de calidade, onde haxa a posibilidade de que as persoas que menos teñen se poidan beneficiar dos servizos sociais. Nós o que defendemos é a idea de que os que máis teñen, paguen, contribúan a que a xente que menos ten poida levar unha vida boa. Nós defendemos iso, que temos que avanzar cara a un estado onde ninguén naza en desigualdade de condicións e menos que ninguén naza marcado de cara ao futuro. E iso é o que marca a diferenza.

### **Beiras, Quintana ou Guillerme Vázquez?**

A ver eu apoiaba a Beiras cando era portavoz nacional. Fun defensor de Quintana cando era portavoz nacional e vicepresidente da Xunta e agora que está noutro papel. E neste momento tócame defender a Guillerme Vázquez como portavoz nacional do BNG. Se me preguntas desde as calidades que pode ter cada un deles, está claro que todos son líderes, dende o meu punto de vista. Con moitas virtudes, obviamente cada un destaca máis que outro en determinadas facetas. Penso que son líderes. No caso de Beiras e Quintana teñen contribuído, e ás veces de maneira moi decisiva, á consolidación do proxecto político do BNG a que a xente vexa no BNG o proxecto político que os representa e que os defende.

### **Catro anos no goberno souberon a pouco?**

Non lle souberon a pouco ao BNG soubéronlle a pouco a España. Foron catro anos no goberno onde se percibiu claramente que a única forza política que intenta transformar e facer avanzar a este país é o BNG. Realmente foi unicamente o BNG quen presentou cambios. Está o exemplo de que se intentou poñer ao servizo e aos intereses do país e do desenvolvemento económico. Por exemplo en algo que é importante aquí, o sector enerxético, velaí está o decreto eólico que provocou a reacción das grandes eléctricas estatais que mangaron os nosos recursos enerxéticos sen dar nada a cambio.

### **Cre que habrá una segunda oportunidade?**

Estou convencido de que os galegos e galegas se van dar de conta de que aí o que houbo realmente, foi unha campaña forte por parte dos poderes económicos, dos oligopolios, para evitar que este país se transformase dende a base. E cada día son máis conscientes fronte ao conformismo doutros, incluso dos recortes sociais por parte do PP.

### **Cambiaría algo destes catro anos?**

Pois en esencia non, eu creo que non, que o BNG actúa con seguridade e que no goberno actúa representando fundamentalmente ao pobo. Accedemos ao goberno representando ao pobo galego no seu conxunto. Representando os traballadores ou as pequenas empresas. Traballamos día a día facendo esforzos para que este país avance. Non accedemos ao goberno para defender os explotadores dos recursos do país e actuamos en coherencia, sabendo e sendo moi conscientes dos custos que tiña. E volveríamos facelo por unha cuestión de compromiso.

### **Que lle parece a actuación da nova Xunta? Pensa que funcionará o “trilingüismo” que propoñen?**

Non, e acaban de darse de conta de que a implantación do inglés no ensino ten dificultades técnicas. Eu penso que é como unha coartada por así dicilo que oculta o que en realidade é un avance cara ao monolingüismo en español. Creo que o galego está nunha situación minoritaria de discriminación con respecto ao español. E teñen que promover que o galego sexa utilizado en igualdade de condicións en todos os ámbitos, ao igual que o español. Isto obviamente suprime a actual política lingüística.

E vaise cara a unha política lingüística na que o que se pretende é frear os avances que se produciron no galego, incluso por parte do PP.

#### **Acoso e derribo para a nosa lingua?**

Creo que estamos sendo obxecto dunha proba de laboratorio, e é así de triste, por parte do PP. Creo que estamos asistindo á eliminación do propio idioma e da cultura galega. Estou convencido de que o pobo galego non o vai permitir e lle demostrará ao PP que por aí non vai a ningunha parte.

#### **Galescolas ou Galiña azul, cal é a diferenza?**

Pois as Galescolas procuraban ir avanzando dende idades cativas na normalización política do noso idioma e ir familiarizando os cativos co noso idioma. Existe un déficit moi importante nas escolas galegas. Penso que o que as distingue é o seu carácter público e que se están dando casos que nos fan prever que o da Galiña Azul vai ser obxecto dunha privatización. De novo o PP demostra que defende outro tipo de intereses e que se faga negocio

#### **E o de que sexan os pais os que escollan a lingua na que van estudar os seus fillos?**

Eu penso que iso é imposible. E que se van dar moitísimos conflitos. Aos pais non se lles deixa elixir a liña que van cursar os seus fillos nin as materias que van facer os fillos nun curso ou noutro. Cres que é normal que aos pais non se lles deixe elixir as materias que van cursar os seus fillos e si os idiomas que van estudar? Ten menos importancia a ensinanza da lingua propia? Da lingua galega, unha lingua oficial incluso en situación de desigualdade. E hai xente que non fala galego porque desgraciadamente cando estudou, non se daba. E a priori estase recoñecendo que o galego non ten a mesma importancia que o español. Penso que é un dos primeiros pasos de aniquilación do galego.

#### **Cre xusto que volvamos pagar os libros de texto?**

Non, absolutamente inxusto. Isto é a política de recortes sociais que se está dando polo PP. E penso que se están recortando os servizos públicos. Entón o PP está recortando presupostos na ensinanza para darllos a cousas menos importantes.

#### **Estase facendo todo o posible para paliar a crise?**

Obviamente non, e o que se está facendo, faise en sentido erróneo. Levamos un ano cun goberno que se está dedicando a falar do que vai facer. Un goberno que ao que se dedica é a desfacer o que se fixo nos últimos catro anos e así levamos un ano. Abandona os sectores produtivos ligados ao sector primario e o sector agrogandeiro, a pesca está peor que nunca, nunha situación límite igual que o sector automobilístico e poderíamos seguir. Chegamos á conclusión de que aquí non se defende ese cambio de modelo económico que nos levou a este estado de crise. O acceso ao crédito segue sen existir, aquela persoa que queira renovar a súa casa ou comprar un coche, sabe que o crédito está peor que nunca. Favorécese aos culpables da crise e déixase abandonado a quen a sofre.

#### **Cal sería a proposta do BNG?**

Primeiro un reforzo en todo o sector público. Aumentaríamos a obra pública, impulsaríamos os estados sociais e todo o que son as actuacións públicas, o desenvolvemento económico. Apostaríamos, mesmo loitando coa Unión Europea, se houbera algún problema en canto leis de competencia impulsando a activación dos sectores produtivos: ao lácteo, o pesqueiro e acabando co veto á construción para o estaleiro de FENE e despois, si que é certo, desenvolvendo políticas que puideran paliar os efectos do desemprego. Fundamentalmente recuperar o papel que nunca debeu perder o sector económico e de planificación económica. Creo que entregar aos especuladores a economía tennos levado a onde estamos. Con iso habería que avanzar de novo a políticas que puxeran nun primeiro plano os sectores produtivos e que obviamente fixeran que os medios de produción se foran comprometendo cos intereses xerais. Isto soa incluso á nacionalización dos medios de produción que era unha solución, por iso apostamos polo mantemento dunhas caixas de aforro galegas, dun sector financeiro vinculado aos intereses dos sectores produtivos, vinculados a sectores económicos estratéxicos e non intereses estranxeiros de dubidosa fiabilidade e con moito risco. En definitiva, avanzar nunha liña totalmente diferente ao que se avanzou nos últimos corenta ou cincuenta anos nos que asistimos ao desmantelamento do sector público e a poñer todo nas mans de especuladores estratéxicos a cambio de nada.

#### **A fusión das caixas beneficiarias ou prexudicadas?**

Pois beneficiarias porque, tal como está a situación a día de hoxe, é a única forma que temos de que o aforro galego siga aquí, que haxa unhas caixas galegas no país. Difícilmente vai repercutir o aforro galego no desenvolvemento económico do noso país se as caixas pasan a ser absorbidas e o centro de decisións pasa a Madrid ou a Barcelona. Esperemos que poidamos evitalo porque senón obviamente esas caixas foráneas e os aforros galegos van ser intervídos noutras partes do estado e van ser espoliados.

#### **Que está a pasar co sector leiteiro?**

O sector leiteiro está sufrindo un abandono por parte das administracións autonómica e central. Está realmente sendo abandonado e non se aproveitan as oportunidades para intentar avanzar. Déixanse os produtores nunha situación de esquecemento. E penso que hai que empezar a defender un sector que é moi importante para nós. Dende un punto de vista ambiental é fundamental este sector leiteiro.

#### **Este ano é xacobeo, non hai una excesiva inversión para os tempos que corremos?**

Pois eu creo que aparte de excesiva é un investimento erróneo porque se está enfocando moi mal, con grandes "acontecementos culturais" pouco relacionados co que sería a cultura galega. Coido que o Conselleiro de Cultura vai pasar á historia e que nos vai poñer de acordo a todos en que foi o peor que houbo neste país. Estase a malgastar o diñeiro en acontecementos que non van poñer a Galiza



no mundo e que non van internacionalizar ou exportar a nosa cultura. Desde esa perspectiva pódese dicir que se están a malgastar os cartos.

### **A nivel local, hai un antes e un despois do Goberno de Martiño?**

Pois eu creo que por desgraza non hai un antes e un despois senón que estamos nunha situación de continuidade. Non quero que ninguén me interprete mal pero coido que este goberno municipal desaproveitou unha oportunidade de ouro para dar un impulso socioeconómico ao noso concello, para intentar recuperar terreo e convertelo na cabeceira de comarca, que non se aproveitou que este goberno tivo á súa disposición fondos, como o fondo estatal para o emprego, durante dous anos seguidos, e que tivo a colaboración activa polas xestións que levaba o propio BNG á Xunta con lealdade institucional. Así o temos feito público para que quedara claro que por riba de intereses partidistas, poñeríamos a defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Ordes. Tiveron unha oportunidade de ouro para dar un cambio, para que realmente houbera un antes e un despois do goberno de Martino e obviamente o balance non pode ser bo. Desaproveitaron cantidade de recursos para facer de Ordes un concello máis próspero. Os datos están aí porque nos dous últimos anos son moi evidentes, en Ordes pasamos nun ano dunha cifra de 670 desempregados a 1.100. Iso quere dicir que en só un ano a cifra case se duplicou e iso que temos unha cantidade inmensa de recursos e de inversións procedentes do fondo estatal de investimento local para fomentar o emprego. Pero non foron utilizados para iso senón que os orientaron de forma moi negativa. Ademais creo que hai cousas que claman ao ceo e que algún día terán que ser explicadas e eu lanzo a seguinte, que a totalidade das obras que se adjudicaron fora a empresas de fóra de Ordes cando nos concursos de licitación había empresas radicadas no noso concello que estaban mellor colocadas pola súa situación xeográfica e incluso no primeiro lugar nos baremos dos técnicos municipais. Ben, eran fondos que non servían para o que deberían servir. Friamente desde ese balance o BNG é moi crítico porque cando se ten unha oportunidade de ouro, non hai dereito a desaproveitala así e, ademais, non sei con que tipo de intereses como para non xuntar traballadores de Ordes, con empresas de Ordes e cos seus provedores en Ordes. Obras que podían paliar os efectos da crise e do desemprego cando estaban mellor puntuadas incluso nos propios concursos.

### **Pensa que se está a xestionar ben o noso Concello?**

Pois polo que acabo de dicir, obviamente non. O Concello hai que xestionalo cos intereses do concello, o Concello hai que xestionalo pensando no benestar dos veciños e veciñas e obviamente hai actuacións que non son entendidas. Aí esta o Centro de Día que o BNG reclamou reiteradamente, reivindicación que non foi atendida. Tamén están os servizos sociais deficientes que non foron apoiados con recursos que garantisen a súa funcionalidade. Volvo dicir que é bastante grave ter os instrumentos para poder facelo e que non o fagas. Iso si que é grave porque se non os tes, obviamente non os tes,

pero ténndoos, non se fixo. O balance é nefasto e non porque en todos os concellos se fixeran mal as cousas. Pero no de Ordes está peor a situación porque é aquel no que máis medrou o desemprego estes últimos anos, o dobre que nos outros concellos. Entón é un claro síntoma de que aparte dos problemas nacionais e estatais tamén hai unha agravante local, dunha falta de capacidade deste goberno municipal para optimizar os recursos de forma que se poidan controlar os efectos do desemprego e da falta de oportunidades e que se poida avanzar na recuperación do papel da nosa comarca mediante a creación dun milleiro de empresas para darlle saída aos profesionais máis novos e aos empresarios do noso concello. Moitos deles, que están moi cualificados, teñen que irse fóra porque aquí carecen de oportunidades e ese milleiro de empresas un ano si e outro tamén foi rexeitado nas propostas a incluír nos fondos estatais por parte deste goberno.

### **Esta vostede de acordo coa ampliación de Sogama?**

Pois obviamente non e estamos a desenvolver unha campaña nese sentido. Para a semana teremos unha reunión informativa na que trataremos de deixarlle ben claro ao goberno galego que o modelo de residuos ten que cambiar diametralmente, que o modelo de tratamento de residuos ten que descentralizarse, hai que avanzar cara a unha xestión comarcal dos propios residuos e hai que abandonar a incineración como a fórmula de tratamento xa que está demostrado que ten uns efectos perniciosos contra o medio ambiente e, o que é peor, sobre a saúde das persoas. Está anunciada polo propio conselleiro a posibilidade de que se poidan aumentar as propias instalacións de Sogama de Cerceda e ante isto, o BNG vaise opoñer frontalmente.

### **Sobre a circunvalación poderíase mellorar o seu trazado?**

Se entendemos por circunvalación a variante leste que se está empezando a facer, debemos lembrar que se podería mellorar e de feito nós propuxemos evitar que só houbera unha saída no polígono industrial de Ordes coa prolongación ata o canón de Leira que serían 800 metros que poderían evitar unha situación de colapso e ata de perigo na seguridade viaria no propio polígono industrial. Pero quero dicir que os avances que se teñen producido nesta materia son froito de algo, obviamente, e demostran que a mobilización cidadá pode conseguir que se produzan avances na solución dos nosos problemas. Son produto da nosa campaña co BNG moi ben secundada polos veciños e veciñas de Ordes coa recollida de 3.000 sinaturas pedindo unha solución para os cambios de SOGAMA. O que pasa é que si, é certo que nisto podemos asistir a moita propaganda e obviamente a poucos feitos. Pénsese o seguinte, que se ten iniciado esta variante sen dispoñer aínda dos recursos para poder rematala. Non sen dispoñer de recursos para poder rematala. Non hai que ser un experto na materia para darse conta de que dous millóns de euros para construír unha variante de máis de catro quilómetros non son suficientes e de que non existe aínda un compromiso co Ministerio de Fomento para as dúas rotondas necesarias.

Claro que hai un interese puramente electoralista pola parte do alcalde de Ordes en empezar esas obras sen ter aínda os cartos para acabalas e sen ter tampouco resoltos aspectos tan importantes como esas dúas rotondas. Entón desde o BNG o que lle imos solicitar é que sexa responsable, que non lles minta aos veciños e veciñas de Ordes. Que deixe todo ben atado e que se poida facer a variante en todo o seu conxunto porque obviamente caso de que se inicie de maneira electoralista pode quedar a medio facer e eu creo que sería outra mostra máis de irresponsabilidade por parte do goberno municipal ese engano masivo ao que se intenta someter á cidadanía e a súa falta de compromiso coa solución dos problemas.

#### **Considera necesaria a construción do novo polígono industrial?**

O que consideramos prioritario é mellorar a actual situación do polígono industrial e despois, en función da demanda que haxa de empresas, si que consideramos que podería abordarse a construción dun polígono máis preto da autoestrada no entorno de Pardiñas onde era xa a proposta do BNG no ano 1995. Propúxose á corporación municipal esa localización pero non foi aceptada polo goberno municipal, xa daquela de Martiño e de Regos, por unha serie de intereses que eles ben coñecen e ben saben. Dito isto nós o que defendernos tamén é unha xestión pública do solo industrial. Que ese polígono sexa de promoción pública para evitar especulacións e para evitar subidas desproporcionadas do prezo do solo para que finalmente non suceda o que xa pasou no polígono de Merelle, que quede baleiro. Ten que ser o sector público quen faga ese polígono con prezos accesibles e favorables ás empresas.

#### **Cre que podería haber especulación nos terreos onde se vai facer?**

Claro, ese é o noso temor. Emprazamos o goberno municipal para que nos contestara á pregunta de se o polígono ía ser de promoción pública e non contestou. E, claro, quen cala, outorga. Obviamente a nós esta cuestión fainos saltar as alarmas e fainos pensar que imos asistir se cadra a un espectáculo dantesco, á construción dun polígono industrial onde se produzan "pelotazos", operacións especulativas, e onde, finalmente, Ordes quede sen o solo industrial suficiente para favorecer a implantación de empresas de fóra que queiran instalarse aí. Ordes ten unha situación xeográfica privilexiada, está entre a Coruña e Santiago, preto do aeroporto de Santiago e do da Coruña, preto da autoestrada e o polígono serviría para que se implantaran empresas de curtas dimensións.

#### **Que lle parece que se privatice a gardería?**

Pois paréceme moi mal que se privatice un servizo que é deficitario, que non dá para atender a demanda de todos os veciños e veciñas de Ordes. Hai moita xente en lista de espera e o que se vai facer agora é introducir criterios empresariais que son os que van mover á empresa adjudicataria da xestión desa gardería. Isto vai levar directamente a un aumento dos prezos para o acceso á gardería coa desigualdade que supón no acceso a un servizo básico o que vai limitar o acceso de máis xente aínda. Tamén está a cuestión de se a gardería, como di o goberno municipal, é deficitaria. De feito se é certo



déficit de que se fala de preto de 90.000 euros, en que condicións vai asumir unha empresa un servizo que dá eses números? Eu creo que só poderá recortando a calidade e aumentando os prezos e iso nós non o compartimos, nin o podemos defender.

#### **Estase tratando como se merecen as parroquias limítrofes?**

Non, as parroquias están moi descoidadas. É obvio que hai malestar en todas as parroquias porque en canto a infraestruturas, en canto á atención de servizos nas mesmas, non é o que debera senón manifestamente mellorable. Eu creo que este goberno está deixando as parroquias nunha situación absolutamente lamentable.

#### **Dise que é un concello que vive das festas, que opina vostede disto?**

Pois eu penso que se vivira das festas, eu diría que é un sector económico moi volátil, nada estable e que haberá que empezar a facer outras políticas para que Ordes tamén poida vivir doutros sectores económicos. Pero o certo é que non vive das festas. Eu non vexo en Ordes un avance en materia económica, por moitas festas que se fagan, e os datos que antes citei sobre o desemprego así o demostran.

#### **É verdade o que se rumorea de que non hai cartos no Concello?**

Pois lamentablemente é verdade que se malgastou unha cantidade inxente de cartos e as arcas públicas do goberno de Ordes están agora nunha situación moi preocupante. Agora haberá que ver como se pode solucionar isto pero o certo é que este goberno demostrou unha absoluta irresponsabilidade e estivo, durante tres ou catro anos, máis pendente de continuar gobernando que de facer todo o posible para sentar a bases dun avance económico e da promoción de prosperidade no noso Concello.

#### **Anúlase a psicóloga do Concello pero non a festa para a terceira idade, cales son as prioridades?**

Obviamente non se discute que os maiores teñen dereito a pasalo ben, que teñen que ter os seus espazos de lecer. Sen discutir iso, creo que este goberno non aposta polo mantemento dos servizos públicos, senón máis ben por unha política de fachada, de propaganda, de festexos, de fume, eu diría que

de fume e de fogos de artificio, esa é a política que está levando. Este Concello está nunha situación insostible e os seu cidadáns, a sufrir as consecuencias nos servizos sociais.

**Se fose vostede alcalde, por onde comezaría?**

Pois primeiro o que ía facer, aparte de sanear as contas públicas, creo que ía remover ceo e terra para conseguir recursos, para dotar os servizos sociais e asistenciais para que puideran atender a xente que máis o necesita. Esa

sería a primeira prioridade e despois, claro está, abordaría as infraestruturas tan necesarias para o noso concello. Creo que necesitamos, claro está, infraestruturas que impulsen os nosos sectores económicos. Nós crearíamos empresas para que os novos e os emprendedores poidan ter saída, profesional e



laboral. Incluso tamén abordariamos coas administracións competentes a creación dun plan de desenvolvemento económico e empresarial para o noso concello.

**No terreo persoal a política deixa tempo libre?**

Pois pouquísimo. Teño que dicir que a política é absolutamente absorbente e canta máis vocación ou mais responsabilidade se teñen e máis se quere facer, menos tempo deixa. Está claro que hai que ocupar os cargos con responsabilidade e consecuentemente con iso voume facer unha autocrítica porque intentar ser responsable estame quitando bastante tempo da miña vida persoal. Un quere facer as cousas ben cuns recursos e medios limitados e, claro está, haille que meter moitísimo tempo para que as cousas vaian por onde queres que vaian.

**Teño entendido que era un gran futbolista, por que o deixou?**

Ben eu máis que bo era dos que pelexan, era como na política, un pesado. Acórdome que xoguei en dúas posicións,

de mediocentro e de lateral dereito e, tanto nunha como na outra, non me caracterizaba pola miña técnica pero si que era un can de presa.

**Formar una familia, entraría nos seus plans?**

Pois de momento aínda non o teño previsto porque é tanta presión á que estou sometido que non teño nin parado a reflexionar sobre esas cuestións pero creo que chegará o momento e, si, é certo que me ilusiona.

**Para vivir, cidade ou campo?**

Pois as dúas cousas pero na súa xusta medida. O ideal sería vivir no campo cos servizos da cidade e iso, dígoo claramente, non é unha quimera, un desexo inalcanzable, é un obxectivo do BNG a medio prazo para cando gobernemos o Concello de Ordes. Ordes debera ter servizos e oportu-

nidades de ocio propios dunha cabeceira de comarca. Chámame moitísimo a atención que en Ordes non haxa ofertas estables por exemplo de cine, de teatro, ou de moitas outras actividades que outras cabeceiras da comarca si que teñen. Creo que o ideal sería iso, vivir no campo cos servizos da cidade.

**E para as vacacións, Praia ou montaña?**

Que conste que eu son máis de montaña pero, ás veces, na

praia pásalo ben.

**Volvería exercer a avogacía se algún día deixa a política?**

Pois probablemente. Entendo o exercicio da política como algo provisional, temporal así que si que volverei exercer de avogado.

**Considérase un triunfador?**

Pois non, considérome unha persoa afortunada. Afortunada porque estou facendo o que realmente me gusta e iso de dedicarse profesionalmente ao que che gusta e incluso dedicándote a mellorar a vida dos demais é o que fai que me sinta afortunado.

**Se puidera volver atrás, cambiaría algo da súa vida?**

Pois teño que dicir que non. Está claro que todos temos cometido erros pero ao final acabas aprendendo máis polos erros que polos acertos e teño que dicir que non cambiaría absolutamente nada.

## A vida de Rosa no instituto

Noelia Juncal Vázquez e Margot Martínez Córdor



**Cantos anos levas dirixindo o instituto?**

Seis anos, este é o sexto

**Este instituto leva dez anos aberto. Estiveches ti sempre dirixindo?**

Non, os primeiros anos había un equipo directivo provisional para a posta en marcha do instituto que estaba encabezado por María Jesús Enríquez, logo estivo Ana Medina e logo xa fun eu.

**Traballaches algunha vez dando clases en primaria ou sempre deches na ESO?**

Non, en primaria nunca, dei clase na FP antiga, no BUP e agora na ESO.

**Tes moita faena sendo directora e titora á vez?**

Bastante porque a titoría é unha actividade que dá moito traballo se se quere levar un pouquiño ben e á dirección sempre chegan un montón de cousas que organizar, preparar, traballo administrativo e tamén doutro tipo.

**5º Estás contenta de ter elixido este traballo?**

Pois si, si, é unha profesión que me gusta, que me gustou cando a elixín. E despois de exercer, aínda me foi gustando máis.

**Tiveches algunha vez algún conflito con algún profesor?**

Non, conflitos sen importancia.

**E cun alumno?**

O de sempre, é dicir, algún alumno que non fai o que ten que facer e que hai que dicirlle que iso así non é, pero ben, tampouco conflitos graves.

**Gústache ser titora de 3ºB?**

Sii, é moi entretenido!

**Dá moitos problemas a clase de 3ºB?**

Ben, dá problemas porque quero que funcione mellor, que se traballe máis e que se fale menos.

**Algunha vez quixeches deixar de ser titora de 3ºB?**

Non, iso fai a vida máis entretenida.

**Levas moitos anos dando clase de castelán?**

Creo que levo dezanove anos.

**E gústache moito?**

Pois si, gústame dar clase, e tamén a materia.

**O teu gusto pola lingua e a literatura xa empezou cando eras pequena ou veuche logo á hora de elixir unha profesión?**

Non, gustoume toda a vida, sempre foi a miña materia preferida cando estudaba. Sempre me gustou todo o que tiña que ver coa literatura, sobre todo coa literatura, coa lingua tamén, pero sobre todo coa literatura.

**Como eran a túas cualificacións cando eras pequena?**

Boas.

**Fuches algunha vez a unha excursión de varios días cos alumnos do centro?**

Si, deste centro en concreto, fun a Madrid con alumnos de 4º hai algúns anos, o ano pasado tamén con alumnos de 4º a Valencia e este curso con catro alumnos a Lituania dentro do proxecto Comenius.

**Pasáchelo ben?**

Moi ben, moi ben. Eu creo que as saídas didácticas, sobre todo, cando son saídas didácticas de varios días, son moi interesantes para o alumnado. É dicir, non soamente é viaxar e pasalo ben, senón que vas aprender, vas independizarte un pouco, coller algo de autonomía. Resultan moi enriquecedoras para o alumnado e tamén para os profesores que os acompañan.

**Deches algunha vez clases doutra materia que non sexa a túa?**

Si, dei como afín ética hai uns anos nunha FP e dei sociais e lingua galega dentro do ámbito lingüístico nun programa de diversificación curricular e estou dando galego agora nun PCPI.

**Cando te presentaches á elección de directora no instituto era porque tiñas algún proxecto que querías botar a andar?**

Eu era nese momento xefa de estudos con Ana Medina. Ela non podía volver presentarse á candidatura da dirección porque non reunía os requisitos e entón pareceume que eu si tiña algo que ofrecer ós meus compañeiros. Estiveron de acordo comigo, votáronme e elixíronme.

**E había alguén que non quería que foses ti a directora?**

Non.

**Moitas grazas por atendernos.**

## María Bodelo Veiras

### Estudante , xogadora de hóckey e camareira.

#### “O AC Ordes é a miña casa”

Lydia Veiras Grela e Iria Costoya Carbajales.

María Bodelo Veiras é un rapaza de vinte e un anos que vive en Ordes. Na actualidade está estudando na universidade da Coruña e as fin de semana traballa nun bar. María xogou no A.C. de Ordes e agora fichou polo Liceo da Coruña. Quere ser unha gran xogadora de hóckey e se sigue así, seguro que o consegue.



**-Tomas moi en serio os adestramentos?**

-Sempre me gustou tomar en serio os adestramentos, parécenme moi importantes, pero sempre pensando en que hai cousas máis relevantes como os estudos e a familia.

**-Pensas que eras unha boa xogadora de hóckey cando estabas no A.C. Ordes? Puides aportar algo positivo ao club?**

-No AC Ordes empecei de cero e aprendín moito, non sei se era unha boa xogadora,

pero intentei aportar o máis que puiden.

**- Onde te sentes máis cómoda no AC Ordes ou no Liceo?**

-Esta é unha pregunta delicada, o AC Ordes é a miña casa, son as miñas compañeiras, os meus comezos, sen dúbida onde mais cómoda me sinto pero no Liceo non tiven ningún tipo de problema e pronto cheguei a sentirme moi a gusto.

**-Con que palabras describirías a túa experiencia no Liceo?**

-É unha boa experiencia, algo distinto. Non me arrepiño de ter tomado a decisión de vir aquí.

**- O traxe de hóckey e incómodo?**

- É incómodo os primeiros días porque non estás afeito a levar ese tipo de vestiario pero chega o momento no que te habitúas.

**-Algunha vez estiveches lesionada?**

- Si, por desgraza máis dunha vez.

**-Foi moi grave a lesión?**

-Pódese dicir que non, sufro bastante dos xeonllos e o hóckey non é o mellor deporte para elas. Tiven lexións de menisco que me tiveron parada moito tempo e tamén sufrín algunha tendinite.

**- Gustaríache cambiar algúns aspectos do teu club? Cales?**

-Non sei, no Club Liceo son moi competitivos, quizás deberías gozar máis xa que deste deporte non imos vivir e o mellor que se pode sacar del é diversión.

**-Hai equipos mixtos de hóckey? Gustaríache xogar nun deles?**

-Non hai equipos mixtos estipulados pero si se pode xogar mesturados cunhas normas que hai marcadas por idades. A verdade é que non me tira moito xogar nun deles. En plan competición prefiro non xogar nun equipo mixto.

**-A que anos pensas parar de xogar?**

- Non teño unha idade pensada pero como as miñas prioridades son os estudos e nun futuro o traballo, mentres isto me permita ter tempo para practicalo, non o deixarei.

**- Xa che gustou o hóckey desde que eras unha nena?**

- Non, de era nena xogaba ao hóckey como un deporte calquera pero desde aquela empezo a interesarme xa doutra maneira.

**- Es afeccionada ao hóckey ou é unha forma de facer deporte?**

- Agora si que son afeccionada pero antes practicáboo simplemente como unha maneira de pasar o tempo.

**- Interésache algún outro deporte á parte do hóckey?**

- Si, tamén me gusta xogar o fútbol pero nunca pensei en meterme nun equipo.

**- Foi moi complicado para ti aprender a xogar o hóckey?**

- Ao principio si porque nunca se me dou ben patinar pero de tanto practicar, cada vez dáseme mellor.

**- Para ti é un deporte moi perigoso?**

- Para min non é un deporte perigoso, se non cometes infraccións.

**- En cantos equipos xogaches?**

-Xoguei en dous, no AC Ordes e agora, no Liceo.

**- Cantos anos tiñas cando empezaches a xogar no A.C. Ordes?**

- Empecei con catorce anos.

**- Empezaches a xogar no A.C. Ordes cando se fundou ou integrácheste máis tarde?**

- Integreime máis tarde porque a xente aconselloume xogar no equipo.

**- Ti estabas no A.C. de Ordes cando se clasificaron para a Copa da Raíña?**

- Non, nese momento xa estaba xogando no Liceo.

**- Cando comezaches a xogar no Liceo?**

- O ano pasado.

**- Foi un cambio moi brusco adaptarte a un novo equipo?**

- A verdade é que o notei un pouco pero chega un momento no que te afás. E ademais as miñas compañeiras axudáronme a non notar tanto o cambio.

**- Estadades ben compenetradas durante o partido?**

- Si, xa que mantemos unha boa relación unhas coas outras.

**- Cambiaríaste unha vez máis de equipo?**

- Non creo que me volva cambiar de equipo xa que me sinto moi cómoda e contenta de xogar nun club como o Liceo.

## Entrevista a Héctor Andrés Inostroza González.

### Testemuña directa do terremoto de Chile.

Por Victoria Estévez Ferreiro.

**Como empezou todo? No momento do sucedido que facías e onde te encontrabas?**

Eran aproximadamente as 02:45 da madrugada cando fun para a cama, xa que estivera falando con amigos. Levaba moi pouco durmindo cando me erguín cerca das 3:30 polo movemento sísmico.

**Cando as cousas comezaron a tremer que foi o que sentiches? Que pensabas que ocurría?**

Levaba moi pouco durmindo cando me erguín polo movemento sísmico que nese instante non era moi diferente a moitos que hai en Chile todo o tempo, a diferenza foi que este non paraba, polo cal me erguín da cama e instintivamente funme ao marco da porta esperando que pasara.

**E cando xa sabías o que de realmente estaba ocorrendo, como reaccionaches, que foi o que primeiro fixeches? E cando acabou todo?**

Non só non parou como eu esperaba, senón que aumentou a forza do movemento ata unha intensidade que xamais sentira na miña vida. Foi espantosamente forte. Non cabía dubida de que era un terremoto de características apocalípticas pola inmensa forza que desprendía. De feito os expertos din que é o quinto máis forte rexistrado xamais. So estiven en pé porque estaba agarrado ao marco da porta.

**A túa familia, as túas pertenzas e mais ti saístes ben parados no momento? Coñeces a alguén que non tivera boa sorte? Se é así, cóntanos un pouco a situación que viviu e o seu estado actualmente.**

Eu vivo nunhas pezas ao fondo do patio da casa dos meus pais, polo que cando terminou o movemento pensei que na miña casa pasara o peor e que ía encontrar todo destruído. De feito crin que a cidade, de 50.000 habitantes, estaba polo chan. Vestínme moi rápido pensando sempre na posibilidade dun tsunami xa que vivo moi cerca do mar. Tomei a lanterna que teño sempre cerca da cama e corrín á miña casa onde encontrei a todos sans e salvos pero todas as cousas polo chan. A cidade resistiu ben a pesar de estar moi cerca do epicentro. Moitos coñecidos quedaron con bastantes danos nas súas casas ata o punto de non poder volver habitala pero a maioría aguantou ben o terremoto e o tsunami. Armáronse casas de emerxencia para aqueles que perderon as súas, pero os que teñen mellores posibilidades económicas poden pagar casas máis ao seu gusto. Eu non sei se estamos instin-



tivamente ben preparados para un terremoto ou temos moita sorte. De outra maneira non me explico que na zona afectada polo terremoto e onde viven uns doce millóns de persoas houbera menos de cincocentos mortos. Cunha magnitude de 8.8 graos na escala Richter en calquera outro país, penso, que as cifras de falecidos serían de varios miles como mínimo. Creo que varios factores colaboraron nisto como que as construcións no país son polo xeral antisísmicas. Houbo bastante destrución pero moito menos do que calquera poida imaxinar respecto ao gran terremoto que acababa de producirse. Outro factor foi a hora, un venres de madrugada as familias están todas xuntas durmindo nas súas casas polo cal poden escapar xuntas. Se fora de día todos estarían separados e con xente nas rúas, os nenos nos colexios e co consecuente caos creo que as cifras de mortos serían maiores.

**No momento crías que o final chegara? Se é así, farías ou cambiarías algo na túa vida?**

Precisamente crin que o final chegara. Tiña a seguridade de que desa non me salvaba, polo cal considérome vivindo tempos extras. Aínda así rogaba a Deus para que todo terminara, pero prolongouse dous interminables minutos. De feito isto fíxome mirar a vida doutra maneira. O material para min ten infinitamente menos importancia que antes. Veciños que nin nos mirabamos, agora saudámonos. Hai máis proximidade cos familiares. Creo que nos cambiou para ben.



**Que cres que ocasionou o terremoto? Pensas que aos chilenos vos poderían avisar de tal catástrofe?**

O terremoto foi ocasionado polo desprazamento das placas de Nazca baixo a placa sudamericana. Elas sempre se están movendo pero ninguén pode prever a gran acumulación de enerxía actual. Os terremotos non se poden imaxinar, pero aínda así aquí manéxanse certos datos que se deben considerar. Dise que cada 25 anos en Chile prodúcese un gran terremoto e cada 50 anos un acompañado por un tsunami. Pois tiñamos que mirar esa información porque o último terremoto foi en 1985 con 7.8 grados Richter. De esa data ata agora van 25 anos. E o último terremoto con tsunami foi no ano 1960 na cidade de Valdivia, ao sur de Chile. Ese foi o maior terremoto medido na historia con 9.6 grados Richter e un tsunami cunhas olas que chegaron a matar xente incluso en Hawai e Xapón. Sucedeu exactamente hai 50 anos. A estatística cumpriuse. Era imposible ser avisados do terremoto pero podía-se estar máis preparados para enfrontalo tendo en conta a historia sísmica.

**Es técnico electromecánico, fálanos algo sobre tu traballo. Pensas que con todo isto che prexudicou?**

Eu traballaba nunha industria produtora de papel ata hai tres semanas. A empresa non pode seguir producindo despois do sucedido así que non renovaron o meu contrato. Encóntrome sen traballo debido ao terremoto ao igual que outros moitos miles de compatriotas

**Sabemos, por comentarios tanto na prensa como na televisión, que algunhas persoas, co sucedido, empezaron a roubar e a facer verdadeiras loucuras. Que opinas de todo isto?**

Isto foi outro terremoto. Un terremoto humano. Fun testemuña privilexiado de todo, xa que vivo a poucos metros dos tres supermercados existentes na miña cidade. O saqueo comezou na miña cidade o domingo, un día despois do terremoto. Os que iniciaron isto foron delincuentes, pero seguíronos persoas de todo tipo. Aquí non valía

nada a relixión, a posición social ou o pensamento político. Todos roubaban por igual. Os ladróns facían por costume e a xente decente pola incerteza de non saber ata cando teríamos alimento. Moitos tiñan como pagar pero ninguén lles vendía e se non levaban o que necesitaban, outro o faría. Outros non dispoñían de diñeiro co que pagar nos poucos lugares nos que se vendían provisións e non tiñan como sacar diñeiro de caixeiros automáticos, o cal tamén foi un incentivo para roubar. O meu caso foi o seguinte. O domingo baixamos dos cerros onde nos encontrábase refuxiados a comprar o pouco que se ofrecía. Tiña diñeiro que levaba comigo, así que compre un saco de 50 quilos de fariña de trigo para facer pan. Deixei a fariña en casa e de inmediato fixen a fila nun almacén de distribución ao por maior fronte a miña casa. Foi o único lugar que se salvou dos saqueos e que proveu de alimento a cidade por varios días, grazas a que os mesmos clientes defendemos o lugar. Eramos unha inmensa fila de centos de persoas tratando de organizarnos para poder comprar e á vez botar a quen pretendía empezar a roubar. A policía puido asumir o control e defender o lugar sobre as 2 da tarde. Custoume tres horas poder comprar provisións mentres viamos como os saqueadores pasaban ao noso carón con carros cheos de cousas dos supermercados e á vista da policía que nada podía facer. Eu negueime terminantemente a actuar desa forma. Simplemente non vai comigo nin cos meus valores. Cada día fixen fila de varias horas para poder comprar e ir xuntando cousas xa que non sabía canto ía durar este caos.

**Que pensas do que está a facer o goberno de Chile ao respecto? Cres que desenvolven un bo traballo?**

O actual goberno asumiu o poder doce días despois do terremoto, polo tanto a situación para eles non podía ser máis complexa. Tiveron certos contratemplos e cometeron algúns erros pero en xeral fixérono ben. A situación remontou a normalidade en moitos aspectos.



**Lemos nun artigo sobre o ocorrido que hai moita xente que necesita cartos ou que sinxelamente quere comunicarse coa súa familia, pero para iso hai moitas complicacións como a prohibición do goberno ós dólares. Encóntraste nesa situación ou nun caso semellante? Que opinas ao respecto?**

Aquí en Chile non existe a prohibición aos dólares que mencionas. Obviamente os primeiros días houbo moitos problemas de comunicación. Estabamos absolutamente desconnectados do mundo. Milagrosamente puiden subir unhas fotos a Internet aos poucos días e foron decenas as persoas que trataron de comunicarse comigo para saber sobre familiares.

**Hai, ou nalgúns casos segue habendo, lugares sen auga ou nos que a luz chegaba por momentos. Despois de todo o que está ocorrendo, ves iso grave? Que pensas que se pode facer para solucionalo? É esta a túa situación?**

Foron ao redor de catro días nos que practicamente non houbo enerxía eléctrica na miña cidade. O auga comezou a chegar nove días despois do terremoto, ao igual que a rede telefónica e Internet. A axuda en alimentos empezou a chegar ao redor de sete días despois da catástrofe. Abasteciámonos de auga dos camións que a repartían ou ben das vertentes ou pozos en diversos lugares. A comida podía comprarse nun comercio fronte á miña casa que quedou libre de saqueadores. Creo que aínda quedan algúns lugares sen abastecemento normal de auga pero son os menos.

**Como cres que se está comportando a policía? Pensas que están a facer un bo traballo?**

A policía comportouse moi ben. Foron eles quen estiveron traballando todo o tempo para avisar sobre o mar que se estaba saíndo ou para resgardar os lugares de abastecemento de comida. Patrullaban as 24 horas do día para evitar máis roubos.

**Que pensas que ocorrería se houbo outro terremoto en Chile? Sofres o medo de que isto ocorra? Imaxinando que isto ocorrese e sabendo que es un home ao que lle gusta viaxar, chegarías ao punto de mudarte? Qué pensas facer agora coa túa vida, cres que algo cambiará?**

Miña nai e miña avoa preparáronnos psicoloxicamente dende nenos contándonos historias de grandes terremotos. Se ocorrera outro terremoto estaría moito mellor preparado. Teño a miña mochila cos elementos básicos e máis valiosos listos para poder arrancar cara aos cerros; lanterna, baterías, radio a baterías, auga, algo de cartos e documentos importantes. Teño roupa adecuada para o frío cerca da cama. Vivo na zona de inundación polo tsunami e a auga entrou na miña casa aínda que non perdemos cousas materiais por ela xa que chegou con pouca forza. Só unha rúa máis abaixo as familias perderon todo o que tiñan no primeiro piso. Non penso cambiar de casa a non

ser que un terremoto ou un tsunami a destruíra completamente. Cos meus pais e irmáns soportamos psicoloxicamente bastante ben todo isto e tomámolo con calma. Se vén outro terremoto, enfrontarémolo e se hai que arrancar, arrancam cos máis básicos e importante ás costas. É o noso plan de emerxencia.

**Vimos moitas fotos túas con animais, considérase un amante da natureza?**

Gústame bastante os animais. Sinto que son parte integrante plena do noso mundo e unha especie de irmáns menores. Aínda que, hai certas excepcións como as pragas que fan mal a este mundo pero en xeral gústame moito.



**Fúcheste a estudar a Australia inglés e enerxías renovables, como foi esa experiencia? Como acabou todo?**

Gañei unha beca para estudar en Australia e foime bastante ben. Nos estudos aprendín inglés e despois fixen un curso de enerxías renovables que espero poder aplicar para así poder facer un mundo máis amigable e menos dependente das enerxías contaminantes que pouco a pouco van terminando co noso planeta. No persoal integreime a unha sociedade multicultural onde te encontras con xente de moi diversas nacionalidades. Fixen moitísimos amigos. Foi unha experiencia que nunca esqueceré e enriquecedora.

**Todo o mundo fala sobre o famoso terremoto pero a verdade é que tamén houbo un tsunami, do que ti fuches testemuña, como ocorreu? Que nos podes contar sobre el? Que sentiches?**

Mentres o terremoto estaba acontecendo, eu tiven sempre presente un posible tsunami, xa que a miña cidade sufríu historicamente tsunamis en 1570, 1657, 1730, 1751 e 1835. Sabía que tiñamos poucos minutos así que avisei ós meus pais e irmáns de que se vestiran rápido para poder escapar aos cerros. Dende alí e iluminado por unha potente e fermosa lúa vin o mar comezar a recollerse, sinal inequívoco dun futuro tsunami. As únicas luces na



inmensa baía de Concepción eran as das naves que esperaban entrar aos portos. Unha persoa tiña unha radio a baterías e escoitabamos a máxima autoridade rexional, dicía que había que estar tranquilos porque non había posibilidade de tsunami. Foi terrible non ter como avisar a xente das cidades costeiras de que non fixeran caso a esa autoridade senón que se mantiveran nos cerros e non baixaran



as súas casas. Sobre as 4:15 o mar comezou a avanzar cara a terra firme. As luces dos barcos desapareceron, a lúa escondeuse e unha densa néboa cubriu a baía. A policía chegou avisando de que o mar estíbese saíndo e que había que permanecer nos cerros. Quen baixara á cidade volveu correndo. Esperamos a que aclarara para baixar a recoller víveres e auga. Vimos que o mar entrara na cidade xa que as rúas estaban molladas e cubertas de algas, pero a auga non entrara na miña casa. Empezara a recoller algunhas cousas cando escoitei gritos nas rúas. A xente gritaba que o mar estaba saíndo novamente, saíndo cara a rúa e vin o auga atravesando o terraplén do ferrocarril e avanzando pola rúa cara onde nos encontrábase. Foi horroroso para min presenciar iso. Non o pensei



demasiado e corrín de volta aos cerros xunto coa miña familia. Esta ola foi a máis destrutiva de todas as que entraron. Moita xente perdeu as súas casas e todo o que había nelas. A auga entrou na miña casa pero non destruíu nada, afortunadamente. Na miña cidade, polo menos, o tsunami foi máis destrutivo que o terremoto pero grazas a Deus non morreu ninguén nin polo terremoto ni polo

tsunami. Un verdadeiro milagre. Noutras cidades morreron bastantes persoas e iso que non foi un gran tsunami como o de 1960. As vítimas no país foron poucas pero moitas menos morrerían se houbera máis coordinación entre as autoridades en dar a alerta. A alerta foi entregada ás autoridades chilenas polo servizo oceanográfico estadounidense do Pacífico

pero non foi dada oportunamente polas autoridades chilenas e ademais foi retirada antes de tempo. Os tsunamis estendéronse durante tres horas.

**Que pensas sobre esta entrevista? Ilusiónache poder pensar que as túas palabras serán escoitadas ao outro lado do mundo?**

Pois co meu testemuño pretendo dar a coñecer a vivencia e os alcances dunha gran catástrofe e que puidera servir dalgunha maneira a outros en caso de enfrontarse a unha situación similar. Non sei se España será un país sísmico, pero sempre hai que estar precavidos; é dicir ter un bolso coas cousas básicas en caso de emerxencia. En Haití non había un sismo dende hai séculos e de repente ocorreu e todos sabemos o que, por desgraza, pasou. Máis vale estar alerta. Espero non tervos aburrido co meu relato.



“Observa o mundo desde outra perspectiva e deixa as historias falar...”

## Entrevista a XOSÉ NEIRA CRUZ, ESCRITOR E PROFESOR NA USC.

Por Verónica Cruz Raña e Alba Del Río Otero.

O escritor galego Xosé Antonio Neira Cruz naceu en Santiago de Compostela no ano 1968. É profesor de Xornalismo na Universidade Compostelá na que se licenciou en Filoloxía e en Ciencias da Información. Dirixe a revista de literatura infantil e xuvenil *Fadamorgana*. Tamén é responsábel de varias coleccións da Editorial Galaxia: Sete Mares, Árbore e Costa Oeste. En 2007 foi nomeado Coordinador da Comisión de desenvolvemento de proxectos do IBBY, membro do Xurado do Premio do IBBY - Asahi Reading Promotion así como integrante do Comité Organizador do 28 Congreso desta organización internacional.



### -Como foron os comezos da túa carreira como escritor?

Empecei hai bastantes anos, se miro atrás xa son unha pila deles. Empecei cando tiña 19 anos é dicir, hai xa máis de vinte. Pois empecei como poderíades empezar vós, facendo algún traballo para a escola, escribindo un conto para as letras galegas. Resulta que, ben esas cousas gustábanme, déronme algún premio e funme animando.

Cando tiña 19 anos presenteime a un premio, parecía moi difícil de gañar, que era o premio Merlín, e gañeino. Foi a forma de abrimme unha porta para empezar a traballar neste ámbito e así foi como empecei.

### -Por que temas tes preferencia para escribir nas túas obras de ficción?

Non sei se hai uns delimitados. Creo que hai unha forma de contalos máis que uns temas. Creo que a min me influíu moito a forma de contar as historias na miña casa que lles oía ás miñas avoas. A nai de miña nai non conta tanto como canta. Canta moi ben e cantaba historias e iso escoiteino desde que era pequeno e a nai de meu pai era unha muller que contaba moi ben os contos e gustáballe e a min iso creo que me influíu dalgunha maneira.

E en canto a temáticas pois creo que toquei moitas, hai novelas históricas, novelas protagonizadas por rapaces de hoxe en día, con problemáticas de hoxe en día, situacións familiares actuais, é dicir, un pouco de todo.

### -Supoñemos que xa empezaches a escribir sendo un neno. Que clase de cousas escribías e a que idade?

Cando eu era neno empecei a escribir o que se soe escribir neses momentos que son historias protagonizadas polos teus compañeiros de clase con algunha dimensión fantástica e eu facíalles pasar mil aventuras e eles pasábano moi ben, divertíanse e pedíanme unha historia máis e outra máis e o profesor mandábame lelos na clase e

mondábanse á risa e pedíanme outra, que fixese outro capítulo coas súas aventuras.

### -Como descubriches a túa vocación?

Pois non o sei é unha pregunta que tamén me fago eu moitas veces porque eu non teño nenos. Non hai nenos no meu entorno e é un pouco raro que escriba libros para nenos cando eu non vivo con nenos e sei que a primeira novela que escribín, esa que publiquei e presentei ao premio Merlín, estaba dirixida a nenos, se cadra polo tipo de historia porque é fantástica, protagonizada por un vello que ve o mundo a través dunhas gafas de fantasía. Por ese motivo situouse na ámbito infantil, gustou moito e sentínome cómodo. Pareceume un ámbito bastante aberto que permite escribir calquera cousa sen limitacións. Gustoume seguir por aí, aínda que xa publiquei cousas que non eran para nenos senón para adultos e se cadra no futuro intensifique máis ese ámbito pero é un punto de chegada que non tiña previsto nin desbotado, pero cheguei aí e estou cómodo.

### -Por que a maior parte da túa obra se dirixe aos lectores máis novos?

Pois desa maneira que dicía, vendo que as miñas historias lle gustaban a alguén, vendo que o que eu escribía pois lle interesaba aos meus compañeiros, que me pedían unha historia máis “Por favor para a semana que vén escribenos outra”, Era como un incentivo e vía que había xente á que lle gustaba o que eu escribía.

### -Supoñemos que non leva o mesmo tempo escribir calquera libro pero no caso dos teus de cantos meses, máis ou menos, estamos a falar?

Non o podo dicir porque un libro leva unha vida propia e entón hai libros que son moi pequenos en canto á extensión de páxinas e leva moitísimo tempo facelos porque

non dan saído, tes que empezar varias veces. Outros, que curiosamente teñen moitas páxinas, se cadra falos dun tirón e levan pouco tempo. A min lévame habitualmente un mes facer un libro, un mes un mes e pico, dous meses. Depende do libro pero poñamos como media un mes ou cinco semanas. Son cinco semanas de traballar continuamente, por iso non podo escribir ao longo do ano porque teño o meu traballo e non podo permitirme deixalo e dedicarme catro ou cinco semanas todas seguidas. Entón eu adoito escribir sobre todo no verán cando estou de vacacións e é un momento no que me podo cerrar e estou continuamente escribindo sen parar ata que saia a historia. Unha vez que está posta no papel xa é un proceso máis fácil, porque é mais lento pero ti podes dedicarlle o tempo que queiras a momentos perdidos para contar ou escribir de novo, rectificar, facer o que queiras pero a historia xa esta aí atrapada no papel, non?

**-Canto tempo dedicas diariamente a escribir?**

Diariamente non escribo porque teño que facer outras cousas, teño que estar escribindo moitas cousas que non son para libros, que son para o meu traballo, para periódicos. Non podo dedicarme a escribir a diario, lamentablemente gustárame pero non podo.

**- Podes escribir con ruído? Temos a idea de que moitos escritores teñen teimas, manías ou rarezas á hora de escribir. Es ti un deles?**

Non, non teño así especiais manías, podo escribir en calquera sitio, a verdade. Pero iso vén dado pola miña profesión, porque fun xornalista durante quince anos e aí tes que escribir trone, chova, faga frío, calor, haxa moito ruído ou non haxa ninguén. Ti estás nunha redacción e hai que escribir e o periódico ten que saír ao día seguinte e non podes dicir “Non teño inspiración” ou “Estou canso” ou “Hai ruído e non me podo concentrar”, tes que escribilo. Iso ensinoume que podo escribir en calquera ambiente practicamente. Onde escribo habitualmente? Pois na miña casa teño un espazo para traballar, bastante tranquilo, non hai rúidos e a min tampouco me gusta moito poñer música nin facer esas cousas, é dicir, en silencio.

**-Cal dos teus libros foi o que máis traballo che deu escribir?**

Non me lembro de ningún en especial que me dese máis traballo que outro, todos tiveron o seu momento, deron o seu traballo. Hai momentos nos que os libros se torcen, é dicir, ti tes unha historia na cabeza. Pensas que xa vai ser así, empezas a escribila, a tirar por ela e nun momento dado a historia toma vida propia e ela decide que quere ir por outro. Ti non a entendes, tes un parón non sabes que facer e despois continuas seguindo o ritmo da propia historia. Iso pasoume moitas veces nos libros e é un momento así de certo desconcerto onde parece que non sabes continuar nin se vas conseguir acabar esa historia. Pero iso é bo porque quere dicir que

a historia ten un pouco de vida propia e que fai o que a ela lle apetece.

**-Do prezo de venda ao público dun libro con cantos cartos queda o autor? Sempre se obteñen máis beneficios económicos por vender máis exemplares?**

Ao autor pertécenlle pouquísimos, é dicir en todo o que é o prezo total do libro o autor recibe un cinco ou dez por cento, dependendo. Hai editoriais que che dan máis libros e unha porcentaxe menor e outras que che dan unha porcentaxe maior pero non adoita superar o dez por cento. Obteñen moito máis beneficio os que venden o libro na librería directamente pois reciben un corenta por cento. E á outra parte da pregunta teño que dicir que claro, porque como che dan o dez por cento de cada exemplar, cantos máis libros vendas, máis beneficios vas ter.

**-Liches algún libro teu despois de editado? Sentícheste satisfeito co teu traballo?**

Si, si que os lín porque teño que facelo ademais, é dicir hai que facelo para ver se saíu con algún erro, se hai algún problema, se queda bonito, para ver como funcionan as ilustracións, para ver o texto. Hai que facelo porque ás veces sae algunha errata e entón tes que anotala para que a próxima vez que o publiquen, a corrixan. En relación a se estou satisfeito non sei como dicir porque queredo facelo moito mellor é dicir non sei se hai algún libro meu que estea ben de todo. Cada vez que publico un libro intento que sexa un pouco mellor có anterior. É como unha especie de norma que sigo. Intento cumprila, que só sexa un pouquiño mellor, é dicir, un libro diferente que teña outra dificultade. Intentas ir adestrándote. É como adestrar. Procuo que o libro seguinte que publico sexa un pouco mellor. Despois creo que podo facelo aínda moito mellor e teño que aprender a seguir mellorando.

**-Fuches quen de aprender tanto dos éxitos como dos fracasos?**

Eu creo que ensinan moito máis os fracasos que os éxitos. Que che dean caricias é moi agradable pero non aprendes moito, en cambio dos fracasos, si, aprendes a coñecer as túas limitacións, aprendes a saber o que non se debe facer e tamén aprendes moito da xente porque algúns dos fracasos non se deben a ti soamente senón a outra xente que interfere e así vas aprendendo un pouco máis da vida.

**-Segues tendo o mesmo entusiasmo do principio ao escribir libros?**

Si, e xa é algo que empeza a ser perigoso. É dicir, despois de tantos anos dedicado a isto, que aínda siga conservando este entusiasmo xa me empeza a preocupar un pouco. É dicir, xa debería ir calmándome algo e sigo tendo o mesmo entusiasmo. Continúo soñando de noite co argumento dun libro, esperto e tomo notas para que non se me esqueza, sigo durmindo, se vexo algo pola rúa rapidamente xa digo “Iso podíase contar así”, en fin si que me pasa,

é bonito pero tamén é como vivir un pouco nas nubes.

**-Cres que a xente debería ler máis?**

Si, eu creo que deberíamos ler máis todos habitualmente. Dise que vós os mais novos non ledes moito cando é ao revés, sodes os que máis ledes porque tendes obriga de ler na escola. Aínda que non vos guste, tedes que ler, en cambio os maiores son os que non len habitualmente e creo que é unha practica moi boa para coñecerse a si mesmo.

**-Como nos pasa a todos haberá días nos que non teñas inspiración. Que fas para seguir escribindo? Ou cres que é mellor deixalo para outro día?**

Pois cambio de actividade, é dicir, se estou escribindo e non me sae nada pois pñoome a facer outra cousa e ao estar cunha actividade diferente, resulta que me vén a solución para a historia que quería desenvolver ou saio a camiñar un pouco a airear a cabeza... Ás veces é mellor deixalo para outro día pero o que debiamos procurar era insistir nas historias porque sempre están aí o que pasa é lles hai que saber encontrar o xeito, para que saian fortes, hai que insistir un pouco con elas, son como gatos, non? Que se esconden detrás dun penedo e non queren asomar pero están aí, ben ti tes que convencelos para que saian e é un traballo de moita paciencia.

**-Das virtudes dun escritor cal coidas ti que é a máis importante?**

Eu supoño que ter paciencia, como dicía antes, ser bastante insistente e traballar. Hai que traballar moito e, ademais, é un traballo bastante desagradecido porque estás moito tempo só e o tempo que os demais dedican a saír, a pasalo ben, ti tes que permanecer alí traballando, non todo o que fas serve, tes que tirar moitas páxinas e dáche a sensación de que perdes o tempo. Do teu tempo hai unha pequena porcentaxe que vale, o resto é un proceso de tirar e volver empezar, tirar e volver empezar... Hai que ter paciencia, ser insistente e moi traballador. Creo que iso é o importante.

**-A literatura para ti é unha profesión ou unha forma de vida, de liberar sentimentos e ideas?**

Sobre todo é unha forma de construír unha parte do mundo no que me gustaría vivir. Este mundo non me gusta de todo como é, hai cousas que non me gustan nada pero que non podo cambialas. Non teño forza abondo eu só para cambiar certas cousas que non me gustan do mundo e escribir é unha maneira de cambiar o mundo propoñendo cousas novas.

**-Como é a túa relación cos editores?**

Normal, é dicir hai editores cos que me levo moi ben


porque xa case son os meus amigos. Levamos moitos anos de relación e acabas sendo amigo deles. Con outros a relación é mais puntual, de vez en cando, soamente, publico un libro con eles e entón non temos tanta relación. Pero a miña relación cos editores é boa en xeral.

**-Tes unha idea clara do teu lector ideal cando estás escribindo un texto?**

Non, a verdade é que non penso nun lector ideal porque penso que non existen. Creo que hai moita xente que está ao outro lado das páxinas dun libro, que todos son diferentes e van entender a historia que ti estás contando dunha maneira distinta. Polo tanto eu realmente conto as historias para min para que me gusten e para que a min me emocionen, para que me apaixonen, para que me fagan sentir algo. Creo que na medida en que eu sinta que algo me emociona, que o paso ben ou que me interesa, entendo que a outra persoa poida interesarlle tamén se cada nunha medida menor ou maior depende de cadaquén, pero creo que primeiro teño que sentilo eu para que os demais o poidan sentir. Se eu estou escribindo e me aburro... é imposible que a outra persoa lle guste se a min nin me gustou, nin eu o pasei ben escribindo iso. Creo que son eu o primeiro que ten que sentilo.

**-Aceptas a crítica ben e sérveche para algo?**

Si acéptoa e sérveme para moito, o malo é que non hai moitas críticas. É dicir, a xente non crítica frecuentemente e dinche que o teu traballo lles gusta moito, ti pregúntasles por que e contés-tanche que porque está ben, pero non che din que non sempre está ben. Aínda que un libro estea en xeral ben, ten partes que non están tan ben porque hai baixóns, hai altibaixos no texto, así que é bo iso de que te critiquen, de que che digan aquí non me gusta por isto, por isto e por isto. Creo que isto de aquí deberías melloralo, aquí debería ir doutra maneira... con eses comentarios aprendes moito. A min por exemplo por ese moito me gusta moito ir aos colexios a encontrarme cos lectores, escoitalos e saber o que opinan dos libros. Vou con bastante frecuencia, de feito, e tamén me gustan os editores que fan ese traballo, que son poucos. Habitualmente os editores collen un libro e dinche "Ah, moi ben, pois ala xa o publicamos", a min iso non me gusta, a min gústame que me digan "Vaia, está ben, o libro é interesante pero na primeira parte hai que corrixi-lo isto, isto e isto. Na segunda isto e no 5º capítulo eu cambiaría..." Iso si que me gusta porque podo non estar acordo pero polo menos xa hai unha proposta que che fai pensar como cousas que escribes non deben



ir así e noutras dis “Ai, eu non pensaba que se puidera contar esa historia así pero ten razón”. Así vas encontrando unha nova vía e iso é bo, a crítica é moi boa.

**-Considérate completamente libre como escritor ou sénteste atado por compromisos diferentes?**

Completamente libres non somos ninguén en ningún traballo, en nada da vida estás completamente libre porque a sociedade está construída así para ternos un pouquiño atados. O que ten un traballo está atado por unha cousa ou por outra, é dicir, por mil maneiras que esta sociedade ten para controlarnos. Algunhas son boas, é certo, que haxa algún tipo de control. Outras son artificiais e non deberían existir pero hainas, as persoas temos certa tendencia a desenvolver controis para os demais. Na literatura eu sinto que ando polos meus pés, non son completamente libre porque todo sae dependendo despois de todo o proceso de elaboración dos libros. Eu escribo historias pero despois esa historia ten que pasar por unha peneira dun editor, por unha distribución, ten que chegar aos centros, ás librerías, ás escolas, ten que lle guste a un profesor porque nin sequera vós elixides, moitas veces son os profesores os que elixen os libros que ides ler e, despois, que vos guste a vós. Son moitos filtros que hai que pasar así que o que pasa é que isto da literatura ten como dúas partes. Unha que é a dimensión pública que é todo isto que vos acabo de contar e outra que é a vivencia persoal. Esa ninguén cha quita e é unha sensación de poder construír o mundo como ti queres ou como che gustaría que fose e se non sae despois, se non lles gusta aos editores, se non se pode publicar, o proceso queda incompleto. Hai unha parte primeira que xa se cumpriu que é a de sentirte coa liberdade de poder propoñer un mundo diferente. Iso é o que a min me move a escribir realmente. Por ese lado a miña parte xa teño cumprida, se despois aos demais lle gusta, mellor, estou moi contento de que poida ser publicado pero a primeira parte é a que máis me interesa e esa si que está vinculada a esa sensación de liberdade que consiste en facer o que un quere.

**-Como definirías ou describirías a evolución da túa técnica literaria e da túa carreira?**

Non o sei, a verdade é que non podería dicircho porque é un proceso que eu vivo con naturalidade, vou cambiando, vou mellorando, leo máis e aprendo a escribir mellor. Creo que para escribir ben hai que ler moito pero non sei como é. É dicir, non estou pendente do meu proceso, de como escribo. Iso tería que miralo alguén desde fóra e analízalo, dicir “Ah, pois esta persoa empezou así, despois foi desta maneira, logo tivo un quebro por aquí e ultimamente seguiu por aquí”. Non sei, eu non estou moi preocupado por analizarme, estou máis preocupado por encontrar novas formas de escribir.

**-Hai algún novo proxecto dos que nos poidas adiantar algo?**

Si, hai varios proxectos que están aí. Uns esperando e outros xa empezando a camiñar. Algún dos que vos poida falar... pois dunha obra de teatro que vai saír agora publicada, dentro de pouco. Xa debe de estar a punto de aparecer nas librerías. Últimamente estou escribindo bastante teatro, é un mundo que descubrín hai pouco e que me gusta moito, que me parece incluso que é un ámbito no que teño que aprender moitísimo pero estou moi ilusionado con ese texto. Ese é o inmediato, o que vai saír agora.

**-Normalmente cal é a fonte na que te inspiras para escribir os teu libros?**

A vida, o que pasa ao redor, calquera cousa. Chamaríache moito a atención cales son os temas e como nacen. Vou no autobús e escoito a dous rapaces que están falando de algo que lles pasou, estou detrás escoitando e, de pronto, desa historia, digo “Ah, pois gústame esa historia”. Hai un libro meu titulado “As cousas claras” que naceu así. Eu estaba sentado nun autobús e diante ían dous rapaces da vosa idade falando. A min parecía-me que aquilo era moi interesante e mesmo saquei un caderno e empecei a escribir o que estaban dicindo. Despois cheguei á casa e dixen, “Pois iso é unha historia bonita, vou intentar escribila”. E saíu moi rápido, de feito coincidiu con que o que estaban contando era un tema que a min tamén me preocupaba e velo contado desde outro punto de vista fíxome entender mellor. Outra vez, un conto que teño para nenos pequenos, ía pola rúa, estaba chovendo pero facía sol e estaba o arco da vella no ceo. Alí estaba unha nai cun neno de tres anos que alucinaba con aquilo no ceo, non sabía o que era e preguntáballe á nai. Ela que ía con moita prisa para deixalo na gardería e para ir a traballar, non lle explicou o que era o arco da vella. Pois eu escribinlle un conto a ese suposto neno para contarlle que era o arco da vella, porque non llo contaran nese momento. Así xorden as historias.

**-Con que personaxe dos teus libros te sentiches máis identificado e cal é o personaxe máis potente dos que levas creado?**

En todos os personaxes dos que eu escribo hai algo meu, por unha razón moi sinxela, non porque eu teña afán de protagonismo senón porque eses personaxes ven a vida a través dos meus ollos entón hai algo deles que se parece a min. A xente que me coñece localízao e identifícao. Por exemplo, aos protagonistas dos meus libros gústalles comer ben e entón os meus coñecidos din “Iso é coma ti, que che gusta comer”. Hai algo na mirada deles que tamén se parece á forma en que eu miro ás veces. E é unha táctica moi interesante porque a min sèrveme tamén para coñecerme eu mellor e incluso me poño en papeis e lugares nos que non vivín ou non estiven nunca, afortunadamente. Por exemplo, nun libro tiven que contar como entendía o mundo un violador.

Claro, é algo terrible, habitualmente o que facemos é dicir “Un violador é un animal, unha besta”. Esa é o primeiro punto de vista e claro que é así porque unha persoa que ataca desa maneira a outra merece esas cualificacións. Pero no fondo tamén son persoas, son persoas coma nós que nun momento dado lles pasa algo nesa cabeza e entón preguntáste por que lles pasa? Entón tes que ser quen de poñerte a pensar “E eu que faría se fose un violador? Como viviría? E que remordementos tería? Porque supoño eu que esa xente despois de facer o que fan, teñen que sentirse tamén mal, é dicir, teñen que saber que fixeron algo moi malo. E iso ten que traerlles unha problemática interna”. Pois para min é interesante xogar a poñerme nos distintos papeis. Outra vez tiveron que escribir unha historia protagonizada por unha princesa do século XVI. Claro, eu non vivín no século XVI e menos nun palacio. Ben pois foi empezar a imaxinar como sería a vida nesa época e ante calquera cousa que facía a diario ía pensando en como a faría esa princesa. Estaba comendo e dicía, ben eu como, teño un vaso, teño un prato e ela que tería? Entón xa ía investigar como eran os vasos no século XVI, como eran os pratos e así con todo, era, un pouco, meterse noutra vida. E esa é a forma en que eu construí os personaxes. O máis potente... Pois non o sei, a verdade é que non sei dicir porque todos dalgunha maneira para min teñen unha forza interior polo tanto non sei dicilo.

**“O outro lado do sumidoiro” e “Valdemuller” foron dous libros teus que colleitaron importantes éxitos. Onde cres que está o segredo da súa boa aceptación?**


Son dous libros moi distintos. “O outro lado do sumidoiro” é moi fantástico. “Valdemuller” tamén é moi fantástico pero está máis cos pés no chan, na realidade. Creo que “Valdemuller” gustou moito aos rapaces, sobre todo ás rapazas. Gustoulles moito porque toca o corazón. É o primeiro libro no que eu me emocionei escribindoo. Ata ese momento pensaba que escribir libros era, pois iso, contar unha historia ben contada pero sen implicación persoal. Pero con “Valdemuller” foi a primeira vez que eu me impliquei persoalmente nun libro e que cheguei a contar cousas que a min me emocionan, me preocupan... Foi como dicir, isto é escribir, escribir coas tripas. É dicir, que che doían os libros, que sintas que iso que contas non é gratuíto, hai cousas aí que che removen

algo dentro. “O outro lado do sumidoiro” foi o primeiro, non o mellor porque daquela eu era moi novo, tiña todo por aprender pero para min ten un significado especial porque foi como o primeiro que permitiu todo o demais. Realmente toda a traxectoria é como unha escaleira, ti pos un chanzo e despois outro e outro... Pero para chegar ao ultimo, tivo que estar o primeiro. É un proceso, por iso o primeiro aínda que sexa unha experiencia que non está moi ben realizada ou que non está tan ben como os últimos, foi necesario para chegar aos demais.

**“María está a pinta-lo mar” é unha obra coñecida, é pequena pero está moi ben. Baséase en feitos reais?**

Si, é unha historia moi forte para min. A historia real foi que a min chamáronme para ir ao hospital, que daquela era o Xeral de Galicia. Estaba no antigo emprazamento, non no actual. Chamáronme para ir participar nun programa de radio que se estaba facendo desde a escola do hospital porque no hospital hai unha escola para os nenos que están alí ingresados moito tempo. Eu xa colaborara con eles algunha vez, contándolles un conto ou escribindolles algunha historia... Fun ao programa de radio e alí había unha nena que se chamaba María, vestida de andar pola rúa, tiña a cabeza pelada e estaba vestida cunha viseira. Contáballe á presentadora do programa cousas, falaba moi ben. Nun momento dado a presentadora preguntoulle cal era o seu maior desexo. E ela dixo que, ser protagonista dun libro. Entón quedouse así, despois

eu falei ca nena un momento e a profesora da escola, cando xa me estaba marchando, veu falar comigo e díxome, ti cando lle dicías a María iso de que lle escribirías unha historia falabas en serio? E dixen eu, si, pode ser. E dixo, pois se queres facelo, terá que ser canto antes, porque María está morrendo. E eu claro, non esperaba iso, vía que a nena estivera enferma, cun proceso de cancro pero tan chea de vida e de alegría que supoñía que xa se recuperara pero non era así. Para min foi moi forte, unha experiencia moi dura e moi bonita ao mesmo tempo. Estiven escribindo durante un mes esa historia que vedes que é pequeniña, pero levoume moito tempo. Porque eu empezaba e non sabía o que quería contar e tiña que volver empezar unha e outra vez... Total cando terminei a idea, só tiña que encadernar esa historia, non era para que saíra un libro senón para escribirlle unha historia a ela. Entón chamei a unha amiga miña, que é ilustradora, Noemí López, e explíqueille o que estaba facendo, que era para unha rapaza que estba enferma no hospital,



“Ti faríasme unha ilustración?” E ela dixo “Si, si. Mándame o texto”. Mandeillo texto e pedíume unha foto da nena, entón eu pedínlle á mestra do colexio que me dera unha foto e entregoume unha foto na que aparecía un can. Noemí nunha semana ilustrou un libro enteiro, non fixo unha ilustración, senón quince. Encadernouno como se fora un libro e fomos levarlo ao hospital. E claro, a sorpresa foi que a nena xa estaba practicamente en coma, xa non coñecía á xente. Quedamos como se nos deran unha labazada, non? Non esperabamos que nun tempo tan curto, unha nena que estaba tan chea de vida se puxera tan mal. Chegamos alí e dixéronnos que xa non coñecía á xente e dixemos “Pois nada, marcha mos”. E a mestra dixo, non, ide ao seu cuarto e falade con ela. E pasou algo impresionante, desas cousas impresionantes. Entramos, estaba súa nai e a nai, ao vernos entrar, botouse a chorar, porque xa sabía a que iamos e estaba desfeita, como é normal. Entramos alí e a nena estaba na súa cama.

Cama. Empezámoslle a falar e a contarlle cousas, puxémoslle o libro diante. E nese momento abre os ollos e dille a nai, ti sabes quen son estes rapaces? E ela di, si os que me fan facer un libro. E dixen, pois mira aquí tes o libro. Reincorporámola un pouco e empezamos a pasar as páxinas. Noemí pintara o seu can, e, claro, a nena que aparece no conto é ela e dicía, eu estou aquí. E eu “Claro querías estar nun libro”. E ela dixo “E peque está aquí tamén”. E eu “Si é que Peque é un can moi famoso en Galicia e aparece nos libros”. Ben a nena nunha semana recuperou moitísimo, empezou a comer outra vez, a moverse... estaban todos... E, claro, pasou unha semana así e á semana seguinte morreu. Iso foi un regalo que me fixo isto de escribir libros porque foi unha vivencia moi importante vivir a alegría que isto pode dar a unha persoa. E ademais é a alguén que estaba morrendo. Ela sabía que morría, esa nena sabía que estaba morrendo, era moi intelixente e tiña que sabelo. Foi unha historia que a todos os que a vivimos nos tocou moito porque é moi forte. Despois ao director do hospital interesoulle publicala e comentouno e nós dixemos que non había problema e ese ano polo Nadal a todos os nenos do hospital aparecelles o libro debaixo da almofada. Foi unha forma de que María continuase. Despois, curiosamente, a nai de María, imaxinade unha nai a que lle morre unha filla de once anos, pois estaba desfeita. Incluso tiña problemas psicolóxicos, é dicir, había cousas que non era capaz de admitir, por exemplo, non era capaz de admitir que a súa filla estaba no cemiterio e que como ela podía deixar a súa filla no cemiterio. Ela dicía “Pois non o entendo, collo un libro e leo e digo, pois non está no cemiterio, está no fondo do mar”. E ademais para min esa historia foi tamén moi curiosa, porque eu escribín un conto que quería ser fantástico. Quería evadir a nena da enfermidade e curiosamente o que fixen, e iso decateime cando o lin con ela por primeira vez, é que



eu estou contando a súa morte. É dicir, eu conto que a nena está enferma e que se quere ir do hospital, a forma que ten de irse do hospital e desaparecer un día e irse ao fondo do mar coas sereas é unha forma de contar a morte. Eu non me decatara. Toda esta historia aínda ten algo máis, hai dous anos unha alumna miña dime, ti escribiches “María está a pintar o mar” E eu, si liches ese libro? E díxome, si porque eu era amiga de María. É dicir, María xa estaría na universidade agora. E foi outra vez un golpe moi forte, como lembrar todo iso de golpe e sentir algo moi especial. Sempre que falo deste libro emocióname moito lembrar a alegría de María nesa semana, foi moi bonito.

**-Fuches redactor da revista “Tempos” e na actualidade dirixes a revista de literatura “Fadamorgana”. Que che gusta máis, escribir ficción, escribir artigos ou ter responsabilidades organizativas na revista?**

Todo elo é bo e con todo o pasas ben. Creo que o que máis me gusta é esa posibilidade de variar, de cambiar, de facer distintas cousas. Non estar facendo sempre o mesmo, iso é o que máis me gusta.

**-O teu compromiso coa literatura infantil e xuvenil concrétese tamén na túa participación en GALIX? Que nos podes contar respecto a esa asociación?**

Non, non teño nada que ver con GALIX. Tiven que ver no pasado, fun vicepresidente de GALIX en 1996, hai moitos anos pero agora non teño nada que ver con ese grupo. Pois non podo contar nada, porque non teño ningunha información sobre esa asociación.

**-Cal das túas obras coidas que foi a que máis lle leva gustado á xente?**

Se nos referimos a gustar, a vender exemplares, a que houbera moita demanda dese libro pois un deles foi "As cousas claras". É unha historia que lle gusta moito aos lectores adolescentes. Outra tamén "O armiño dorme" pero esta quizais lles guste máis aos adultos.

**-Es licenciado e Filoloxía Italiana, en que consisten eses estudos?**

Pois a Filoloxía Italiana estuda a lingua e a literatura italiana. É algo como a Filoloxía Galega que estuda a lingua e a literatura galega, a Filoloxía Hispánica que estuda a lingua e a literatura española.

**-A túa carreira universitaria tivo algo que ver co feito de que comezaras a escribir literatura de ficción?**

Non, non tivo nada que ver. Dalgunha maneira todo ten que ver porque ao final eu son eu mesmo en todas as posicións nas que teño que vivir pero non hai unha relación directa. É dicir, eu en Filoloxía teño estudado a outros autores, teño estudado a lingua. Claro que inflúe porque les e de pronto ves algo que che interesa pero non é unha relación directa.

**-Na actualidade es profesor na USC, gústache ese traballo? Debe de ser moi diferente do de escritor, non?**

Totalmente diferente. Eu nunca pensei que me gustaría dar clase. Eu traballei primeiro dez anos nun periódico despois xurdiu a posibilidade de dar clases na universidade e empecei así, como, por probar. Decía "Bah non sei se me vai gustar". Pero curiosamente gustoume, e moito. É unha oportunidade moi boa. Na universidade estás aprendendo continuamente, é curioso pero os que vamos aprender máis somos os que damos as clases, aprendemos dos propios alumnos e estamos estudando continuamente para intentar facelo un pouco mellor. É moi gratificante que che paguen por aprender, máis que por ensinar. Porque ti aprendes para despois poder ensinar algo e está moi ben. É un traballo que me gusta facer pero non ten nada que ver co tema da literatura.

**-Tamén es licenciado en Ciencias da Información, chegaches a exercer o xornalismo? E se non foi así, gustaríache dedicarlle parte do teu tempo a ese tipo de traballo?**

Si, exercín o xornalismo. Traballei na Televisión de Galicia, na *Voz de Galicia*, na revista *Tempos*. En total dediqueille uns quince anos ao traballo de xornalístico directamente,

a traballar en medios de comunicación.

**-Seguro que es un home moi ocupado ao que lle gusta facer moitas cousas pero que non dispón de tempo para todas elas. Que che gusta facer no teu tempo libre? A que non renuncias?**

Ben, estar cos amigos é importante para min. Ese contacto coa xente que me quere e que eu quero. Tamén me gusta estar en contacto coa natureza. Gústame levar a cabo algún proxecto que permita mellorar cousas desta sociedade, que non están suficientemente ben; colaborar nalgún proxecto deste tipo. A miña vida é moi sinxela, realmente non teño unha vida especial. Non é unha vida de estrela de cine, nin a queredría tampouco. A miña vida é o normal de cada día, soamente ten de diferente que chega a tarde ou a noite e cando estou libre, pois pónome a escribir. Pero outro en lugar diso vai facer deporte, queda coa moza ou sae cos amigos... Eu en vez de facer iso, escribo, pero non é nada extraordinario.

**-Que outra cousa che gustaría ser á parte de escritor?**

Cando era pequeno quería ser panadeiro, era algo que me gustaba moito. Porque tiña un tío de miña nai era panadeiro, tiña un forno e a min encantábame entrar no forno no verán cando ía calor e velo amasar alí. Eu dicía que quería ser panadeiro. Un verán estiven traballando na panadería, tiña eu trece anos e descubrín o duro que era ser panadeiro porque hai que levantarse de noite, estar traballando toda a noite, é moi duro. E outra cousa que me gustaría... pois non sei qué me gustaría. Hai cousas que admiro moito, por exemplo, os médicos cando son bos médicos. Esa posibilidade de salvar unha vida, de axudar unha persoa. Cando enfermamos, estamos moi preocupados, un médico pódete arranxar, aínda que non che poida axudar, dependendo de como che fale e de como sexa. Entón eu admiro moito os médicos. Se tivera outra vida, se cadra pensaba na posibilidade de dedicarme a ese ámbito pero non vai ser posible.

**-Que consello lle darías a alguén que quixera comezar a escribir?**

Pois ter paciencia, ler moito e deixar que as historias falen. Porque se tes unha historia dentro vai falar e vai quere dicirte como quere ela ser contada. Ter paciencia e ser observador, ollar o mundo desde outra perspectiva e escoitar a historia que levas dentro. Se a levas dentro realmente, acabarás escribíndoa.





INTERVIEW BY ...